



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xullo de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal, por ausencia do interventor xeral, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez, por ausencia da titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(593).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 20 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de xullo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(594).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA "FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS DE PELUQUERÍA Y ESTÉTICA DE GALICIA"(FEPEGA) PARA A ORGANIZACIÓN DOS "2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020". EXPTE. 18076/101.

Visto o informe xurídico do 21/07/2020 e o informe de fiscalización do 27/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2020, asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.(LSG)
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións (RLXS)
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno. (LTAIB)
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

INFORME.

A Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño resolveu que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención a favor da “FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS DE PELUQUERIA Y ESTÉTICA DE GALICIA” (FEPEGA) PARA ORGANIZACIÓN DOS “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020”.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha subvención polo procedemento de réxime directo, conforme ao artigo 28.1 e 28.3 da Lei 38/2003 e 26.1 e 26.2 a) da Lei de Galicia 9/2007 as condicións e compromisos da subvención se canalizarán a través dunha resolución de concesión directa.

Os artigos 28.3.a) da Lei 38/2003 e 26.2.a) da Lei de Galicia 9/2007 anteditos establecen a definición do obxecto da subvención con indicación do carácter singular da mesma e, as por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

Sendo as razóns principais da presente subvención as de carácter económico e de interese social que se detallan a continuación:

Entre as razóns de interese económico cabe suliñar que a cidade de Vigo conta na actualidade con mais de 700 establecementos comercias de peiteado e estética cunha media de 2.7 empregados por cada establecemento. Este feito supón que cerca de 2.000 profesionais dependan deste sector na nosa cidade.



Concello de Vigo

Vigo ofrece ademais unha ampla oferta de formación pública e privada para as persoas que deciden adicar o seu futura profesional ao campo da peiteado e a estética, FEPEGA aglutina ademais ás Asociacións de Peiteado e beleza das catro provincias galegas.

Os PREMIOS IMAXE son un punto de conexión profesionais que favorecen as sinerxías que fagan crecer, evolucionar un sector que ten unha ampla representación en Vigo. A cidade ademais de ser un referente de modernidade e transgresión cultural e ofrece un espazo axeitado para o desenvolvemento do evento con capacidade para 1.480 persoas que é o Auditorio Mar de Vigo. Por este motivo, e coa fin de incidir positivamente no desenvolvemento económico do sector do peiteado e incentivar aos distintos grupos profesionais vinculados a ela, escolleuse a cidade de Vigo para a celebración deste evento bianual.

As razóns de interese social quedan fundamentadas na implicación das asociacións de peitado e estética de Vigo integrantes en FEPEGA en numerosas accións solidarias de forma totalmente desinteresada. Entre estas accións destacan a súa colaboración coa Asociación Española Contra el Cancer (AECC) (Barberos solidarios, mechones solidarios, etc). Na actualidade traballan nun convenio cos Hermanos Pobres de Teis para facer traballos de peiteado e afeitado de xeito totalmente desinteresado.

Outro eixo de interese social é a motivación de promover dos xoves profesionais da cidade. Para elo existe unha categoría específica para menores de 25 anos. O certame é de balde para estudantes e formadores.

Conforme oa artigo 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007 as condicións e compromisos da subvención se canalizarán a través dunha resolución de concesión directa.

A definición do obxecto da subvención con indicación do carácter singular da mesma e as por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública segundo o establecido nos artigos 22.c) e 28.3.a) da Lei 38/2003 e os artigos 26.1 e 26.2.a) da Lei de Galicia 9/2007.

Sendo as razóns da presente subvención de carácter económico e social xa que a celebración dos PREMIOS IMAXE VIGO 2020 atende a unha realidade económica e socio-demográfica do sector.

Entre as razóns de interese económico cabe suliñar que a cidade de Vigo conta na actualidade con mais de 700 establecementos comercias de peiteado e estética cunha media de 2.7 empregados por cada establecemento. Este feito supón que cerca de 2.000 profesionais dependan deste sector na nosa cidade.

Vigo ofrece ademais unha ampla oferta de formación pública e privada para as persoas que deciden adicar o seu futura profesional ao campo da peiteado e a estética, FEPEGA aglutina ademais ás Asociacións de Peiteado e beleza das catro provincias galegas.

Os PREMIOS IMAXE son un punto de conexión profesionais que favorecen as sinerxías que fagan crecer, evolucionar un sector que ten unha ampla representación en Vigo.

Por este motivo, e coa fin de incidir positivamente no desenvolvemento económico do sector do peiteado e incentivar aos distintos grupos profesionais vinculados a ela, escolleuse a cidade de Vigo para a celebración deste evento bianual.

Neste ámbito FEPEGA organiza dende o ano 2017 na Cidade de Vigo os “PREMIOS IMAXE VIGO” co obxecto de poñer en valor a capacidade creativa e técnica da profesión. Un sector en que a innovación xunto coa formación son as chaves para o avance e a diferenciación.

As razóns de interese social quedan fundamentados na implicación das asociacións de peitado e estética de Vigo integrantes en FEPEGA en numerosas accións solidarias de forma totalmente desinteresada. Entre estas accións destacan a súa colaboración coa Asociación Española Contra el Cancer (AECC), (Barberos solidarios, mechones solidarios, etc). Na actualidade traballan nun convenio cos Hermanos Pobres de Teis para facer traballos de peitado e afeitado de xeito totalmente desinteresado.

Outro eixo social deste certame bianual é promover a motivación dos xoves profesionais da cidade. Para elo existe unha categoría específica para menores de 25 anos. O certame é de balde para estudantes e formadores.

Dende o ano 1992, a **“Federación de Empresarios de Asociaciones Peluquería y Estética de Galicia” (FEPEGA)** CIF G-15.425.119, vén realizando realizando funcións de representación do sector do peitado dende a súa sede en Ourense. Ao longo destes anos desenvolveu unha intensa actividade en campos como: a formación, a organización de eventos, exposicións e conferencias.

Entre os obxectivos fundamentais de FEPEGA atópanse o de potenciar o movemento asociativo dentro do sector, e defender os intereses empresariais dos salóns de peitado e beleza de Galicia, obxectivo que está presenta tamén na cidade de Vigo a través da “Asociación Profesional de Peluqueros de Señoras de Vigo”.

Entre os seus logros atópanse: a regulación do sector a través do Decreto 204/1999 de 2 de xullo polo que se regulan os requisitos mínimos esixibles para a apertura dos establecementos de peitado e estética, e a redución do iva no sector do peitado.

Con data 1 de xullo de 2020 a “Federación de Empresarios de Asociaciones Peluquería y Estética de Galicia” (FEPEGA) con CIF G-15.425.119 solicitou ao Concello de Vigo polo Rexistro Electrónico unha subvención por importe de 18.500 € para a organización dos “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020” .

Os “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020” tiveron lugar no Auditorio Mar de Vigo o 26 de xaneiro de 2020. A estrutura e características do certame atópase anexada no expediente. Así como as condicións para participar nas diferentes categorías do concurso.

É importante suliñar a presenza dos medios especializados no evento, así como a súa repercusión en prensa e redes sociais que permitiron ampliar a difusión e o alcance do evento. O uso das redes sociais xunto coa presenza de público xove permite achegar o evento a unha audiencia que non pode estar de xeito presencial no evento, xerando debates que o enriquecen e que fan que perdure a actividade durante un tempo mas aló do día do certame.

FEPEGA encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo a memoria de gastos e ingresos ascenderon a un total de 44.093,87 € euros, (segundo o presuposto que se achega a este expediente) sendo os conceptos subvencionados polo Concello algúns dos relativos á organización do evento tales como: servizos audiovisuais, photocall, rollers, frontes de stands, reportaxes fotográficos, refrixerios, deseño e creatividade da imaxe, persoal auxiliar de produción, elementos da montaxe, etc. O importe da achega económica do Concello ascende a 18.500,00 euros que se tramitará con cargo á aplicación presupostaria 9120 4890004 (outras subvencións) do vixente orzamento de Alcaldía. O Concello non asumiu máis obrigas respecto a esta actividade.

A presente resolución é unha das que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e



Concello de Vigo

que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que debe realizar as entidades e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados pola entidade para a realización das actividades.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da presente resolución de concesión de subvención e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. A vista das resolucións do Alcalde de 18/06/2019 e 26/06/2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20/06/2019, e previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Conceder unha subvención á favor da “Federación de Asociaciones de Empresarios de Peluquería y Estética de Galicia” (FEPEGA) co CIF G-15.425.119 para a organización dos “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020” que tivo lugar o día 26 de xaneiro no Auditorio Mar de Vigo.

2º.- Autorizar unha achega económica por importe de 18.500,00 € con cargo á aplicación presupostaria 9120 4890004 (outras subvencións) do vixente orzamento de Alcaldía.

3º.- A resolución de concesión directa de subvención queda suxeita as seguintes condicións e compromisos:

Primeiro.- O obxecto do presente subvención é establecer a relación entre a “**Federación de Asociaciones de Empresarios de Peluquería y Estética de Galicia**” (FEPEGA) CIF G-15.425.119 que desenvolveu o evento, e o Concello de Vigo para a organización dos “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020” cuxo programa figura neste expediente.

Segundo. - “**Federación de Asociaciones de Empresarios de Peluquería y Estética de Galicia**” (FEPEGA) CIF G-15.425.119 organizou os “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020” conforme ao Programa recollido neste expediente, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto da subvención, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente (trámite nº 36).

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención de concesión directa e que ascenden a 44.093,87 € e que se atopa anexado ao expediente (tramite nº 35).

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar a adecuada publicidade e difusión da actividade, facendo mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

7º.- Coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto desta subvención directa e do seu desenvolvemento.

8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Conceder á “FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS DE PELUQUERIA Y ESTÉTICA DE GALICIA” (FEPEGA) co CIF G-15.425.119 unha achega económica por importe de 18.500,00 euros, co obxecto de coadjuvar ao financiamento da programación, organización e execución dos “2º PREMIOS IMAXE VIGO 2020”

O Concello non asumiu ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución de concesión.

Cuarto.- Esta subvención é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade comunicou ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro desta resolución de concesión efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES 38 2080 5252 9330 4027 0271 da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidades beneficiaria puido subcontratar con terceiros ata un porcentaxe máximo do 80% do importe da actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Oitavo.- A beneficiaria tivo que dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Noveno.- En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Décimo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a “FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS DE PELUQUERIA Y ESTÉTICA DE GALICIA” (FEPEGA) co CIF G-15.425.119, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 10 de novembro de 2020, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente resolución de concesión, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta resolución de concesión. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- No caso de que a ENTIDADE opuxérase expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO comprobará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo segundo.- Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no vixente exercicio económico.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola unidade administrativa da Alcaldía. A Xefa da antedita unidade emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante.



Concello de Vigo

Décimo sétimo.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2020 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada A Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución de concesión de subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a unidade administrativa da Alcaldía. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Alcaldía..

Vixésimo primeiro.- A ENTIDADE cumpriu estritamente co Plan de Autoprotección do Auditorio Mar de Vigo, controlando a afluencia de público e respectando os seu aforo.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen e presente resolución de concesión de subvención; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(595).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 12917/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2020 asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 10415/111

Sentenza nº 255 do 22 de xuño de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4141/2017

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 29/12/2016 pola que se aproba definitivamente o orzamento para o ano 2017

Expte(s): 38-142

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio.

Os departamentos de Persoal e Intervención deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 11673/111

Sentenza nº 314 do 25 de xuño de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4343/2018

Demandante/Recorrente:

Obxecto: Contra a resolución ditada pola Secretaria Xeral para o Deporte de data 11/07/2018 sobre construción pavillón deportivo e proxecto de obras e reformas de complexo de atletismo.

Expte(s): 3562-443

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o noso recurso en relación coas obras nas instalación de atletismo de Balaídos e a desestima en canto ao Pavillón Deportivo de Matamá.

A sentenza, no principal, conclúe que os concellos non están lexitimados para solicitar (e obter) o inicio do procedemento da L.3/2016 en concordancia co ditame 142/2018 do Consello Consultivo de Galicia (e en contradición con actuacións anteriores).

O departamento de Deportes e a XMU deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre o eventual recurso de casación (perante o propio TSXG ao se tratar da aplicación de normas de dereito propio de Galicia).

3.- Social. Expediente nº 11839/111

TSX Galicia, Sala do Social



Concello de Vigo

Suplicación: 4556/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra determinación de continxencias incapacidade temporal.

Esta sentenza estima o recurso, revoga a sentenza de instancia e declara que a I.T. iniciada o 13/04/2018 deriva de accidente de traballo.

O departamento de Persoal e o de Seguridade-Extinción de Incendios deben coñecer o resolto.

Proc Orixe 517/2018, Xulgado do Social nº 1 Vigo, sentenza nº 483 do 20/11/2018, desestimatoria (comunicada na sesión da X.G.L do 03/05/2019)

4.- Social. Expediente nº 11939/111

Sentenza nº 236 do 3 de xullo de 2020

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 37/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: contratación servizo vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados arenais do Concello de Vigo.

Esta sentenza, que é firme, estima parcialmente a demanda do actor e condena á empresa a abonarlle ao traballador vinte euros, valor das zocas que deben empregar.

Este procedemento está relacionado cos promovidos polo persoal das adxudicatarias do contrato de salvamento e socorrismo do Concello de Vigo, no que, con idéntico representante, parte dos traballadores demandan horas extras, xornada, etc. Todos eles con absolución do Concello por falta de lexitimación pasiva.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

5.- Social. Expediente nº 12090/111

Sentenza do 26 de xuño de 2020

TSX Galicia, Sala do Social

Ordinario: 2817/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e reclamación de antigüidade, contrato de traballo coa empresa Emsebur, SL.

Contía: 4.744,47 €

A sentenza de suplicación do TSXG desestima o recurso interposto polo actor contra a sentenza de instancia, desestimatoria.

A Sala desbota a modificación dos feitos considerados probados por carecer de respaldo na proba practicada, así como a vulneración de dereito fundamental ningún pola denegación da práctica de proba. Con respecto ao último dos motivos, a Sala conclúe que presenta tales defectos de forma que non pode coñecer do recurso.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 12242/111

Sentenza do 18 de xuño de 2020

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4607/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra determinación da continxencia derivada de accidente de traballo,)traslado forzoso dende a sección de patrullas á emisora central da policía local).

Estima parcialmente o recurso de suplicación do actor e declara que "o período de incapacidade temporal iniciado o 12/09/2016 é derivado de accidente de traballo"

É moi importante o que no par. derradeiro do FD 6º se di.

O departamento de Persoal, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

Proc Orixe 356/2018 SS, Xulgado do Social nº 5 Reforzo, sentenza nº 302 do 03/04/2019 desestimatoria (comunicada na sesión da XGL do 18/07/2019)

7.- Social. Expediente nº 12268/111

Sentenza nº 175 do 25 de xuño de 2020

Xulgado do Social (Reforzo) nº 2 de Vigo

Ordinario: 443/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: diferenzas de salarios pola aplicación do convenio colectivo (-Vigo emprego 2018 - 2ª quenda.)

Expte(s): 34266-220

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

Os departamentos de Persoal e Emprego deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12291/111

Sentenza nº 303 do 22 de xuño de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 465/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: acordo da XGL ditado o 22/11/2018 que desestima R. Reposición en materia de calculo de gratificación por servizos especiais, exceso de xornada e abono de diferenzas retributivas.

Expte(s): 32938/220

Contía: (Indeterminada)

Resolve o recurso de apelación promovido polo Concello contra a sentenza de instancia, desestimándoo, con custas taxadas de oficio.

O Departamento de Persoal debe executar o resolto.

RCA Orixe 45/2019 PA, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, sentenza nº 217 do 31/07/2019, estimatoria (comunicada na sesión da XGL do 10/10/2019)

9.- Contencioso. Expediente nº 12350/111



Concello de Vigo

Sentenza nº 366 do 8 de xullo de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 518/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Decreto que autoriza ao xefe do Servizo de Extinción de Incendios para acordar a suspensión dos descansos do persoal, ata completar a dotación, segundo calendario anual de traballo

Expte(s): 108986/210

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só se podería interpoñer un recurso de casación, desestima o recurso de apelación.

A Sala desbotou os alegatos que se invocaron pola representación do Concello. Considera que o Acordo da Xunta de Goberno Local do ano 2010 non constitúe un acto firme que impida recurrir este decreto do 2019, porque a diferenza daquel, no do 2019 se inclúe a supresión dos descansos do persoal de bombeiros.

Recoñece a situación difícil do servizo no Concello de Vigo, pero que lle corresponde ao Concello regularlo e organizalo, e comparte xunto coa sentenza de instancia que se vulneran os artigos de varias normas legais sobre tempos de descanso e dereito á negociación colectiva, e a Directiva europea 2003/88/CE sobre tempo de traballo.

Tamén ratifica como proba do alegado polos demandantes o contido do informe dunha das técnicas de prevención de riscos laborais do Concello, no que segundo a Sala "la propia técnica recomendó que ningún bombero realizara horas extraordinarias".

O departamento de Persoal, a Xefatura de Bombeiros e a Xefatura de Área de Seguridade deben coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12352/111

Sentenza nº 350 do 1 de xullo de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 511/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: silencio administrativo polo que se desestima o recurso de reposición formulado contra decreto do 06/02/2019, en relación coa autorización de suspensión de descansos dos membros do Serv. de Extinción de Incendios.

Expte(s): 108986-210

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, fronte á que só é posible a interposición de recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza de instancia.

A Sala desbota os alegatos invocados, considerando que o Acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de maio do 2010 non é un acto firme que implique a inadmisión do presente recurso. Polo feito de que a sentenza de instancia non se pronunciou sobre esta inadmisibilidade, non se impoñen as custas.

Recoñece esta sentenza a difícil situación na que se atopa o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo, pero lle corresponde á administración municipal regular e xestionar o mesmo, e comparte coa sentenza de instancia que se vulneran varios preceptos legais

sobre tempos de descanso, negociación colectiva, e a Directiva europea sobre tempo de traballo do 2003.

Tamén ratifica como proba do alegado polos demandantes o contido dun informe dunha das Técnicas de Prevención de Riscos Laborais, no que segundo a Sala "la propia Técnica recomendó que ningún bombero realizara horas extraordinarias".

O departamento de Persoal, a Área de Seguridade e a Xefatura de Bombeiros deben coñecer o resolto e ter en conta o pronunciamento sinalado sobre as recomendacións dese informe de Prevención de Riscos Laborais.

11.- Civil. Expediente nº 12612/111
Auto nº 131 do 16 de xuño de 2020
Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de VIGO
Peza separada de medidas cautelares: 1247/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: extinción contrato de aluguer municipal en Elduayen nº 5

Resolve a apelación da demandante, desestimándoa con custas de oficio
O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto.

Proc. Orixe 1247/2019 MCP, Xulgado Primeira Instancia nº 10 Vigo, Auto do 13/01/2020 que declara a falta de competencia obxectiva do Xulgado, por corresponderlla aos Xulgados do Contencioso, da suspensión cautelar da execución da resolución do 05/12/2019, desaloxamento (comunicado na sesión da XGL do 24/01/2020)

12.- Contencioso. Expediente nº 12681/111
Sentenza nº 130 do 23 de xuño de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 36/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación económico-administrativa presentada por mor da autoliquidación polo concepto de imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana no local comercial sito na Avda. Camilias nº 88 E porta B.
Expte(s): 21478/514 - 4724/550

Esta sentenza firme desestima o recurso.
O TEA, a Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto

13.- Social. Expediente nº 12686/111
Sentenza nº 120 do 2 de xullo de 2020
Xulgado do Social nº 1 de Vigo
Ordinario: 105/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: recoñecemento do dereito e cantidades en concepto de complemento de IT recollido no art. 23 do convenio regulador, deixados de percibir con motivo da baixa por accidente de traballo (oficial sepultureiro).



Concello de Vigo

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda do actor, pola que pretendía o abono da nocturnidade, dos festivos e do complemento de produtividade atopándose en situación de incapacidade temporal.

A resolución considera, con base no acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, que as retribucións que corresponde abonarlle ao demandante conforme a dereito, sempre se abonaron. E as pretendidas requiren, pola contra, a efectiva acreditación da súa realización, cuestión que nunha situación de incapacidade, resulta imposible.

A Área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12687/111

Sentenza nº 142 do 7 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 21/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados ao local sito na rúa Álvaro Cunqueiro nº 29 por mor das obras de humanización.

Expte(s): 5843/243

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso sen impoñer custas.

A resolución desbota a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración polos danos supostamente causados no teito dun local de negocio durante a execución dunhas obras de humanización. Considera que non acredita o nexo causal.

Non resulta suficiente cos feitos indicados pola actora. Non constan danos noutros locais danados nas proximidades, e o propio demandante levou a cabo obras no local de negocio, sen indicar cal foi o seu período temporal, e tampouco se deixa constancia no informe de parte da calidade dos materiais. Por todo o cal, e ante a falta de proba, se desestima a demanda e a pretensión indemnizatoria. Figuraba como interesada a adxudicataria do contrato de obras.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 12699/111

Sentenza nº 140 do 3 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 35/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: denuncia do 13/10/2019 tramitada en expediente sancionador.

Expte(s): 2019/58984

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso contra procedemento sancionador en materia de tráfico.

A resolución considera axustada a dereito a actuación municipal, posto que o actor optou por abonar bonificadamente o importe da sanción, e renunciou á formulación de alegacións, polo que se entende que acepta os feitos. O Xulgador desenvolve a motivación deste criterio

con base no disposto na normativa en materia de procedementos sancionadores de tráfico, que se diferencia da xeral sancionadora administrativa.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12721/111

Sentenza nº 139 do 3 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 72/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra acordos ditados o 05/12/2019 polo TEA desestimatorios de reclamación económica administrativa sobre autoliquidación de IIVTNU.

Expte(s): 4990/550, 4995-550 E 4997-550

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso da parte demandante e condena á devolución, con xuros, das cantidades ingresadas en aplicación do tributo cuestionado (IVITNU).

Na resolución se expón a evolución da doutrina xurisprudencial trala STC do 2017, para concluír que no caso axuizado, se practicou unha proba pericial que acreditou que o valor dos terreos era inferior no momento da súa transmisión en verbo do da súa adquisición.

Ningunha das observacións recollidas polo TEAC na resolución impugnada son obxecto de pronunciamento na sentenza, rematando a sentenza coa imposición de custas ao Concello.

O TEAC e a Inspección de Tributos deben coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12727/111

Sentenza nº 146 do 30 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 75/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimacións das reclamacións económico-administrativas contra desestimación presunta da solicitude de anulación de autoliquidacións do IIVTNU.

Expte(s): 4994/550 - 4991/550 - 4992/550

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula os actos impugnados e as autoliquidacións e ordena devolver das cantidades aboadas como ingresos indebidos.

A Dirección de Ingresos-IIVTNU debe executar en tempo e forma.

18.- Contencioso. Expediente nº 12751/111

Sentenza nº 144 do 7 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 91/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución de data 13/01/2020 do recurso reposición interposto contra outra pola que se impón sanción por infracción de tráfico.

Expte(s): 2019/34511



Concello de Vigo

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso do actor, e confirma a actuación administrativa.

A resolución ditada en materia de procedemento sancionador de tráfico, pola comisión da infracción de non identificar ao conductor, estima que a notificación-publicación se practicou conforme a dereito, e que polo tanto, procede desestimar a demanda e confirmar o acto impugnado.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 12759/111

Decreto nº 11 do 23 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 89/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio negativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na vía pública.

Expte(s): 5987-243

Acepta o desistimento do actor (resolución expresa serodia E.P.)

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(596).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2020”. EXPTE. 201988/301.

Visto o informe xurídico do 21/07/2020 e o informe de fiscalización do 23/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 22.06.2020 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2020» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. No DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta norma, que entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación, modificou o Art. 47.3 do Decreto 99/2012, determinando unha modificación da estrutura dos módulos de financia-



Concello de Vigo

mento e unha actualización á alza das súas contías. O indicado Art. 47.3 quedou redactado da seguinte maneira:

«3. Para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €

Categoría profesional	Módulo
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, regúlanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostenemento doutros programas de actuación comunitaria.

A Concellería de Servizos Sociais está iniciando un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais, tendo dous proxectos previstos de inicio este ano. Por un lado, a rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa cun orzamento de 640.000,00€ e por outro, a rehabilitación do edificio sito en

rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso como Centro de formación de Benestar Social cun orzamento total de 693.360,00 €. O financiamento para estes investimentos deberá axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 que regula os servizos sociais e o seu financiamento. Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o Plan estratéxico de servizos sociais a día de hoxe seguen sen aprobarse por parte da Xunta de Galicia, e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, estes investimentos serán asumidos e financiados polo Concello de Vigo.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2020», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 201988/301 (2020).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo**.

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **12.118.237,50 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 1.085.639,00 €
-Mantemento: 2.731,89 €
-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 420.210,06 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 4.186.326,00 €

-Xestión de programas: 6.423.330,55 €
- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2020, na contía de **8.204.467,26 €**, que supón unha porcentaxe do **40,37%** sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar



Concello de Vigo

Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo Decreto de Delegacións de data 18 de xuño de 2019».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(597).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 18095/101.

Visto o informe de fiscalización do 27/07/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data,, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2020”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 22 de xullo de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 22 de xullo de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O 23 de xullo de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 24 de xullo de 2020 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 27 de xullo de 2020, reúnense a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. neste procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*” nin outorgarlle puntuación. Así mesmo “*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*”.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do



Concello de Vigo

apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 27 de xullo de 2020 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (18.095-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(598).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO LOTE DOUS DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 6370/241.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo, de data 14 de agosto de 2006 (PPT).
- Real Decreto de 24 de julio de 1889, Código civil (CC).
- Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal (LC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes



Concello de Vigo

lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo, así como o anteproxecto de explotación e das obras e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 21 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloyamar, S.A. e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. (en adiante PUENTES). Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

Terceiro.- En data 21 de xuño de 2007, D. Luis García Vegazo, actuando en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presentou escrito no que, tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersonal de resultar adxudicatario, solicita que “se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”.

Cuarto.- En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta á solicitude do concesionario mencionada no antecedente anterior, adoptou o seguinte acordo: *“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersonal) por así constar na proposición gañadora do concurso”.*

Quinto.- En data 10 de outubro de 2007 formalizouse o contrato con COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

Sexto.- En data 2 de xuño de 2008, por resolución da XGL se procede á aprobación definitiva dos proxectos construtivos dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como do aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

Sétimo.- As actas de comprobación de replanteo firmáronse en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro e Anexo de Residentes).

A construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente, Castelao e o anexo a Rosalía de Castro de residentes comezou o día seguinte da firma da acta de comprobación do replanteo.

A construción do aparcadoiro de residentes de Rosalía foi paralizada pola mercantil concesionaria sen solicitar autorización á administración municipal nin dar conta das súas causas.

Oitavo.- O aparcadoiro da Rúa Rosalía de Castro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a súa execución.

Antes de informar o proxecto do aparcadoiro, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das mesmas.

Noveno.- En data 14 de maio de 2009, D. Alejandro Amoedo Martínez, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., ante estas dificultades e co fin de evitar maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das mesmas, solicita ó órgano de contratación a modificación da traza do aparcadoiro reducíndoa, deixando fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, o que evitaría a realización da escavación en área.

Décimo.- En data 4 de decembro de 2009, a XGL, á vista de que o cambio de traza solicitado non implicaría custe económico para a facenda municipal por mor da renuncia formulada pola concesionaria, e en aras do seu deber de colaboración coa mesma, acordou a aprobar a modificación e solicitoulle a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza.

Undécimo.- En data 15 de decembro de 2009, D. Gonzalo Vázquez Rodríguez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta no Rexistro xeral deste Concello o proxecto modificado do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro. Detectado un erro no mesmo, en xaneiro de 2010, presenta unha separata ó proxecto modificado.

Duodécimo.- En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, tras aprobar as actas de comprobación dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e da Avenida Castela, acordou autorizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a apertura ó servizo público dos mesmos.

Décimo terceiro.- No mesmo ámbito que os aparcadoiros de Rosalía de Castro, se estaba desenvolvendo a Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2. O PCAP, co obxecto de evitar obras continuas en lugares próximos determina que “os aparcadoiros de (...) Rosalía de Castro e Anexo construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación” e impón a necesaria coordinación entre ambos. No entanto, debido o retraso que acumulaba o inicio das obras



Concello de Vigo

do aparcamento e a paralización do de residentes, a Xunta de Compensación, coa autorización municipal, procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón.

Á vista desta circunstancia, a concesionaria, pola súa propia iniciativa, sen rematar a tramitación necesaria para a aprobación do proxecto citado no antecedente duodécimo, presenta un novo proxecto en data 2 de agosto de 2011, que contemplaba unha nova redución de prazas.

Este proxecto proxecto construtivo foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas. O xefe territorial, en resolución de data 13 de febreiro de 2012, determina que *“a actividade de construción de aparcadoiro solicitado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008, de 12 de xuño”*.

Décimo cuarto.- En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou someter o proxecto do aparcadoiro de Rosalía de Castro mencionado no antecedente anterior ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental con carácter previo á súa aprobación. Neste mesmo acordo resolve denegar a solicitude de reequilibrio económico financeiro da concesión, formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., e requirirille a reanudación, no prazo dun mes, da construción do aparcadoiro de residentes anexo ó aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro con apercibimento de imposición de penalidades en caso de incumprimento.

Décimo quinto.- En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución, e se proceda a liquidación do contrato e o posterior pago das inversións realizadas e da indemnización correspondente ó importe da prestación deixada de realizar polo concesionario. Esta resolución é denegada por acordo da XGL de data 19 de abril de 2013.

Contra este acordo COCHERAS interpuxo recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza nº 58 do 25/03/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Esta sentenza foi apelada (rec. 4292/2014) ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Sala do Contencioso-Administrativo, na súa sentenza nº 757 do 02/10/2014 confirmou a de instancia.

Décimo sexto.- O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

Décimo sétimo.- Á vista da situación plantexada polo concurso da sociedade instrumental creada para a xestión dunha concesión de servizo público municipal, o órgano de contratación, entre as medidas adoptadas, en data 17 de abril de 2015, acordou “a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese público en

relación co servizo público de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato”.

En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L , que foron emitidos en datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, respectivamente. Dos devanditos informes desprendese a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada, e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato.

Décimo oitavo.- En data 26 de xuño de 2015, a XGL, acordou iniciar un procedemento para a modificación do contrato. Este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (punto 2º):

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

Décimo noveno.- En auto de 19 de novembro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña decretou a conclusión do concurso “porque ya no existe la situación de insolvencia”, consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

Vixésimo.- En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito manifestando:

1. A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:



Concello de Vigo

- Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS a 4.130.089. Extremo que acredítase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.
- Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
- Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

Vixésimo primeiro.- En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou tomar coñecemento da proposta de modificación e, previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº 82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato. Á vista do mesmo, o Concello de Vigo optou por non continuar coa tramitación da modificación do contrato.

Vixésimo segundo.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Vixésimo terceiro.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes. Esta solicitude de resolución foi denegada por acordo da XGL de 10 de agosto de 2017. Este acordo foi impugnado pola administradora concursal, que interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, nº 328/2017.

Este recurso foi estimado en sentenza de 6 de febreiro de 2019, que anula este acto e condena a esta Administración a “admitir a trámite la solicitud de liquidación del contrato de concesión y a continuar con su tramitación para finalmente resolver sobre su importe”.

Por Auto de 23 de abril do 2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 acordase a execución provisional da sentenza.

Esta sentenza foi obxecto de recurso de apelación, que foi desestimado por sentenza de 7 de xuño de 2019, da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A sentenza aínda non é firme por canto a Asesoría Xurídica municipal presentou escrito de preparación do recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

Vixésimo cuarto.- En auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acordase o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., así como a pechadura das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. Á vista do mesmo, o órgano de contratación requiriu a PUENTES, en data 1 de marzo de 2018, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da resolución, continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda". Este acordo foi notificado ao concesionario en data 2 de marzo.

Vixésimo quinto.- En data 1 de marzo de 2018, a XGL acordou *"Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibiéndolle de que en caso contrario, esta Administración procederá a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda"*.

Vixésimo sexto.- En data 5 marzo de 2018, a XGL acordou aprobar o Plan económico-financieiro da concesión do servizo público dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e Avenida de Castela elaborado por Seixas Invest. S.L., e presentado na data 27 de decembro de 2017, o expediente de contratación relativo á citada concesión e abrir a licitación da mesma.

O 18 de outubro de 2018 a XGL acordou adxudicar á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a concesión, fixándose un canon total anticipado de 3.444.000 euros.

A formalización do contrato, por imperativo da cláusula 60 do PCAP que rexe esta concesión, estaba sometida á condición suspensiva de resolución da concesión obxecto deste expediente.

A condición suspensiva foi levantada por acordo da XGL de 24 de xaneiro de 2020 e o contrato formalizado en escritura pública outorgada ante notario o día 5 de marzo de 2020.

As instalacións foron postas a disposición do concesionario en data 6 de marzo do 2020.

Vixésimo sétimo.- En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo



Concello de Vigo

de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

Vixésimo oitavo.- En data 27 de marzo de 2018, a XGL acordou:

1º.- Declarar o incumprimento de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, da súa obriga de explotación dos aparcadoiros, polos motivos expostos no fundamento xurídico terceiro do presente informe.

2º.-Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

3º.- Continuar, a partir do 1 de abril de 2018, e nas mesmas condicións, cos contratos que actualmente están en vigor celebrados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cos seguintes subcontratistas:

- Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado con Eulen, S.A., para os servizos de xestión de aparcamentos. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.*
- Contratos de datas 18 de novembro de 2010 e de 9 de marzo de 2015 celebrados con Prosegur Transportes de Valores, S.A., que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo nos aparcadoiros de Jenaro e Castelao respectivamente. O importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.*
- Contratos de data 1 de abril de 2015 celebrados con Parkare Group, S.L., de mantemento de equipos para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.*
- Contratos de data 1 de novembro de 2012 celebrados con Indra Sistemas, S.A., de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada, protección de incendios e detección de monóxido de carbono. O importe mensual deste contrato é 600 euros.*
- Contratos de data 10 de marzo de 2010 celebrados con Orona, Sociedad Cooperativa, de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitos na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.*

4º.- Autorizar o gasto para facer fronte a continuidade dos citados contratos no apartado anterior no mes de abril de 2018 para o cal existe consignación presupostaria na aplicación de nova creación 44122279900 "Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao".

5º.- Continuar cos contratos de subministracións de auga e electricidade aos aparcadoiros celebrados por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.

7º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o

presente acordo é definitivo en vía administrativa”.

Contra este acordo, COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A., e PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., interpuxeron sendos recursos contencioso-administrativos (nº 213/2018 e 228/2018, respectivamente) que foron acumulados e resoltos por sentenza 99/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de 30 de abril de 2020, que os estima, e declara contrarios ó ordenamento xurídico os puntos números 1 e 6 da resolución administrativa impugnada, polo que os anula e deixa sen efecto, condenando a esta Administración a estar e pasar por esta declaración.

Vixésimo noveno.- En data 30 de marzo de 2018, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, procedeu a entregar os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelaio ao Concello de Vigo. As actas de recepción dos mesmos incorporanse sendos informes do sr. xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, sobre o estado dos citados aparcadoiros.

Trixésimo.- En data 30 de agosto de 2019 a XGL acordou resolver o contrato e incoar procedemento para a liquidación do mesmo. Este acordo foi impugnado por:

- COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, SAU EN LIQUIDACION. Este recurso contencioso-administrativo, nº 281 /2019, foi resolto por sentenza 72/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, de 20 de abril de 2020, que o inadmite por incompetencia funcional do órgano xurisdiccional. Foi obxecto de recurso de apelación por COCHERAS. Na actualidade está en fase de oposición á apelación.
- PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. Este recurso contencioso-administrativo, nº 275 /2019, foi resolto por sentenza 100/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de 30 de abril de 2020, que o estima e declara contraria ó ordenamento xurídico a resolución administrativa impugnada, polo que a anula e a deixa sen efecto, condenando a esta Administración a estar e pasar por esta declaración. A sentenza foi recorrida en apelación polo Concello e está en fase de admisión.

Trixésimo primeiro.- En data 29 de xaneiro de 2020 a xefa do servizo de Transportes, responsable deste contrato, anexou a xestión de expedientes un informe técnico de valoración do estado de cada un dos aparcadoiros realizados, o de Castelaio polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Javier Zubia Fernandez, e o de Jenaro de la Fuente, pola empresa INSTRUMENTACIÓN CERODOSGE S.L e asinado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, Paula Padín Martinez. Estes informes periciais son informados favorablemente polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal o 4 de febreiro do mesmo ano.

Trixésimo segundo.- En data 18 de xuño de 2020 a xefa do servizo de Transportes, responsable deste contrato, anexou a xestión de expedientes un informe técnico de valoración das obras executadas en ambos aparcadoiros, realizados polo perito externo, Juan Carlos Fernández Giráldez, arquitecto técnico-enxeñeiro de edificación



Concello de Vigo

Trixésimo terceiro.- En data 8 de xullo de 2020, o Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal, emite informe técnico sobre a liquidación dos aparcadoiros.

En data 15 de xullo de 2020, a xefa do servizo de Transportes emite informe cunha proposta de liquidación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Do concurso

No suposto que nos ocupa, tan pronto comezou a explotación dos aparcamentos, e vendo que non xeraba os beneficios previstos, o concesionario non dubidou en solicitar o

reequilibrio económico da concesión. Este lle foi denegado en vía administrativa, e posteriormente en vía xudicial, tal e como se relatou no antecedente décimo quinto.

Ao pouco tempo solicitou un concurso de acredores, sen plantexarse sequera que este é un contrato de longa duración, 50 anos, e que durante os mesmos este experimentará diversas vicisitudes, uns anos a explotación será rendible e xerará beneficios, e outros ocasionaralle perdas. Se ben durante a substanciación do procedemento concursal o órgano de contratación acordou iniciar un procedemento para a modificación do contrato para evitar a súa resolución. Este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dunha serie de requisitos por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., socio único da sociedade instrumental concesionaria, que se resumen en levar a cumprimento o contrato por mor da falta de capitalización da sociedade matriz e a falta de liquidez do concesionario.

En auto de 19 de novembro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña decretou a conclusión do concurso “porque ya no existe la situación de insolvencia”, consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

A XGL previamente á adopción do acordo de modificación, remitiu o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº 82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato. Á vista do mesmo, o Concello de Vigo optou por non continuar coa tramitación da modificación do contrato.

Á vista desta circunstancia, e obviando que na súa oferta PUENTES asume compromisos de financiamento da súa instrumental (sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación), COCHERAS solicitou a declaración de concurso voluntario de acredores. Este foi declarado polo Xulgado do Mercantil número 1 de A Coruña en auto de data 20 de abril de 2017.

Por tanto, no momento de declararse o concurso o concesionario estaba nunha situación de incumprimento do contrato, ademais de polo incumprimento dos compromisos de financiamento, porque restaban por construír os aparcadoiros de Rosalía de Castro, un mixto de rotación e residentes e un so de residentes. Con relación ó primeiro destes aparcadoiros estaba a tramitarse a aprobación do proxecto e o expediente estaba pendente da achega polo concesionario da documentación que lle foi solicitada pola Xunta de Galicia no procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Con relación ó segundo, tiña comezado a execución e a abandonou, sen dar ningún tipo de explicación a este Concello. Neste momento a construción realizada está soterrada por canto ante o abandono da mesma, a Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2, ante a inactividade do concesionario, coa autorización municipal, procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón. Recordemos que o PCAP determina que “os aparcadoiros de (...) Rosalía de Castro e Anexo construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación” e impón a necesaria coordinación entre ambos. Se ben, debido o retraso que acumulaba o inicio das obras do aparcamento e a paralización do



Concello de Vigo

de residentes, a Xunta de Compensación, tivo que proceder a urbanizar. Así mesmo, o concesionario abandonou as súas obrigas de mantemento das instalacións dos aparcadoiros construídos. Con relación a falla de mantemento das instalacións constan sendos informes do sr. xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, sobre o estado dos aparcadoiros nas actas de recepción dos mesmos de data 30 de marzo de 2018.

Declarado o novo concurso, a Administración municipal xa non tivo ocasión de adoptar ningún tipo de medida fronte os incumprimentos citados, por canto, en data 7 de xuño de 2017, o Xulgado do Mercantil nº 1 de A Coruña, ditou auto declarando en concurso a COCHERAS OLIVICAS DE VIGO, S.A.U. Neste auto interviñéronse as facultades de administración da concesionaria e nomeouse administrador concursal.

-III-

Da resolución

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 73.2 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción.

En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 109 TRLCAP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 111 e 264 da TRLCAP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de concesión de obras públicas respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste tipo de contratos as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade concesionaria.
- b) A declaración de creba, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente fallido en calquera procedemento ou o acordo de quita e espera.
- c) O mutuo acordo entre entre o concedente e o concesionario.
- d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou as especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.
- e) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais.
- f) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.
- g) O secuestro da concesión por un prazo superior ao establecido como máximo sen que o contratista garanta a asunción completa das súas obrigacións.

- h) Demora superior a seis meses por parte do órgano de contratación na entrega ao concesionario da contraprestación, dos terreos ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- i) O rescate da explotación da obra pública polo órgano de contratación. Entenderase por rescate a declaración unilateral do órgano contratante, discrecionalmente adoptada, pola que dá por terminada a concesión, non obstante a boa xestión do seu titular.
- j) A supresión da explotación da obra pública por razóns de interese público.
- k) A imposibilidade da explotación da obra pública como consecuencia de acordos adoptados pola Administración concedente con posterioridade ao contrato.
- l) O abandono, a renuncia unilateral, así como o incumprimento polo concesionario das súas obrigacións contractuais esenciais.
- m) Calquera outras causas expresamente contempladas nesta ou outra lei ou no contrato.

Tras un exame das mesmas podemos deducir que no caso que nos ocupa, á vista do exposto no fundamento xurídico anterior, concorre o incumprimento pola sociedade instrumental e o seu accionista das súas obrigas contractuais esenciais por falla de cumprimento do financiamento así como de mantemento das instalacións e de falla de construción de dous aparcamentos dos incluídos na concesión.

No entanto, é preciso por de releve, tal e como se expuxo no fundamento xurídico anterior, que antes de que a Administración puidexe adoptar ningunha medida, o Xuíz do mercantil declarou en concurso á concesionaria. E como sabemos, o concurso desembocou en liquidación, o que acarrexou que os diferentes pronunciamentos xudiciais ditados en relación os acordos adoptados neste expediente consideren resolta esta concesión por ministerio da lei.

Isto é así porque a resolución, tanto dos contratos en Xeral, como do contrato de concesión de concesión de servizo público en particular, opera ope legis no caso de apertura da fase de liquidación nun procedemento concursal, tal e como sinala o artigo 112.2 do TRLCAP "(...) en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinarán sempre a resolución do contrato". Nesta liña, os diversos pronunciamentos xudiciais citados declararon a extinción da concesión. Postura coincidente coa doutrina xurisprudencial da Sala de Conflictos do Tribunal Supremo e mantida, así mesmo, polo Consello Consultivo de Galicia no seu Ditame nº 81/2016 evacuado neste expediente.

Determina a citada xurisprudencia que *"cuando la resolución es obligada, no queda a voluntad de la Administración declararla, sino que, como recoge el Auto de 3 de octubre de 2016, se impone por mandato de la ley al órgano concedente la obligación de resolver dicho contrato, sin posibilidad de optar entre exigir su cumplimiento o resolverlo. En última instancia, dicho mandato deriva directamente de la decisión del órgano judicial competente que inicia la fase de liquidación en el procedimiento concursal, pues es la consecuencia que anuda la ley a esa decisión y que imperativamente se impone a la Administración. Por tanto, cabe convenir que la apertura de la fase de liquidación produce siempre la resolución de la concesión, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 112.2 y 265.2 del TRLCAP"* (por todas, STS 5775/2016, de 15 de decembro de 2016).



Concello de Vigo

Como se pode colixir do exposto, tratase dunha causa de resolución sobre a cal a administración non ten marxe de apreciación ningún.

Sen embargo, é preciso ter en conta, asemade, que se ben o xuíz do mercantil declarou a resolución da concesión por concurso da sociedade instrumental, non podemos obviar que existe outra causa precedente de resolución do contrato, cal é o incumprimento, tanto polo accionista único como por aquela, de obrigas esenciais.

A lexislación aplicable a esta concesión carece de regulación para resolver a concorrencia de causas de resolución. Se ben o certo é que se existe unha doutrina consultiva (por todos Ditame do Consejo de Estado 408/2013, de 6 de xuño de 2013) e xurisprudencia consolidada, que sinalan que cando concorran varias causas de resolución aplicarase a primeira en presentarse no tempo. A estes efectos, podemos citar a Sentenza nº 45/2001 de 18 xaneiro, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid que di que *"Es cierto, como se afirma en la demanda, que la eventual concurrencia de varias causas de resolución de un contrato administrativo exige su decisión individualizada y en orden cronológico a su producción"*. E a primeira causa de resolución que concorre no caso que nos ocupa é a falta de cumprimento do accionista único de capitalizar a sociedade instrumental en caso de que esta incorrese en situacións de insolvencia e a da sociedade instrumental de reclamar a seu accionista o cumprimento das súas obrigas, así como a de manter as instalacións construídas e de construír os dous aparcadoiros de Rosalía de Castro incluídos no obxecto do contrato.

Neste intre procedimental no que a concesión xa está resolta por ministerio da lei xa non pode facerse valer a primeira causa de resolución acaecida no tempo, pero si é preciso ter en conta estes incumprimentos contractuais á hora de liquidar o contrato.

-IV-

Do procedemento de liquidación

O TRLCAP non regula, nin o procedemento de resolución, nin o procedemento de liquidación dos contratos. Con respecto ao primeiro remite á súa regulación a un posterior regulamento no seu artigo 112. O mesmo está regulado no artigo 109 do RLCAP.

Tampouco determina a lei se a liquidación do contrato debe efectuarse no procedemento de resolución ou noutro posterior. Limitase a establecer os efectos da resolución no artigo 113.

No entanto, da doutrina dos órganos consultivos parece deducirse que unha vez declarada a resolución do contrato, a liquidación poderá tramitarse nun procedemento posterior. Iso si, sempre que sexa preciso a determinación dos danos e prexuízos por non ser cubertos estes pola garantía incautada.

Así, o Ditame do Consejo de Estado nº 1956/2009, de 22 de decembro, di que *"En cuanto a las consecuencias de dicha resolución por incumplimiento culpable de la contratista, establece el artículo 113.4 de la LCAP que procederá la incautación de la garantía y la indemnización a la Administración de los perjuicios ocasionados "en lo que excedan del importe de la garantía incautada". Para calcular si existe tal exceso y cuál es su cuantía, deberá instruirse un expediente contradictorio"*.

Na mesma liña da STS 5775/2016 parece deducirse que a liquidación deberá efectuarse unha vez resolto o contrato, *“La última potestad reclamada por la Administración tiene como objeto la liquidación del contrato una vez extinguido por resolución. Ante todo, ha de precisarse que la cuestión planteada no versa sobre la atribución a la Administración de la potestad para liquidar el contrato concesional una vez resuelto, pues tal atribución resulta claramente de la legislación aplicable”*.

Con respecto aos trámites do procedemento de liquidación, será preceptiva a audiencia ao contratista, pois tal e como se sinala na citada doutrina, o expediente deberá ser contradictorio.

Como se ten dito, o procedemento de liquidación carece de regulación e non ten fixado expresamente un prazo de resolución. No entanto, no caso da liquidación da concesión de obras públicas, o artigo 266.1 do TRLCAP fixa un prazo de seis meses para a realización do cálculo da indemnización que corresponde ao concesionario polos investimentos realizados, excepto que no prego se fixe outro diferente, que non é o caso.

-V-

Da proposta de liquidación

Para realizar a liquidación do contrato hai que atender as regras fixadas pola normativa de aplicación.

Os efectos da resolución do contrato de xestión de servizos públicos están regulados no artigo 169.1 do TRLCAP que dispón que “Nos supostos de resolución, a Administración abonará, en todo caso ao contratista o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade de aquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que reste para a reversión”. Resulta tamén de aplicación o artigo 266 do TRLCAP que regula os efectos da resolución dos contratos de concesión de obras públicas, por remisión do artigo 158.2 do TRLCAP por tratarse dun contrato de concesión de servizos públicos con obra. Determina o citado artigo no seu apartado 1 que para todos os supostos de resolución, con independencia de cal sexa a causa que a motive que “Nos casos de resolución, o órgano de contratación aboará ao concesionario o importe dos investimentos realizados por expropiación de terreos, execución de obras e adquisición de bens necesarios para a explotación da concesión. A este efecto, o grao de amortización terase en conta en función do tempo restante para o prazo da concesión e o establecido no plan económico-financieiro. A cantidade resultante fixarase nun prazo de seis meses, salvo que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares. Se o concesionario contou entre os seus recursos con financiamento de terceiros, só se aboará o excedente despois de solventar as obrigas contraídas con aqueles”.

É preciso ter en conta, como xa se dixo que tamén son de aplicación os artigos 113 e o artigo 266.4.

O primeiro determina no seu apartado 4 que “Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, incautaráselle a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada”. O segundo, aplicable especificamente á concesión de obra pública determina que nos casos de resolución por causa imputable ao contratista incautárselle a garantía e deberá indemnizar á administración polos danos e prexuízos causados.



Concello de Vigo

É dicir, no presente caso, tras determinar a contía que correspondería aboar ao concesionario polos investimentos realizados é preciso minorala co importe correspondente aos danos e prexuízos que debe aboar a esta Administración, os cales faranse efectivos en primeiro lugar sobre a garantía definitiva.

No PCAP que rexe este contrato regúlanse os efectos da extinción na cláusula 41, tanto os aplicables calquera que sexa a causa de resolución, como os específicos segundo sexa a parte culpable da mesma ou se a extinción é acordada de mutuo acordo polas partes.

Como efectos aplicables calquera que sexa a causa da resolución sinala os seguintes:

1. A construción realizada e as zonas anexas reverterán á Administración (41.1).
2. O Concello abonará o contratista o prezo das obras que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade municipal, a tal efecto terase en conta o seu estado e o tempo que resta para a reversión. (41.2), se ben puntualiza que “en ningún caso se aboarán indemnizacións por conceptos diferentes ós expresados, como poden ser: gastos de constitución de sociedade, estudos, proxectos, dirección de obra, gastos financeiros, etc” (41.3).

E especificamente para o caso de resolución imputable á sociedade concesionaria determina que o Concello “procederá de forma inmediata a incautar a fianza constituída e determinará, a seguir, o importe dos danos e perdas causados que deberán ser soportados polo contratista” (41.4).

Finaliza a regulación da extinción cunha cláusula de peche que determina que “*No non contemplado neste artigo, en supostos de resolución, estarase ó disposto no art. 169 do TRLCAP*”.

É preciso por de releve que a vixente lei de contratos prevé no caso de resolución da concesión de obras por causas non imputables á Administración, como no caso que nos ocupa, no seu artigo 281 impón ó órgano de contratación a obriga de licitar novamente a concesión. Esta se realizará mediante subasta á alza sendo o único criterio de adxudicación o prezo. O valor da concesión, será o de adxudicación da licitación. E no artigo seguinte determina o tipo de licitación. É o que a doutrina denomina contrato de reemplazo. Simultaneamente se liquida o contrato resolto e se adxudica de novo e a Administración non ten que facer un desembolso senón que co produto da adxudicación do novo contrato aboa as obras.

Tal e como sostén algún sector doutrinal esta normativa podería aplicarse os contratos de concesión que se rexen pola normativa anterior. Así, por exemplo, Ignacio Calatayud Prats di, no artigo “Riesgo y efectos de la resolución por incumplimiento del contratista de las concesiones de obra y servicio público: la liquidación del contrato (RPA) y la indemnización de daños y perjuicios”, publicado no número 44 de la Revista General de Derecho Administrativo (Iustel, enero 2017) 271 bis y 288 del TRLCSP sostén que:

“la única diferencia entre la actual regulación con la introducción del artículo 271 bis , y la anterior regulación, es que la actual establece en un solo procedimiento y de forma obligatoria la necesidad de subastar una operación de reemplazo, mientras que en la anterior la forma de proceder a la liquidación y computo de los daños y perjuicios no estaba reglada.

En efecto, si bien es cierto que el artículo 271 bis y el procedimiento que en el mismo se regula, no es de aplicación obligatoria a los expedientes de contratación iniciados con

anterioridad a la entrada en vigor de la misma, sin embargo, a las concesiones adjudicadas con anterioridad y que hayan sido resueltas por causas imputables al concesionario sí que le son de aplicación los efectos de la resolución y, en concreto, la liquidación y el resarcimiento de los daños y perjuicios.

En concreto, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 271 apartado 1 del TRLCSP, antes de la reforma introducida por el Ley 40/2015 , dentro del plazo de seis meses la Administración estaba obligado a abonar (restituir) al concesionario el importe de las inversiones realizadas por razón de la expropiación de terrenos, ejecución de obras de construcción y adquisición de bienes que sean necesarios para la explotación de la obra objeto de la concesión. Ahora bien, igualmente, y de conformidad con el apartado 4 del artículo 271, cuando el contrato era resuelto por causa imputable al concesionario debía indemnizar a la Administración los daños y perjuicios ocasionados.

De este modo, en las concesiones a las que no es de aplicación el nuevo artículo 271 bis , es absolutamente viable que la Administración en caso de resolución del contrato por causa imputable al concesionario inicie, una vez resuelto el contrato, un segundo procedimiento destinado a liquidar el contrato y a cuantificar los daños causados a la Administración por la resolución mediante una operación de reemplazo.

De hecho, tal y como se desprende de la teoría general del contrato, una forma sencilla de calcular y de probar los daños sufridos estriba en acudir a un contrato de reemplazo. Una vez realizado el contrato de reemplazo y determinados los daños ocasionados a la Administración por el concesionario incumplidor ésta puede compensar la cuantía de los mismos con el valor patrimonial de las inversiones que debe restituir al concesionario.

En definitiva, independientemente de que con anterioridad a la introducción del artículo 271 bis , el TRLCSP no regulara una vía obligatoria y determinada para el cálculo y determinación de la indemnización, no significa que no sea perfectamente posible que la Administración acuda a una operación de reemplazo en los mismos o similares términos que los establecidos en el artículo 271 bis , para fijar la indemnización que el concesionario ha de abonar a la Administración y, compensar dicha cifra con la resultante de la liquidación”.

É preciso ter en conta á hora de liquidar este contrato, que esta Administración, co fin de poder facer fronte á liquidación do presente contrato, licitou de novo os aparcadoiros. A realidade é que, no ano 2018, as construcións por mor da crise e da falla de mantemento das instalacións polo concesionario tiñan un valor moi inferior ó de construción, o que orixinou un dano a esta Administración, que é preciso ter en conta á hora de liquidar o contrato.

Esta Administración co obxecto de determinar o importe das obras executadas encargou:

- Informes técnicos de valoración do estado de cada un dos aparcadoiros realizados, o de Castela polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Javier Zubia Fernandez, e o de Jenaro de la Fuente, pola empresa INSTRUMENTACIÓN CERODOSGE S.L e asinado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, Paula Padín Martinez.
- Informe técnico de valoración das obras executadas en ambos aparcadoiros, realizados polo perito externo, Juan Carlos Fernández Giráldez, arquitecto técnico-enxeñeiro de edificación.

Os primeiros teñen por obxecto determinar o presuposto de execución das obras de reparación dos desperfectos dos aparcadoiros na data na que foron entregados ó concello por mor do incumprimento polo concesionario da súa obriga de manter en perfecto estado de conservación as instalacións. A cláusula 32 do PCAP imponlle en caso de incumprimento da mesma a de responder dos deterioros.



Concello de Vigo

Efectivamente, a cláusula 32, que regula as obrigas do concesionario determina entre outras as seguintes:

1.e “Manter e conservar as instalacións afectas ó servizo público obxecto de concesión, dentro das condicións establecidas no presente Prego e no de Prescricións Técnicas Particulares, seguindo as indicacións que lle efectúe o Concello, realizando pola súa conta tódalas obras de conservación e mantemento e cantos gastos sexan necesarios para elo, respondendo mesmo dos deterioros producidos polos usuarios”.

O segundo informe trata de determinar o custe de execución dos aparcadoiros no momento no que foron construídos.

Con respecto a estes informes, foi emitido informe de valoración polo Xefe da oficina de supervisión de proxectos e asistencia municipal:

“Ambos informes estruturase en dous apartados cada un deles, en unha parte efectúase unha modelización dos aparcamentos existentes na actualidade, para o que se utiliza un láser escaner de alto rendemento co que se obtén combinado con fotografías e toma de puntos, os datos para posteriormente efectuar unha modelización de ditos espazos, efectuando as correccións que se sinalan con detalle precisión en cada un dos informes y de esta forma se obtén a realidade do espazo executado.

Un segundo apartado de ambos informes, efectúase previa a descrición de danos observados, acompañados de documentación gráfica, dos que se determina que son claramente debidos a unha falta de mantemento dos locais. Unha vez descritos e determinados con detalle cada unha das deficiencias observadas, propoñen as solucións técnicas necesarias para deixar ditos aparcamentos nun correcto estado de funcionamento e estanco aos axentes externos.

Como complemento a estes aspectos, nos informes técnicos realizados, efectúase unha valoración minuciosa de cada un dos aspectos que motivan o mesmo. Por un lado efectúase unha valoración de obra executada e seu comparativo co proxecto aprobado, apreciando que a obras executadas segundo a modelización no seu conxunto presentan unha serie de diferencias as cales se lles aplica unha valoración a data de hoxe. No aspecto de falta de conservación e mantemento efectúase en ditos informes un desglose de cada un de ditos detalles (...)

En segundo lugar, tomando como base o proxecto aprobado no seu día, así como as comprobacións efectuadas in situ, por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Juan Carlos Fernández Giraldez presentase informe con sinatura dixital de data 16/06/2020, no que se efectúa unha valoración coas correspondentes correccións e axustes as obras, e tomando como base a propia experiencia, a cal complementa coas bases de datos do mercado, no referente a os costes unitarios os que enumera no informe, para os anos 2006 a 2009, elabora a correspondente valoración dos aparcadoiros na súa fase construtiva”

Para o calculo da indemnización minoráranse do importe do prezo das obras executadas polo contratista os seguintes conceptos:

- O valor da amortización das mesmas á data na que se entregaron as instalacións ó Concello, tal e como consta no Plan Económico Financeiro (PEF).
- O valor de reposición dos bens o estado de conservación que correspondería se o contratista tivese cumprido coas súa obriga de mantemento e conservación.

Así mesmo, dado que existen incumprimentos contractuais de obrigas esenciais, o concesionario deberá indemnizar ó Concello os danos e prexuízos que lle ocasionou a resolución do contrato.

Partindo destas premisas, a responsable do contrato emite informe no que propón a seguinte liquidación do contrato:

“B) VALORACIÓN LIQUIDACIÓN

1.- VALORACIÓN INVERSIÓN

Procedese a valoración dos aparcadoiros da avenida de Castelao e rúa Jenaro de la Fuente por ser os únicos construídos, xa que non se iniciou a construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I , e o de Rosalía de Castro II (residentes) iniciouse , pero volveuse a aterrizar por parte da concesionaria.

Do examen dos informes solicitados polo Concello para a valoración das deficiencias de construción apreciadas, comprobouse que os planos do proxecto executado aportados pola empresa concesionaria non son coincidentes coas obras realmente executadas, sendo menor a obra construída.

Comoqueira que os datos de valoración da construción dos aparcadoiros, considerados en anteriores informes, foron facilitados pola empresa concesionaria debido a que as obras foron executadas por empresas do grupo, considerouse necesario aos efectos de realizar a liquidación do contrato, unha comprobación da valoración da construción por un técnico independente polo que foi contratado polo Concello, un informe de valoración dos activos na súa fase construtiva,

Dito informe foi realizado por D. Juan Carlos González Giraldez, enxeñeiro de edificación cos seguintes resultados :

		Castelao	Jenaro de la Fuente
Execución material (1)		5.392.656,62	7.359.889,17
GG:	13,00%	701.045,36	956.785,59
B.I.	6,00%	323.559,40	441.593,35
Total		6.417.261,38	8.758.268,11
IVE	16,00%	1.026.761,82	1.401.322,90
Total		7.444.023,20	10.159.591,01

2.- VALORACIÓN DEFICIENCIAS E OBRAS NON EXECUTADAS

Así mesmo e ante as deficiencias observadas con anterioridade a recepción polo Concello na data 31 de marzo de 2018 dos dous aparcadoiros construídos, foron contratados dous informes técnicos sobre o estado dos mesmos:

- Informe do parking de Castelao, realizado por D. Javier Zubía Fernández, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos



Concello de Vigo

- Informe do parking de Jenaro de la Fuente, realizado por Dona. Paula Padín Martínez, Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos

Nos informes emitidos emítense valoración sobre as deficiencias observadas nos dous aparcadoiros, así como a valoración das obras non executadas en relación cos planos do proxecto executado obrantes no Concello.

		Castelao	Jenaro de la Fuente
Execución Material Deficiencias		326.033,45	333.126,72
Execución Material obras non executadas		48.468,41	237.230,08
Total (2)		374.501,86	570.356,80
GG:	13,00%	48.685,24	74.146,38
B.I.	6,00%	22.470,11	34.221,41
Total		445.657,21	678.724,59
IVE	21,00%	93.588,01	142.532,16
TOTAL		539.245,23	821.256,76

3.-IMPORTE VALORACION EXECUCIÓN MATERIAL INVESTIMENTOS MENOS VALORACIÓN DEFICIENCIAS E VALORACIÓN OBRAS NON EXECUTADAS

Por tratarse dunha liquidación indemnizatoria o calculo da liquidación realizase sobre o importe da execución material tanto na valoración da inversión como na valoración das deficiencias e a obra non executada :

	Castelao	Jenaro de la Fuente
Execución material (1)	5.392.656,62	7.359.889,17
Deficiencias de construción e obras non executadas(2)	374.501,86	570.356,80
1-2	5.018.154,76	6.789.532,37

Polo que o valor de execución material dos aparcadoiros estimase en 11.807.687,13 €

4.-AMORTIZACIÓN

A amortización calculase sobre a valoración da execución material menos a valoración das deficiencias e as obras non executadas, e durante o período comprendido ente a data de posta en funcionamento doa aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao, 4 de novembro de 2010, e a data de asunción da xestión polo Concello, 31 de marzo de 2018.

	Castelao	Jenaro de la Fuente
Valoración execución material	5.018.154,76	6.789.532,37
Amortización anual 50 anos	100.363,10	135.790,65

Amortización mensual	8.363,59	11.315,89
Amortización 04/11/2010 hasta 30/03/2018	744.359,62	1.007.113,97
Total pendiente de recuperar	4.273.795,14	5.782.418,40

Polo que o valor de execución material dos aparcadoiros pendente de amortizar estimase en 10.056.213,54 €

5.-LIQUIDACIÓN

Para efectuar a liquidación deben considerarse os perxuicios causados a este Concello pola resolución anticipada do contrato.

Así mesmo debe considerarse o seguinte:

A) CANON DO NOVO CONTRATO :

Una vez recuperados os aparcadoiros e ante a imposibilidade de xestión directa polo Concello a falta de persoal cualificado para elo, o Concello aprobou a licitación polo procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente y avenida de Castelao.

Con carácter previo a licitación solicitou un estudo de viabilidade económica da concesión a Seixas Consultora, que valorou o canon durante todo o período da concesión (25 anos) en 3.000.000 €.

O contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018, a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. En dito contrato foi ofertado un canon anticipado polo axudicatario de 3.444.000 € .

B) VALOR RESIDUAL DA CONSTRUCCIÓN:

O prazo da concesión adxudicada e de 25 anos, polo que entre o período anterior e este período non se agota o período dos 50 anos inicial previsto, polo que debe computarse a efecto da liquidación o valor residual .

Período de xestión Cocheras Olivicas de Puentes S.A U: 7 anos e 5 meses

Período de xestión municipal: 1 ano e 11 meses

Período de concesión actual: 25 anos

Resto até os 50 anos: 15 anos e 8 meses o que supón un 31,33% do período de 50 anos.

Anterior concesión, 7 anos e 5 meses,

Período xestión municipal, 1 ano e 11 meses

Período da concesión actual . 25 anos

Período restante, 15 anos e 8 meses

Valor residual*:

31,33 % da valoración de execución 11.807.687,13 €

3.699.348,38 €



Concello de Vigo

C) CONCLUSIÓN

Valor de la inversión pendiente de recuperar por la concesionaria	10.056.213,54 €
Valor recuperado e/ o a recuperar polo Concello :	
Canon nova concesionaria	3.444.000,00 €
Valor residual do ben unha vez que se extinga a concesión	3.699.348,38 €
Danos e perxuicios causados a administración	2.912.865,16 €
IMPORTE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO	7.143.348,38

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Incoar expediente de liquidación do lote 2 do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo.

2º.- Dar trámite de audiencia ao Administrador concursal, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U. En liquidación por prazo de quince días naturais, sobre a proposta de liquidación: a liquidación do contrato formulada pola responsable do contrato e recollida no fundamento xurídico V.

3º.- Iniciar expediente de modificación presupostaria para facer fronte á execución da sentenza nº 36 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 6 de febreiro de 2018, no momento no que o crédito sexa executivo.

4º.- Notificar este acordo, ao avalista e os acredores, concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(599).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE ESTACIONAMENTOS REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 6478/241.

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PPT).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de decembro de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso aberto para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER" (expediente 72171-210), os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 23 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a DORNIER, S.A. O contrato formalizouse en data 14 de xuño e comezou a súa execución en data 4 de setembro do mesmo ano.



Concello de Vigo

Para responder da execución do contrato DORNIER S.A, constituíu en data 7 de xuño de 2007 a garantía definitiva para responder deste contrato mediante aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, la Caixa, nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros. Rexistrado no Rexistro especial de avales co nº de aval 9340.03.0830819-74.

Terceiro.- En data 14 de abril de 2008, a XGL adoptou un acordo de modificación das melloras ofertadas polo adxudicatario.

Cuarto.- A adxudicación foi impugnada polas mercantís ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. (EYSSA) e SETEX-APARKI, S.A., primeiro en vía administrativa, sendo desestimados os recursos de reposición, e logo na vía xurisdiccional. Os recursos contencioso-administrativos foron acumulados e resoltos pola Sentenza nº 328/09 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de 14 de decembro, que os desestimou. Esta sentenza foi apelada por EYSSA ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación nº 004129/10). Este recurso foi resolto pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-administrativo Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 285 de 17 de marzo de 2011, que foi obxecto de Auto de aclaración de 23 de febreiro de 2012.

Esta sentenza estima o recurso de apelación de EYSSA, revoga a sentenza da instancia, anula o acto recorrido e no fundamento xurídico 6º resolve a retroacción do procedemento (polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos 4º e 5º: a oferta era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que DORNIER ofertaba como mellora a renovación anticipada).

O fundamento xurídico 7º desta sentenza faculta ó Concello para optar pola substitución da retroacción pola convocatoria dunha nova licitación se esta segunda opción fose de interese público polo tempo transcorrido entre a presentación das ofertas e a sentenza que podería supor que o contido técnico das mesmas resultase obsoleto.

Quinto.- En orde a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 17 de marzo de 2011, incoáronse sendos expedientes:

- 4055-241 relativo á execución da sentenza.
 - 4056-241 relativo á liquidación do contrato de xestión do servizo público de estacionamento mediante expendedores de tickets na vía pública.
- Durante a tramitación deste último expediente realizáronse, entre outras, as seguintes actuacións:
- Evacuouse un trámite de audiencia a DORNIER, S.A., que presentou unha proposta de liquidación do contrato no Rexistro Xeral deste Concello en data 14 de abril de 2012.
 - Emitiuse informe de inspección técnica da proposta de DORNIER polo enxeñeiro técnico municipal e o inspector, en data 14 de xuño de 2012.
 - Informe do xefe da área da área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de 30 de xuño de 2012.
 - Informe do xefe da área de Investimentos, de 28 de setembro de 2012.
 - Actualización da proposta de liquidación emitida o 14 de abril de 2012, presentada por DORNIER o 25 de marzo de 2014.

Sexto.- O Concello, das opcións previstas na citada sentenza para a súa execución, optou pola incoación dun novo expediente de contratación. Así, a XGL, en data 6 de maio de 2016, aprobou o expediente 90514-210, se ben, tras a estimación parcial dun recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares modificouno en data 28 de outubro de 2016.

O procedemento foi adxudicado a DORNIER, S.A., por acordo da XGL de 21 de decembro de 2017. A execución do novo contrato comezou o 1 de xuño de 2018.

Sétimo.- En data 27 de maio do 2016, a providencia do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, declara executada a sentenza tras a aprobación pola XGL do expediente de contratación e a apertura da licitación.

Oitavo.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo en tanto non se adxudicaba o novo contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 366/2018, que rematou coa Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 278 do 12 de novembro de 2019, que desestima o recurso. A sentenza non foi recorrida e declarouse firme por dilixencia de ordenación de data 11 de decembro do 2019.

Noveno.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento da obriga de liquidación do contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 365/2018. O procedemento rematou con Sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020. Esta estima a demanda, declara contraria ao ordenamento xurídico a inactividade administrativa e anúlala. Condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato". Se ben desestima (FD 4º in fine) o pedimento de xuros por mora. A sentenza non foi recorrida e foi declarada firme mediante dilixencia de ordenación de 26 de febreiro do 2020.

Décimo.- En data 15 de xullo de 2020, o xefe de área de Seguridade informa sobre a liquidación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER" para a pode cualificarse como contrato de concesión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).



Concello de Vigo

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

-II-

Da nulidade

O presente informe ten por obxecto a execución da Sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020, que condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato" da Xer. Esta liquidación trae causa da declaración da nulidade do contrato pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 17 de marzo de 2011.

Esta declara nula a adxudicación a DORNIER da concesión de servizos para a xestión do aparcamento regulado en superficie na vía pública. Xustifica esta declaración nos fundamentos xurídicos 4º e 5º no feito de que a oferta era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que DORNIER ofertaba como mellora a renovación anticipada, sendo así que a reversión era obrigada por imperativo legal, tal e como prevía o artigo 164 do TRLCAP. E así tamén o recollía a cláusula 23 do PCAP.

A nulidade é un dos supostos de ineficacia dun contrato.

En dereito civil coa expresión "ineficacia do contrato" faise referencia a todos os casos nos que o contrato non despreza os seus efectos. Isto pode acontecer por causas intrínsecas ou extrínsecas ó mesmo. No primeiro caso falaríamos de invalidez do contrato e no segundo de ineficacia en sentido estrito.

A súa vez, dentro da invalidez do contrato podemos diferenciar dúas categorías: nulidade absoluta e anulabilidade. A diferenza entre ambas é que, a nulidade absoluta ou de pleno dereito, priva de eficacia xurídica á relación contractual ab initio. Isto é, o contrato nulo non produce efecto ningún desde o seu inicio. A nulidade é automática e definitiva, o paso do tempo non a subsana, e se pode exercitar a acción para declarala en calquera momento, posto que non caduca nin prescribe. Pola contra, os actos anulables inicialmente desprezan os seus efectos ata que sexan declarados nulos e poden ser convalidados polo transcurso do tempo ou subsanando o vicio ou defecto de que adolecen. A acción para declarar a nulidade dun contrato está suxeita a prazo e prescribe.

A nulidade prodúcese cando o contrato é contrario ás normas imperativas ou prohibitivas, o cando carece dalgún requisito esencial para a súa validez.

Esta doutrina é plenamente aplicable ós contratos administrativos. Na normativa de aplicación a este contrato, o TRLCAP, a nulidade dos contratos está regulada no artigo 65. Dispón este artigo:

“1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios sólo afectará a éstos y sus consecuencias.

3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio”.

Declarada a nulidade do contrato que nos ocupa pola citada sentenza do TSXG procede a súa liquidación, tal e como dispón a sentenza 40/2020.

-III-

Do procedemento de liquidación

A liquidación dun contrato implica o calculo dos importes ou compensacións que deben realizarse entre sí as partes. Para determinar as mesmas, é preciso incoar un expediente de liquidación. Este deber ser contraditorio, polo que é necesario evacuar trámite de audiencia ó interesado para que manifieste o que o seu dereito conveña antes de formular a proposta de liquidación ó órgano competente.

DORNIER, presentou unha proposta de liquidación do contrato que foi actualizando varias veces ó longo dos últimos anos. Esta liquidación do contrato non pode admitirse por canto liquida o contrato como se fose un caso de resolución. En caso de nulidade o contrato non existiu nunca, polo que non pode liquidarse como se se tratase dun contrato válido que despois se resolve, senón que deberá aplicarse o disposto no artigo 65.1 do TRLCSP. Porque se ben é certo que a mercantil prestou o servizo, o fixo, non en execución do contrato, senón en aplicación do disposto no artigo 65.3 do TRLCSP que dispón en caso de nulidade a continuidade dos efectos do contrato para evitar trastornos ó servizo público.

Ante a demora da Administración na liquidación do presente contrato, DORNIER interpuxo sendos recursos contencioso-administrativos con relación a inactividade do Concello de Vigo, un referido á falta de liquidación do contrato e outro referido ó incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo en tanto non se adxudicaba o novo contrato. Como sabemos o primeiro foi estimado e o segundo desestimado por sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, e nº 278/2019 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo respectivamente.

A sentenza nº 40/2020, obxecto de execución, analiza as consecuencias da declaración de nulidade da adxudicación nos fundamentos xurídicos terceiro e cuarto. Fixa os seguintes parámetros para a liquidación deste contrato:



Concello de Vigo

1. Para a liquidación resulta de aplicación o artigo 65, relativo os contratos nulos e non o artigo 110.4 que regula a liquidación dos contratos en caso de resolución, tal e como pretende o contratista. E o xustifica dicindo que *“La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho (...) La nulidad del contrato significa una situación patológica del acto administrativo, caracterizada porque faltan o están viciados algunos de sus elementos, y al estar afectado de un vicio especialmente grave, no debe producir efecto alguno, lo que se traduce en la inexistencia de las obligaciones contractuales antes citadas, mientras que la resolución del contrato supone el ejercicio de una potestad o prerrogativa que el Legislador otorga a la Administración para dejar sin efecto unas obligaciones perfectamente válidas”*. A aplicación do artigo 65 determina que cada parte deberá restituirse as cosas que tivese entregado para a execución do contrato, tendo en conta que *“La restitución sólo debe comprender el valor de la prestación realizada, lo que incluye sus costes efectivos, pero sin que quepan los demás resarcimientos propios de un contrato válidamente celebrado, dado que, al ser los contratos nulos, no producen los efectos económicos propios del contrato eficaz”*.
2. A liquidación pode acarrexar consecuencias de tipo indemnizatorio. Para determinar as mesmas será de aplicación o artigo 102.4 da Lei 30/1992, sobre os efectos da nulidade dos actos administrativos, se ben para recoñecer indemnización de danos e prexuízos ó contratista será preciso que concorran os requisitos esixidos para a responsabilidade patrimonial nos artigos 139 e seguintes da mesma lei.
3. Non se abonará ó contratista o lucro cesante. Isto é así, tal e como recoñece a sentenza porque *“el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato”*.
4. Non se aboarán ó contratista os xuros das cantidades resultantes da liquidación.
5. Deberá devolverse ó contratista a garantía definitiva posto que non estamos ante un caso de incumprimento contractual.

Nos fundamentos xurídicos seguintes analizaremos por separado os conceptos indemnizables: a restitución, a indemnización de danos e prexuízos e a garantía definitiva.

-IV-

Da restitución

A norma que rexe a liquidación, como se ten dito no fundamento xurídico anterior, é o artigo 65 do TRLCSP, que regula a nulidade e os seus efectos. Consonte ó previsto no mesmo, as partes deberán restituírse reciprocamente as cosas recibidas en virtude do contrato. É dicir, en primeiro lugar procede a restitución in natura. E, subsidiariamente, para o caso de que non fose posible, abonarase o seu valor. Isto é así porque coa declaración de invalidez do contrato preténdese a destrución retroactiva dos efectos que tivese producido, de maneira que todo volva o estado anterior ó mesmo como si este non existira nunca. Así o determina o artigo 1303 do CC con respecto a nulidade dos contratos civís *“Declarada la nulidad de una obligación, los contratantes deben restituirse recíprocamente las cosas que hubiesen sido materia del contrato, con sus frutos, y el precio con los intereses, salvo lo que se dispone en los artículos siguientes”*. Tal e como determina a STS de 30 de decembro de 1996 *“El precepto tiene como finalidad conseguir que las partes afectadas vuelvan a tener la situación personal y patrimonial anterior al efecto invalidador”*. Precepto aplicable ós contratos administrativos en virtude da supletoriedade do dereito civil con respecto ó administrativo (artigo 4.3 CC).

Neste senso, a Resolución nº 51/2015, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad De Madrid determina que *“La finalidad esencial de la liquidación de los contratos nulos, que en sí misma es un auténtico expediente administrativo, es fijar la forma en que puede procederse a la restitución in natura de las prestaciones del contrato y, en defecto de la misma, el valor de las que no pueden ser objeto de restitución”*.

DORNIER no citado recurso contencioso-administrativo interposto contra a inactividade da Administración no aboamento das cantidades derivadas da execución do contrato, reclama á data de presentación do mesmo 1.417.131,75 euros de principal derivado das facturas impagadas, e os intereses de demora que cifra en 11.953,62 euros, no momento da interposición do recurso, sen prexuízo da continuación do seu devengo.

Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 366/2018, e rematou coa Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 278 do 12 de novembro de 2019, que desestima o recurso. A sentenza non foi recorrida e declarouse firme por dilixencia de ordenación de data 11 de decembro do 2019.

A sentenza, no seu fundamento xurídico cuarto determina a inexistencia dunha obriga do concello de aboar ó contratista a diferenza entre o custe anual do servizo e a recadación se o saldo fose negativo. Así, di que:

“(…) el pliego distinguió claramente dos realidades, una la cantidad de equilibrio de la concesión, 3.1, y otra, el canon que debía abonar el concesionario al Concello de Vigo, 3.5.

En cuanto a la remuneración de la adjudicataria del servicio, únicamente se contempla en el segundo párrafo del apartado 3.1, cuando se indica que:

El concesionario será retribuido directamente mediante las tarifas que abonen los usuarios del servicio.

Entonces, tenemos una cantidad de equilibrio de la concesión que, en la medida en que el pliego permitió que fuese rebajada por los licitadores, la recurrente disminuyó en su oferta, que aunque el pliego se refiera en esa cláusula 3.1 a la misma como un precio, no era tal. Esa cantidad ha sido el parámetro que se ha establecido para el mantenimiento del equilibrio económico financiero de la concesión, y respeto de la misma el apartado 3.3 ha previsto su revisión anual conforme al IPC, incluyendo



Concello de Vigo

eventuales prórrogas y se garantizó su mantenimiento con el compromiso establecido en la cláusula 3.4.2, es decir, la garantía de la previsión presupuestaria de la partida necesaria para la conservación de ese equilibrio.

En cuanto a la otra realidad económica del contrato, el canon, claramente se establece que la obligación de abonarlo, en su caso, corresponde exclusivamente a la concesionaria, no al Concello de Vigo. Y surgiría esa obligación para el caso de que la diferencia existente entre los ingresos anuales por recaudación y los costes anuales del servicio resultase positiva para la concesionaria.

Como es de ver no hay previsión alguna para la situación contraria, es decir, que la diferencia entre aquellos dos parámetros resulte negativa para la concesionaria, y en consecuencia el Concello de Vigo deba abonarle cualquier importe.

La realidad contractual (folios no 45 a 47 del expediente administrativo) que nos demuestra el pliego, y es la única a la que debemos estar, es que la prestación del servicio por la recurrente en ningún caso se retribuía contra la presentación de facturas al Concello de Vigo, sino que exclusivamente se remuneraba con cargo a las tarifas abonadas por los usuarios. Un ejemplo de esta circunstancia lo tenemos en la cláusula 3.4.1 cuando se indica que:

La ejecución de los compromisos económicos derivados de la presente contratación, no requiere existencia de crédito, al pagarse el servicio con tarifas que cobra el adjudicatario.

Es cierto que en la cláusula 3.2 sobre condiciones económicas, se mencionan los conceptos liquidación y factura, pero ninguno de los términos se refiere a la retribución del concesionario. El contrato contempló la obligación del concesionario de efectuar liquidaciones tanto mensuales, como anuales, las primeras claramente con una finalidad de control, o facilitadora de la anual y todas ellas en su conjunto, o solo ésta, con el único objeto de verificar la procedencia del abono del canon. Esto es lo que se desprende del último punto de la cláusula 3.2 cuando indica:

El concesionario presentará una factura anual que contemplará la diferencia existente entre el coste anual del servicio y la recaudación real”.

E conclúe no fundamento xurídico 5º fixando as seguintes premisas nas que declara que se sustenta o fallo da sentenza:

- *“No existe la obligación del Concello de Vigo, de compensar a la concesionaria anualmente por la, en su caso, deficitaria prestación del servicio durante los últimos cuatro años, pues el riesgo y ventura que caracterizaba la concesión no ha desaparecido, ni existía, ni existe previsión contractual en esa dirección.*
- *La revisión de la cantidad de equilibrio constituye un aspecto sustancialmente diverso y al margen del anterior extremo (deficitaria prestación del servicio), y debería ejecutarse anual y obligatoriamente con arreglo al IPC.*
- *La retribución de la concesión no descansa ni en la presentación de facturas, ni de liquidaciones por la concesionaria al Concello de Vigo.*
- *Si mediante la confección de esas liquidaciones mensuales que, sumadas o agrupadas por las respectivas docenas, se pusiera de manifiesto que la prestación del servicio ha sido deficitaria para la recurrente en los cuatro últimos años, su*

repercusión es que queda exenta del abono del canon del punto 3.5, pero en modo alguno significa o convierte a la demandada en deudora suya por esas diferencias”.

Con respecto o aboamento a DORNIER no marco da liquidación das facturas presentadas ó longo destes anos, polo suposto desequilibrio do contrato por mor das sucesivas reducións de prazas afectas ó servizo, di o responsable do contrato no fundamento xurídico XVIII do seu informe que:

“18.1 O primeiro concepto de indemnización da liquidación do contrato solicitado por DORNIER S.A. consiste no desequilibrio económico-financeiro derivado das sucesivas reducións das prazas xestionadas, acordadas polo concello desde o inicio do contrato e ata a data de liquidación do mesmo.

O número de prazas suprimidas é de 726 en opinión de DORNIER, S.A. Esta cifra non é correcta, de modo que en aplicación do disposto no Anexo I do Prego Técnico debería partirse da cifra de 2.558 prazas (admisión dunha variación inicial, en máis ou en menos, do 7%) para considerar unha eventual compensación.

A cantidade reclamada ascende a 1.608.753,55 €, valor actualizado ata o 31 de xaneiro de 2014.

O desequilibrio é o resultado determinado pola diferenza entre as recadacións mensuais obtidas das taxas dos usuarios e o prezo acordado do servizo, ata a data de liquidación.

18.2 Este concepto está afectado pola regra da cousa xulgada (arts. 71, 222, 400 da Lei de Axuizamento Civil).

18.3 Na súa estratexia derivada da anulación xudicial do contrato, DORNIER S.A. optou por reclamar ao concello sobre a base da suposta existencia de dous períodos ou fases diferenciados.

O primeiro comprende desde maio do 2007 ata xaneiro de 2014 (primeira fase).

O segundo período comprende desde febreiro do 2014 ata maio de 2018 (segunda fase).

No primeiro período sitúa a liquidación e ten como fundamento o art. 65 do RDL 2/2000 TRLCAAPP (P.O. 365/18, XCA nº 1, Sentenza 40/20 de 21 de xaneiro).

O segundo período respondería a unha “orde do Concello de Vigo (prolongación irregular do mesmo -refírese ao contrato anulado-)”, en argumentación contida no ditame de D. Tomás Ramón Fernández asumido por DORNIER, S.A. (P.O. 366/18, JCA nº 2, Sentenza 278/19 de 12 de novembro) .

18.4 O esencial aquí é que nun e outro procedemento existe coincidencia, neste concreto extremo, de obxecto (PETITIUM), pero alterando de forma premeditada a CAUSA DE PEDIR, isto é, os feitos e fundamentos xurídicos que normalmente conducirían á pretensión deducida.



Concello de Vigo

18.5 O PETITIUM é idéntico: a reclamación do importe da diferenza entre o prezo anual/custo anual/cantidade de equilibrio do servizo e a recadación obtida dos usuarios.

No P.O. 365/18 do JCA nº 1, devandito importe é un concepto de liquidación.

No P.O. 366/18 do JCA nº 2 é unha débeda derivada dunha extravagante execución do contrato, ou en palabras de DORNIER S.A., “o período ao que fan referencia as facturas complementarias emitidas (febreiro do 2014 a maio de 2018, ambos inclusive) correspóndese co período intermedio de prolongación irregular do servizo” (F.D 5º da demanda) ..., “unha especie de negocio xurídico virtual cuxas condicións serían, en principio, as mesmas que as do contrato declarado nulo” (ibídem).

18.6 A diferente CAUSA DE PEDIR non ten outra xustificación que tentar avalar a pretensión unilateral de DORNIER S.A. (deducida das súas propostas de liquidacións) de

1º.- Que a liquidación do contrato conxélese en xaneiro de 2014, facendo seu nesa data o valor pendente de amortización dos activos dedicados ao servizo en virtude do contrato xudicialmente anulado. É dicir, liquidar coma se tratásese dunha obriga- ción válida en prexuízo do concello; e

2º.- Que o período de febreiro do 2014 a maio de 2018 sométase ás regras dese substancioso, fácil e verdadeiramente insólito “negocio xurídico virtual” (sen risco e ventura mesmo) deducido en xuízo con amparo no mero ditame previamente solicita- do na fase administrativa previa, o que resulta rexeitado de forma rotunda na Senten- za 278/19 do 12 de novembro (F. X. 3º).

18.7 A liberdade de configuración das accións (pretensións) do demandante ten como límite legal explícito o principio de preclusión dos “diferentes feitos” ou “distin- tos fundamentos ou títulos xurídicos” en que caiba substanciar a demanda ao tempo da súa interposición (art. 400 da LACv).

18.8 A Sentenza 278/19 do 21 de novembro (P.O. 366/18), que é firme, rexeita que das cláusulas do contrato -que considera aplicables en fase xa de liquidación do mesmo- dedúzase a obrigación do pago das facturas emitidas pola diferenza entre o prezo anual/custo anual/cantidade de equilibrio do contrato e as taxas obtidas dos usuarios.”

Procede, a continuación, fixar os bens e dereitos que, no seu caso, deberán restituírse as partes.

Consonte o artigo 65 do TRLCSP procedería restituír a DORNIER os bens achegados para a prestación do servizo e as melloras executadas, pois tal e como se desprende dos informes técnicos obrantes no expediente non se executaron todas.

Do informe do responsable do contrato despréndese que (fundamentos xurídicos XI e XII):

- **Son restituíbles por natureza:** os expendedores de tickets e os equipos informáticos e o software.
- **Non son restituíbles:** os estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato.

1.- Bens restituíbles por natureza

Con respecto ós bens restituíbles, aclara no fundamento xurídico XIII que *“Todos os activos postos por DORNIER S.A. ao servizo da execución do contrato declaro nulo están amortizados, en canto dedicados efectivamente a aquel por un tempo superior ao previsto para a súa amortización no contrato declarado nulo. Trátase en todos os casos de activos suceptibles de ser devoltos ex art. 65 do RDL 2/00. Así sucede cos expendedores de tickets e a sinalización (10 anos); e cos equipos informáticos e as aplicacións de xestión (3 anos)”*. Efectivamente, a execución do contrato comezou o 4 de setembro de 2007 e rematou o 31 de maio de 2018, polo que excedeuse o período de amortización previsto na súa oferta.

Fai mención expresa a 39 expendedores adicionais instalados polo contratista que non foron ofertados, que considera que tamén amortizados.

Tal e como afirma o responsable do contrato, *“Estes activos foron retirados por DORNIER, S.A.”* (fundamento xurídico XIX).

2.- Bens non restituíbles por natureza

Considera o responsable do contrato que os estudos e traballos técnicos executados desde 2007 ata 2011 son “prestacións non suceptibles de ser devoltas tras a declaración de nulidade do contrato. O seu valor actual virá determinado pola diferenza existente entre o importe da súa amortización lineal en 14 anos menos e o correspondente ao tempo efectivo de prestación do servizo (maio de 2018, 129 meses) en que se verificou a súa cancelación parcial. O seu importe ascende 743.126 euros, segundo declara o contratista nas sucesivas propostas de liquidación do contrato presentadas. Deste importe restarían por amortizar 163.664,69 euros (fundamento xurídico XX).

O referido informe técnico refírese tamén ós que denomina **“Ingresos extraordinarios”**. Di o respecto que *“Desde o exercicio fiscal de 2011 (cuarto do contrato) DORNIER, S.A., percibiu como ingresos extraordinarios (por non previstos no contrato anulado) os correspondentes á modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo, engadíndose as tarifas postpaga-das (anulación das infraccións) a favor da concesionaria, que aquí se teñen por compensadas (reciprocidade) pola prestación do servizo”*.

Esta Administración como contraprestación pola prestación do servizo debería ter recibido un canon. No entanto, non percibiu ningunha cantidade neste concepto, polo que non procede restitución ningunha.

Recapitulando con relación á restitución, compre manifestar:

- Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A. polo suposto desequilibrio do contrato.
- Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.
- Dos estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato restarían por amortizar 172.511,43 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.
- Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.



Concello de Vigo

- Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.

-V-

Indemnización de danos e prexuízos

O artigo 65.1 determina que en caso de nulidade dun contrato, se á causa da mesma fose imputable á unha das partes, a que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que tivese sufrido.

A sentenza 40/2020 determina que á liquidación do contrato nulo, tamén será de aplicación o artigo 102.4 da Lei 30/1992, sobre os efectos da nulidade dos actos administrativos, que dispón que *"las Administraciones públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los arts. 139.2 y 141.1 de esta Ley; sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma"*. Di o respecto esta sentenza que *"Las normas citadas remiten a los preceptos sobre responsabilidad patrimonial de la Administración Pública y en esta materia se debe partir de que la anulación en vía administrativa o por el orden jurisdiccional contencioso-administrativo de los actos o disposiciones administrativas no presupone derecho a la indemnización (artículo 142.4o LRJAP) y que el daño alegado habrá de ser efectivo, evaluable económicamente e individualizado con relación a una persona o grupo de personas (artículo 139.2 LRJAP)"*.

Recapitulando podemos afirmar que para fixar indemnización de danos e prexuízos a DORNIER deberían concorren os seguintes requisitos (artigo 35 da LRJSP):

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.

Que non sexa produto de forza maior.

No caso que nos ocupa, tal e como se desprende do exposto, non concorre ningún dos requisitos esixidos pola lei para apreciar a responsabilidade patrimonial desta Administración na declaración de nulidade da adxudicación do contrato. O TSXG declarou a nulidade do contrato porque a oferta de DORNIER era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que ofertaba como mellora a renovación anticipada. Así consta nos fundamentos xurídicos 4º e 5º da sentenza. En consecuencia, a xuízo da informante, non procede recoñecer indemnización dos danos e prexuízos causados ó contratista. Así o manifesta tamén o responsable do contrato no fundamento xurídico XVI do seu informe.

-VI-

Devolución do aval

DORNIER S.A, constituíu garantía definitiva para responder deste contrato mediante aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, la Caixa, nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros. Rexistrado no Rexistro especial de avales co nº de aval 9340.03.0830819-74.

Conforme ó artigo 43.2 do TRLCAP a garantía definitiva responde dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ó contratista por mor da defectuosa execución do contrato.
- Das obrigas derivadas do contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora del contratista no cumprimento das súas obrigas, dos danos e prexuízos que lle foran ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento sen resolución.
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución.

Como pode apreciarse non concorre no caso que nos ocupa ningunha das circunstancias que determinarían a incautación da garantía, polo que procedería a súa devolución.

A devolución e cancelación das garantías definitivas está regulada no artigo 47 do mesmo texto legal, que dispón que *“Aprobada la liquidación del contrato, si no resultaren responsabilidades que hayan de ejercitarse sobre la garantía y transcurrido el plazo de la misma, en su caso, se dictará acuerdo de devolución de aquélla o de cancelación del aval”*. Así pois, unha vez evacuado o trámite de audiencia ó licitador, no acordo de aprobación da liquidación deberá acordarse a devolución da garantía definitiva mediante a cancelación do aval. Así o determina o fundamento xurídico 4º da sentenza 40/2020.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R) en execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020.



Concello de Vigo

2º.- *Dar trámite de audiencia a DORNIER, S.A., por prazo de quince días naturais, sobre a seguinte proposta de liquidación:*

a) *Con respecto á restitución dos bens e dereitos, tal e como se determina no fundamento xurídico cuarto:*

- *Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A.*
- *Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.*
- *Dos estudos e traballos técnicos desenvolto na execución do contrato restarían por amortizar 163.664,69 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.*
- *Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.*
- *Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.*

b) *Non procede indemnización de danos e prexuízos a favor de ningunha das partes, polos motivos expostos no fundamento xurídico quinto deste escrito.*

c) *Devolver a DORNIER, S.A., a garantía definitiva constituída para responder deste contrato, cancelando o aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, canxeado na Tesourería municipal co nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros.*

3º.- *Iniciar expediente de modificación presupostaria para facer fronte á execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020 no momento no que o crédito sexa executivo”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(600).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 106/2020 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12853/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“Tomar razón da resolución nº 106/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 90/2020, interposto por ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURA VERDE (ASE-JA), contra o anuncio e os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas identificadas como zonas verdes do término municipal de

Vigo, que inclúen todos os elementos vexetais e non vexetais que as conforman, tanto no seu interior, como perimetrais, agás os excluídos expresamente no PPT. Expediente 12.853-446. Na resolución o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto pola ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURA VERDE (ASEJA) contra o anuncio e os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas identificadas como zonas verdes do término municipal de Vigo, que inclúen todos os elementos vexetais e non vexetais que as conforman, tanto no seu interior, como perimetrais, agás os excluídos expresamente no PPT, expediente 12853-446 licitado polo Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Impoñer á recorrente a multa de 1.000 euros na interposición do recurso, de conformidade co establecido no artigo 58.2 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(601).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “SANTA CRISTINA-LAVADORES” E COSTEIRA-SAIÁNS” PARA OS PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 24359/332.

Visto o informe-xurídico do 21/07/2020 e o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/07/2020, asinado polo xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 12 de maio de 2020, o Concelleiro de Educación resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria para a xestión das Escolas Infantís Municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 12/05/2020.
- Resolución do Concelleiro de Educación de 12/05/20 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo servizo de Educación, de 15/05/20.
- Dilixencia da Intervención municipal, solicitando aclaracións á Memoria Económica, de 22/05/20.
- Informe técnico aclaratorio, do servizo de Educación, de 25/05/20.
- Documentos económicos (RCFUT), de 01/06/20.
- Declaración redactor PPT, de 02/06/20.



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 02/06/20, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 09/06/20, redactada polo servizo de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 22/06/20, coas modificacións suxeridas polo servizo de Contratación.
- Memoria Xustificativa data 22/06/20, coas modificacións suxeridas polo servizo de Contratación.
- Informe de data 22/06/20 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/06/20, redactado polo servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/07/20, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Santa Cristina-Lavadores” e “Costeira Saiáns”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 598.057,94 euros

Aplicacións orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.04 “EIM Santa Cristina-Lavadores”

3230.227.99.07 “EIM Costeira-Saiáns”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns.

2º.- Aprobar o Prego de prescripci3ns t3cnicas de 22/06/2020 redactado polo Servizo de Educaci3n e o Prego de cl3usulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/07/2020 redactado polo Servizo de Contrataci3n, que se incl3en no presente expediente, para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 2.392.231,76 euros (598.057,94 € nas anualidade de 2021, 2022, 2023 e 2024) para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto, con cargo 3s partidas presupostarias 3230.227.99.04 ("EIM Santa Cristina-Lavadores"), 3230.227.99.07 ("EIM Costeira-Saiáns"), e bolsa de vinculaci3n, de conformidade co seguinte cadro:

Partida	Escola	2021	2022	2023	2024
3230.227.99.04	Xesti3n EIM Santa Cristina-Lavadores	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
3230.227.99.07	Xesti3n EIM Costeira-Saiáns	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
	TOTAL	598.057,94	598.057,94	598.057,94	598.057,94

Ao tratarse da tramitaci3n anticipada dun contrato cuxa execuci3n material vai comezar no pr3ximo exercicio, conforme ao previsto na D.A. 3ª LCSP, som3tese a s3a adxudicaci3n 3 condici3n suspensiva da efectiva consolidaci3n dos recursos que financiaran o contrato.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(602).- CONVOCATORIA, BASES REGULADORAS E EXTRACTO DE SUBVENCIONES PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONOMICAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS QUE SE REALICEN NO ANO 2020. EXPTE. 8448/335.

Visto o informe xur3dico do 19/07/2020 e o informe de fiscalizaci3n do 21/07/2020, d3ase conta do informe-proposta do 16/07/2020, asinado polo xestor t3cnico dos expedientes de Festas (Resoluci3n 17/06/2020), a concelleira-delegada da 3rea e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de marzo a concelleira da 3rea de Festas e Turismo (por resoluci3n de delegaci3n de competencias municipais de data 21/02/2020) resolveu que se iniciase o expediente para a Convocatoria, Bases reguladoras e Extracto de Subvenci3ns para festas



Concello de Vigo

tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o ano 2020.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 130.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro do presente ano 2020. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2019 incorporaranse á actual convocatoria.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactáronse polo servizo de Festas a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido en: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2);1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas tradicionais e patronais 8.000 €; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 5.000 €, Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 2.1) e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 130.000 € menos a suma do

importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder/ a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos).

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Este expediente conta con Informe xurídico favorable, emitido pola secretaria de Administración municipal en data 09/03/2020, e con Informe de fiscalización da Intervención municipal tamén favorable, de data 03/04/2020, habendo igualmente documento de reserva de crédito número 202000022570, por importe de 130.000 euros.

En data 14. de marzo de 2020, publicouse no BOE o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dispoñendo a súa disposición adicional terceira a suspensión dos prazos de tramitación dos expedientes.

Dada a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) e, a pesar da finalización do estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto dos eventos de carácter máis multitudinario, como poden ser as actuacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos.

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do Real decreto 555/2020, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa comunidade e, polo tanto, a súa entrada na “nova normalidade”.

Neste sentido, no DOG de data 13 de xuño de 2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo



Concello de Vigo

COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica e concretamente: a cláusula 2.11 establece medidas concretas respecto a actuación de coros e agrupacións vocais; a cláusula 2.12 para orquestras, bandas e outras agrupacións musicais; a cláusula 3.18 para actividades recreativas e espectáculos públicos en recintos ao aire libre; e a cláusula 3.35 establece medidas concretas respecto a festas, verbenas e outros eventos populares.

Atendendo á situación actual e coa fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades e no marco das medidas preventivas establecidas pola autoridade sanitaria, procédese a dar continuidade á tramitación do expediente de Concesión de subvencións para festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto de Subvencións para Festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2020 e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

PROPOSTA.

“Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2020.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 130.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para

festas tradicionais, patronais, gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 130.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

No caso de que se achegue a solicitude de maneira presencial, requiriranse a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizada a emenda.

Quinta.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro a todos os conceptos a subvencionar.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co



Concello de Vigo

previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Sétima.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar:

Dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro do presente ano 2020.

As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Oitava- Liñas de subvencións. Conceptos a subvencionar.

LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

2.- Actividades socioculturais e actividades relacionadas coas artes escénicas.

CONCEPTOS A SUBVENCIONAR EN CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **8.000 euros** para aquelas festas celebradas no ámbito urbano cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 40.000 euros.

1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).(O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **5.000 euros** por festa patronal incluída no calendario festivo anual, cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 25.000 euros.

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **4.000 euros** por festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos. (O número máximo de programas a presentar será de 1 programa): Asignación fixa de **4.000 euros** por festival internacional folclórico que teña unha antigüidade de máis de 25 anos.

No referente a contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

En canto ao ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro do presente ano 2020. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2019 incorporaranse á actual convocatoria.

2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

2.1.- Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O número máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa / Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto / Límite mínimo de puntos: 30

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa / Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto / Límite mínimo de puntos: 30.

BASES REGULADORAS

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

–Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

–Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito sociocultural.

–Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.

–Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.

A convocatoria establecerá como mínimo:

- a) Obxecto.
- b) Partida económica e créditos máximos adicados.
- c) Procedemento de concesión.
- d) Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- e) Requisitos dos solicitantes.
- f) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOPPO.
- g) Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
- h) Ámbito temporal dos programas e gastos a subvencionar.

Cuarta.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar subvención, segundo o programa a subvencionar recollido da convocatoria anual, as entidades xurídica sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.



Concello de Vigo

- 2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- 3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- 4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- 5.- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.
- 7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Quinta: SOLICITUDES.

1.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>. A instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I.1 e Anexo I.2).

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web (www.vigo.org).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 15 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto a subvencionar.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

7.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015.

Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Séxta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Para todos os solicitantes:

- a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.
- b.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.
- c.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

6.2. Para as entidades que opten á liña de subvención 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos: (1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano; 1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual),1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias) e 1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos.

Ademais da documentación recollida no punto 6.1. terá que presentar cumprimentados os Anexo I, Anexo I.1. Anexo II e Anexo III e un programa con todas as actividades a desenvolver na festa.

6.3. Para as entidades que opten á liña de subvención 2 Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:(2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura e 2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias)

O número máximo de programas a presentar será de 1 programa.

Ademais da documentación recollida no punto 6.1 e o Anexo I.2. terá que presentar cumprimentado o seguinte:

6.3.a) Anexo II.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

6.3.b) No caso de publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Non ter carácter de boletín interno da asociación.
- b) Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
- c) Dispoñer de depósito legal.
- d) Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Festas e Turismo.



Concello de Vigo

- e) Depositar gratuitamente tres exemplares na Concellaría de Festas e Turismo no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
- f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentárase, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

6.3.c) No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

6.3.d) A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 68 da Lei 39/2015.

6.3.e) O orzamento da actividade (Anexo III).

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- Unha vez presentadas as solicitudes os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimáranse aquelas cuxos proxectos :

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c) Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- d) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- e) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- f) Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- g) Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual (30 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

7.2.- Tamén se desestimáran as solicitudes que:

- a) Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- b) A falta de xustificación en tempo e forma dalgunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2019.
- c) Que a entidade solicitante non teña a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- d) Aquelas que non presenten o proxecto específico.
- e) Aquelas entidades que soliciten axudas para actividades non recollidas na cláusula novena da convocatoria (liñas de subvencións. Conceptos subvencionables).
- f) Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

g) Aquelas entidades que teñan previsto a realización das actividades obxecto de subvención fóra do término municipal de Vigo.

h) Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Oitava: LIÑAS DE SUBVENCIONS. CONCEPTOS A SUBVENCIONAR

LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

2.- Actividades socioculturais e actividades relacionadas coas artes escénicas.

CONCEPTOS A SUBVENCIONAR EN CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **8.000 euros** para aquelas festas celebradas no ámbito urbano cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 40.000 euros.

1.2.- Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).(O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **5.000 euros** por festa patronal incluída no calendario festivo anual, cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 25.000 euros.

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa): Asignación fixa de **4.000 euros** por festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos. (O número máximo de programas a presentar será de 1 programa): Asignación fixa de **4.000 euros** por festival internacional folclórico que teña unha antigüidade de máis de 25 anos.

No referente a contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

En canto ao ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro do presente ano 2020. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2019 incorporaranse á actual convocatoria.

2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

2.1.- Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O número máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa / Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto / Límite mínimo de puntos: 30

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa / **Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto / Límite mínimo de puntos: 30**

Novena: CRITERIOS DE AVALIACIÓN.



Concello de Vigo

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un máximo de 100 puntos:

1. CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE: Ata 40 puntos.

1.A): Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade na súa declaración responsabel (Anexo I.2), (7.1) e trasladados a táboa de puntuación.

Traxectoria e antigüidade da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos
0 puntos	2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

1.B): Masa social e representatividade: ata 20 puntos.

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade; e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información aportada pola entidade sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2018, recollida nos anexos I.2 (7.2) ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo a poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios, e trasladada á táboa de puntuación.

Masa social e representatividade									
Menos do 5%	Do 6% ó 10%	Do 11% ó 15%	Do 16% ó 20%	Do 21% ó 25%	Do 26% ó 30%	Do 31% ó 35%	Do 36% ó 40%	Do 41% ó 50%	Maís do 50%
2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos	12 puntos	14 puntos	16 puntos	18 puntos	20 puntos

1.C): Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos do ámbito de intervención da entidade e alcance social sinalados pola entidade no Anexo I.2, (7.3) e trasladados a táboa de puntuación.

Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria				
Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal	*Comarcal
2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

* Para este ámbito xeográfico terá que aportar xustificación da representación fora do municipio.

2.- CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DE CADA PROGRAMA OU PROXECTO: Ata 60 puntos.

2 A): Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

2 A) 1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa: Valórase ata 20 puntos a aqueles proxectos de interese sociocultural cun contido que complementa ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas.

2 A) 2.- Innovación: Valórase ata 5 puntos aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

2 A) 3.- Duración e consolidación: Valórase ata 5 puntos ás propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose ininterrompidamente dende anos.

2 A) 4.- Temporización: Valóranse ata 10 puntos aqueles programas que conleven un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

2 A) 5.- Recursos humanos e materiais: Valorarase ata 10 puntos aqueles proxectos que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade.

2.B): Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: ata 10 puntos.

2 B)1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos. O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do proxecto, segundo consta no orzamento aportado no anexo III das bases.

Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto								
Importe subvencionado 0% ó 10%	Importe subvencionado 11% ó 20%	Importe subvencionado 21% ó 30%	Importe subvencionado 31% ó 40%	Importe subvencionado 41% ó 50%	Importe subvencionado 51% ó 60%	Importe subvencionado 61% ó 70%	Importe subvencionado 71% ó 75%	Importe subvencionado 76% ou máis
10 puntos	8 puntos	6 puntos	5 puntos	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 puntos	0 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas 1A), 1B), 1C) e 2B) son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Décima.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos subvencionables 1.1); 1.2) , 1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese no ámbito urbano 8.000 €; Festas Patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual) 5.000 €, Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €



Concello de Vigo

Procederáse en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 1.1); 1.2),1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuiráse entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 2.1) e 2.2) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 130.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables 1.1); 1.2), 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionable será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos)

Décimo primeira:-INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Festas, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestida súa petición, previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo que actuará como presidenta, e un/unha vogal designado/a entre o persoal técnico do Concello que fará as funcións de Secretario/a.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 párrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de tres meses contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC

Décimo segunda- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

g) En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas: As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas



Concello de Vigo

requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación.

h) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren durante o tempo que medie a situación de declaración de emerxencia sanitaria deberá adoptar as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que adopte a autoridade sanitaria (Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño).

Décimo terceira.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS.

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo cuarta.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2020, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 1 de novembro de 2020 terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: A tal efecto deberá achegar electrónicamente unha conta xustificativa coa seguinte documentación:

a) Solicitud de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO IV), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa.

A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.



Concello de Vigo

Décimo quinta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefa do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo sexta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sétima.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. REXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

1.- Procederá a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

De acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Décimo novena.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Vixésima.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, convocatoria e extracto, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Festas.

Vixésimo primeira- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos



Concello de Vigo

dixitais, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo segunda.- DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas

EXTRACTO

TITULO.

Extracto do acordo de data da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2020.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeiro.- BENEFICIARIOS

1.- Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais 2020.

Segundo.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria e bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Terceiro.- BASES REGULADORAS.

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

Cuarto.- CONTIA

A contía da presente convocatoria ascende a 130.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007 de xuño de subvencións de Galicia.

Quinto.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

Sexto.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

11(603).- LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA, MANTEMENTO E REPOSICIÓN DE COLECTORES E PAPELEIRAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 6966/252.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/07/2020, asinado polo xefe do servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Servizos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza do Concello de Vigo, con data 16 de xullo de 2018, resolveu ordenar o inicio do procedemento para a liquidación do contrato de concesión para a xestión do servizo de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras no termo municipal de Vigo, adxudicado polo Concello de Vigo á UTE integrada por Contenur España, S.L. e Otto Industrial y Medioambiente, S.A. o 29 de xullo de 2002, e reclamación á Contenur España, S.L., contratista ao momento de extinción do contrato, das cantidades percibidas por esta do Concello de Vigo en concepto de amortización e gastos financeiros do prezo de adquisición do terreo e construción da nave para prestación do servizo, prevista no contrato, que habería de revertir ao Concello —cantidades que no informe do Xefe de Servizo de Limpeza, de 31 de marzo de 2018, se cifran en 1.893.403,45 € (2.048.481,66 € IVE engadido)— cos xuros que procedan e sen prexuízo das minoracións que deban practicarse na cantidade a devolver polos maiores gastos de alugamento en que debeu incurrir a concesionaria para a execución do contrato como consecuencia da non adquisición da propiedade da nave revertible prevista no contrato para a súa execución.

SEGUNDO.- O Acordo foi notificado á interesada, Contenur España, S.L., que, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de 2 de agosto de 2018, presentou escrito de alegacións, no que, en síntese, aduce o que segue:

- Que o incumprimento contractual non é imputable a CONTENUR S.L. xa que limitouse a seguir as instrucións do Concello.



Concello de Vigo

- Que o importe que CONTENUR S.L. debe reintegrar ao Concello ascende a 793.066,40 euros (saldo resultante de restar as cantidades percibidas en concepto de amortización e gastos financeiros polo prezo de adquisición dos terreos e construción da nave, os custes derivados dos arrendamentos que tivo que asumir a concesionaria).
- Necesidade de compensar as cantidades satisfeitas por alugamentos neste expediente de liquidación e non noutro distinto.
- Imposibilidade de facer efectiva a cantidade reclamada con cargo a garantía definitiva por non existir incumprimento culpable do contratista

En base a estes argumentos solicitou que se declare que o incumprimento contractual producido non é imputable a CONTENUR S.L.; se dispoña que o saldo resultante da liquidación do contrato sería de 793.066,40 euros; e se ordene a inmediata devolución da garantía constituída e todo elo, sen perxuízo da reclamación dos danos e perdas causados.

TERCEIRO.- Do dito escrito de alegacións deuse traslado, para informe, á Xefatura do Servizo de Limpeza do Concello, que, con data 13 de maio de 2019, emitiu o que segue:

«Conforme á dilixencia de data 13 de novembro de 2018 do Asesor Xurídico do Área de Fomento, na que previo á emisión das consideracións xurídicas que procedan, solicita informe sobre as alegacións formuladas pola empresa CONTENUR ESPAÑA S.L., ao expediente de referencia, e particularmente sobre as cantidades que esta considera procedente satisfacer, indícase que:

No expediente de referencia consta o escrito de alegacións da empresa CONTENUR ESPAÑA S.L., ao acordo de inicio de expediente para a liquidación do contrato de concesión para a xestión do Servizo de Instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras do Concello de Vigo, polo que se reclama á empresa a cantidade de 1.893.403,45 € (2.048.481,66 IVE engadido), polas cantidades percibidas por esta mercantil en concepto de amortización e gastos financeiros para a adquisición do terreo e construción da nave industrial prevista no contrato, e que non chegou a revertir ao Concello de Vigo á conclusión da prestación. O escrito está asinado polo representante da sociedade en data 1 de agosto de 2018 e recibíuse no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo o día 2 de agosto de 2018 co código de solicitude W292877-1624.

As alegacións estrutúranse en catro apartados dos que no primeiro relata uns breves antecedentes para os que non procede indicación ningunha desta parte.

O segundo apartado argumenta sobre que o incumprimento contractual ao que o Concello de Vigo fai referencia pola non construción da nave para gardería e taller de vehículos, nin a adquisición do terreo, non é imputable á empresa se non ao propio Concello de Vigo.

A este respecto procede indicar que unha das obrigas da Concesionaria CONTENUR era a construción dunha nave con determinadas características, e a

adquisición do terreo para albergala. Dita obriga tiña como prazo de execución 18 meses dende o inicio do contrato. Dos antecedentes referidos no escrito e da documentación que consta no expediente, queda constancia de que o Concello de Vigo lle comunicou á empresa o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2004, sobre a demora na adquisición do terreo e construción da nave.

O prazo para a adquisición dos terreos e a construción da nave remataba o día 31 de marzo de 2004 conforme ao indicado no informe do Xefe do Servizo de Limpeza naquel momento, que emitiu en data 24 de marzo do 2004. O acordo da Xunta de Goberno Local adoptouse o día 30 de marzo e comunicouse á empresa en data 20 de abril seguinte, polo que pode concluírse que a adquisición do terreo e a construción da nave non se produciu no prazo que o contrato asinado establecía.

O terceiro apartado das alegacións da empresa, argumenta sobre o alcance da liquidación do contrato e a determinación do importe que lle corresponde devolver a Contenur. Deixando a un lado os argumentos xurídicos que o escrito de alegacións incorpora, e que serán tidos en conta polos servizos xurídicos deste Concello, étrase a informar sobre as cantidades económicas que a Concesionaria considera procedente satisfacer.

Nas alegacións non se discute que a empresa CONTENUR tiña a obriga de adquirir o terreo e construír unha nave dunhas determinadas características, para albergar a flota de vehículos. Tamén queda claro que este condicionante do contrato demorouse no tempo e que non se chegou a cumprir antes do remate da concesión. O servizo prestouse polo tanto en outra nave que o concesionario alugou, polo que cabe indicar:

a) A empresa tiña un prazo de 18 meses para a adquisición dos terreos e a construción da nave, aspecto recollido e aceptado na sinatura do contrato. Esta condición establecía para o adxudicatario a obriga de contar cunha nave alternativa durante este período de tempo (dende o inicio do contrato en outubro de 2002 ata marzo de 2004). En tal senso, durante o período de 18 meses dende o inicio do contrato, os gastos de aluguer da nave alternativa necesaria para a prestación do servizo deben ser considerados como un gasto obrigatorio para o adxudicatario e non poden ser descontados como este pretende no documento nº 2 dos aportados coa alegación.

Polo anterior, os gastos de aluguer entre os meses de outubro de 2002 e o mes de marzo de 2004 – ambos inclusive – deben ter a condición de gastos obrigatorios para o concesionario e non poden ser descontados da débeda da empresa.

b) Polo que respecta aos gastos de aluguer soportados polo concesionario no período comprendido entre os meses de abril de 2004 e marzo do ano 2018 (data de finalización do contrato), serían aceptables e polo tanto procedería descontalos do importe a devolver pola concesionaria no importe de amortización máis o financiamento percibido mensualmente e non aplicado á adquisición do terreo e construción da nave. Porén, na alegación presentada, soamente inclúe os contratos de aluguer asinados cos propietarios das naves (documento nº3), pero non acredita



Concello de Vigo

os pagos realmente efectuados neste concepto. O técnico que subscribe e salvo superior criterio, non considera as copias deses contratos de aluguer como xustificantes válidos para acreditar os custes necesarios nos que a empresa incorreu por este concepto. Debería solicitarse da empresa os recibos mensuais ou xustificantes bancarios das transferencias realizadas ou calquera outro documento de pago validamente aceptado.

c) En relación coa documentación aportada como Documento 2 da alegación, incluída coa finalidade de calcular o saldo resultante segundo manifesta o escrito, a concesionaria incrementa nun 10% de gastos xerais, un 6% de beneficio industrial e un 6% de gastos de financiamento, a cuantificación do gasto de aluguer. O incremento do 10% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial é conforme coa estrutura que conforma a oferta económica realizada pola empresa e aprobada no contrato, polo que debe ser aceptada na cuantificación do importe a minorar do reclamado polo Concello a CONTENUR. Porén, non se considera de aplicación o importe indicado cun 6% de incremento sobre o aluguer mensual como gastos de financiamento, xa que os alugueres teñen a consideración de gasto corrente na oferta presentada e polo tanto non suxeitos a custes de financiamento.

O cuarto apartado das alegacións argumenta sobre a imposibilidade de facer efectiva a cantidade reclamada polo Concello de Vigo, con cargo á garantía definitiva do contrato.

A este respecto traslado á consideración dos servizos xurídicos do Concello de Vigo as valoracións legais que procedan en relación coa lexislación aplicable en materias de Contratos do Sector Público, e sobre os argumentos esgrimidos baseados en informes da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, ou Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

CONCLUSIÓN:

Á vista do indicado anteriormente e salvo superior criterio, procede solicitar da empresa CONTENUR ESPAÑA, S.L., unha nova cuantificación económica dos importes a descontar da valoración que o Concello de Vigo lle remitiu, e que a empresa aceptou como certa por importe de 1.893.403,45 € (2.048.481,66 IVE engadido), polos importes percibidos no concepto de Amortización máis Financiamento pola adquisición do terreo e construción da nave industrial, e non aplicados durante o contrato pola empresa.

A mercantil deberá xerar un documento final que contería os importes aboados polo Concello de Vigo durante a prestación do servizo, aos que descontará os gastos soportados por ela en concepto de aluguer, incrementados co 10% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial, pero sen incremento ningún por gastos de financiamento.

Para a elaboración deste documento deberá ter en conta o seguinte:

1. Os gastos de aluguer dos 18 primeiros meses do contrato (outubro de 2002 a marzo de 2004 ámbolos inclusive) non son deducibles por considerarse como gasto obrigatorio para a empresa.

2. A empresa Contenur deberá acreditar os pagos realmente realizados en concepto de aluguer e que pretenda descontar do importe reclamado polo Concello de Vigo, mediante calquera documento que sexa válidamente aceptado en dereito.

Unha vez recibida a nova documentación, procederá evacuar novo informe económico que concluirá coa cuantificación da liquidación que corresponda e que deberá incluír os aspectos relativos ao Imposto sobre o Valor Engadido e os Xuros se fose o caso».

CUARTO.- Nos antecedentes da resolución do concelleiro delegado da área de Fomento e Servizos, de 14 de xuño de 2019, conclúese que «de acordo co informe do xefe do Servizo de Limpeza municipal, arriba transcrito, procede que Contenur España, S.L. acredite, por calquera medio de proba admisible en dereito, o importe das cantidades satisfeitas por alugamentos —nos termos sinalados no devandito informe do xefe do Servizo de Limpeza —, a compensar coa cantidade de 2.048.481,66 euros, a devolver ao Concello de Vigo, satisfeita por este á contratista no concepto arriba indicado. Isto coa precisión de que os saldos mensuais resultantes da compensación deberán actualizarse á data na que se acorde a procedencia e a contía do reintegro a realizar por Contenur España, S.L. mediante a aplicación do interese legal do diñeiro en cada período dos que integran o período total de cómputo, de conformidade co artigo 77 da Lei Xeral Presupuestaria» e dispónse dar «traslado do presente informe a Contenur España, S.L. a fin de que pola dita mercantil, no prazo de quince días hábiles, se acredite por calquera medio de proba admisible en dereito, o importe das cantidades satisfeitas por alugamentos —nos termos sinalados no informe do xefe do Servizo de Limpeza transcrito nos antecedentes do informe—, a compensar coa cantidade de 2.048.481,66 euros, a devolver ao Concello de Vigo, satisfeita por este á contratista no concepto indicado no informe que precede, coas precisións que nas consideracións de Dereito do mesmo se consignan, e, no seu caso, aduza as alegacións que estime pertinentes e achegue os documentos e xustificacións que procedan en apoio das mesmas».

QUINTO.- Presentado, no trámite de audiencia, escrito de alegacións pola interesada e achegada por esta distinta documentación co dito escrito e, posteriormente, a requirimento do xefe do Servizo de Limpeza, por este con data 07/07/2020, emitiuse o informe que de seguido se transcribe:

«En data 17/06/2019, dende o Servizo de Limpeza notificóuselle á empresa CONTENUR a Resolución do Concelleiro delegado de Limpeza de data 14/06/2019, na que se solicitaba desa Entidade a acreditación do importe das cantidades satisfeitas por alugamento das naves nas que prestaran o Servizo a fin de proceder á liquidación do contrato.

En data 05/07/2019 a empresa remitiu vía rexistro electrónico do Concello de Vigo escrito de alegacións que incluía como documento Nº 1 a xustificación dos pagos, e como documento Nº 2 unha táboa resumen cos importes. Este escrito foi



Concello de Vigo

complementado por outro de data 23/10/2019 no que aclaraba e numeraba a documentación presentada no anterior.

Revisada a documentación presentada nestes dous documentos, requiríuselle novamente á empresa en data 28/04/2020 para que cumprimentara e ampliara certos aspectos da documentación que se entendían insuficientes para a xustificación pretendida. A resposta da empresa recibíuse en data 13/05/2020 (Docs.: 200056952 e 200056955) e completouse en data 27/05/2020 (Doc.:200071762), ambos incluídos no expediente.

Con toda a documentación aportada e que figura no expediente, procede neste intre informar sobre a liquidación do contrato, determinando a cifra que adebeda a empresa a resultas de restar do importe aboado polo Concello de Vigo, a suma dos gastos soportados pola mercantil no concepto de aluguer das naves que utilizou para a prestación do servizo.

Non se consideran polo tanto outros importes que a empresa introduce no escrito de alegación de data 05/07/2019, como os correspondentes ás revisións do prezo do contrato non percibidas dos anos 2012 e 2013 por non ter relación cos gastos realmente ocasionados pola non construción da nave industrial.

No antecedente décimo cuarto da orde de inicio do expediente para a liquidación da concesión, ditada polo Concelleiro-delegado da área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 16/07/2018, indícase o total da cantidade percibida pola mercantil en concepto de amortización máis financiamento pola adquisición do terreo e a construción da nave industrial que non se executou durante a vixencia do contrato: **1.893.403,45€ sen iva (máis 155.078,21 de IVE fan un total de 2.048.481,66€ iva engadido)**. Esta cantidade non foi recusada pola empresa en ningún momento, polo que se entende aceptada e correcta.

Nos antecedentes segundo e décimo primeiro do mesmo escrito, queda acreditada a duración do contrato que media entre o **día 01/10/2002 e o día 31/03/2018**, dado que obrou un ano de prórroga.

ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POLA EMPRESA

Primeiro.- No tocante á xustificación dos importes satisfeitos pola empresa no concepto de aluguer pola nave utilizada na prestación do servizo, o escrito de data 02/08/2018 aporta os contratos de arrendamento vencellados co período contractual que se resumen aquí como puntos (i) ao (ix):

(i) Contrato de arrendamento de local de negocio.

- Data: 20/03/2001
- Arrendador: AGRO-GRANXA con CIF B36775328
- Arrendatario: CONTENUR ESPAÑA, con CIF B82806738
- Obxecto de aluguer: Nave de dous andares de 1.200 m² e dun inmovible exterior de 80 m².

- *Tempo de arrendamento: 17 anos. (compromiso de 10 meses como tempo mínimo).*
- *Importe da renda: 7.656.000 pts en 12 mensualidades de 550.000 pts (3.305,56€) + IVE, máis gastos derivados do uso. Cláusula de revisión da renda a partir do primeiro ano conforme á variación do IPC.*
- *Efectos do contrato: **01/04/2001 ata 10/05/2004.***

(ii) Contrato de arrendamento de local de negocio.

- *Data: 10/05/2004*
- *Arrendador: DOLORES PENEDO VÁZQUEZ con CIF 34472412N*
- *Arrendatario: UTE CONTENUR-OTTO ESPAÑA, con CIF G83401711*
- *Obxecto de aluguer: Nave industrial de un andar de 1.040 m²*
- *Tempo de arrendamento: 8 anos. (compromiso de 1 ano obrigatorio).*
- *Importe da renda: 4.808,10 euros por mes máis o IVE correspondente. Por motivos das obras de adecuación, o mes de maio de 2004 queda eximido do pago. Ten cláusula de revisión da renda a partir do 1 de abril de 2005 conforme a variación do IPC. Por conta do arrendatario correrán os gastos derivados do uso.*
- *Efectos do contrato: **11/05/2004 ata 30/04/2012***

(iii) Contrato de arrendamento de local de negocio.

- *Data: 01/05/2012*
- *Arrendador: DOLORES PENEDO VÁZQUEZ con CIF 34472412N e JOSÉ REBOREDO PENEDO con CIF 76672925X , casados en réxime de gananciais.*
- *Arrendatario: CONTENUR, con CIF B82806738*
- *Obxecto de aluguer: Nave industrial de un andar de 1.040 m²*
- *Tempo de arrendamento: 3 meses.*
- *Importe da renda: 3.000,00 euros por mes, incluído o IVE e deducido o IRPF correspondente. Por conta do arrendatario os gastos derivados do uso.*
- *Efectos do contrato: **01/05/2012 ata 31/07/2012.***

(iv) Contrato de arrendamento de local de negocio.

- *Data: 01/08/2012*
- *Arrendador: DOLORES PENEDO VÁZQUEZ con CIF 34472412N e JOSÉ REBOREDO PENEDO con CIF 76672925X , casados en réxime de gananciais.*
- *Arrendatario: CONTENUR, con CIF B82806738*
- *Obxecto de aluguer: Nave industrial de una planta de 1.040 m²*
- *Tempo de arrendamento: 1 AÑO.*
- *Importe da renda: 3.000,00 euros por mes, incluído o IVE e deducido o IRPF correspondente. Por conta do arrendatario os gastos derivados do uso.*
- *Efectos do contrato: **01/08/2012 ata 31/07/2013***

(v) Contrato de arrendamento de local de negocio.



Concello de Vigo

- *Data: 01/08/2013*
- *Arrendador: DOLORES PENEDO VÁZQUEZ con CIF 34472412N e JOSÉ REBOREDO PENEDO con CIF 76672925X , casados en réxime de gananciais.*
- *Arrendatario: CONTENUR, con CIF B82806738*
- *Obxecto de aluguer: Nave industrial de una planta de 1.040 m²*
- *Tempo de arrendamento: 1 AÑO.*
- *Importe da renda: 3.000,00 euros por mes, incluído o IVE e deducido o IRPF correspondente. Por conta do arrendatario os gastos derivados do uso.*
- *Efectos do contrato: **01/08/2013 ata 31/07/2014***

(vi) *Anexo ao contrato de arrendamento de local de negocio para prorrogalo.*

- *Data: 01/08/2014*
- *Efectos da prórroga: **01/08/2014 ata 31/12/2014***

(vii) *Anexo ao contrato de arrendamento de local de negocio para prorrogalo.*

- *Data: 01/01/2015*
- *Efectos da prórroga: **01/01/2015 ata 31/03/2015***

(viii) *Anexo ao contrato de arrendamento de local de negocio para prorrogalo.*

- *Data: 01/04/2015*
- *Efectos do contrato: **01/04/2015 ata 31/07/2015***

(ix) *Contrato de arrendamento de local de negocio.*

- *Data: 30/06/2015*
- *Arrendador: ENRIQUE COSTA LIXA con CIF 36015733X (50%), e actuando en representación de ENRIQUE COSTA RIOS CON CIF: 36143467W (25%) e de MARIA COSTA RIOS con CIF:36157223G (25%)*
- *Arrendatario: CONTENUR, con CIF B82806738*
- *Obxecto de aluguer: Nave industrial de un andar de 1.500 m²*
- *Tempo de arrendamento: 10 ANOS. (dous anos mínimo)*
- *Importe da renda: 2.800,00 euros por mes (Importe sen IVE). sobre este importe se aplicará a retención legalmente establecida. Para o primeiro ano estipúlase unha renda de 2.700,00 euros (importe sen IVE) (dende 01/08/2015 ata 30/06/2016) sobre este importe se aplicará a retención legalmente establecida. Contempla revisión de tarifa de acordo co IPC con efectos dende a mensuralidade de xullo. Por conta do arrendatario os gastos derivados do uso.*
- *Inicio do contrato: 01/07/2015. Primeiro pago 1 de agosto de 2015*
- *Efectos do contrato: **01/08/2015 ata 31/03/2018***

Segundo.- *No informe de data 13/05/2019 desta xefatura de limpeza, xustifícase que os gastos de aluguer dos 18 primeiros meses do contrato (outubro de 2002 a mazo de 2004 ambos inclusive) non son deducibles por considerarse como gasto obrigatoriedade para a empresa. Esta tiña por contrato un prazo de 18 meses para a adquisición do terreo e a construción da nave, establecendo para o adxudicatario a*

obriga de contar cunha nave alternativa durante este período de tempo. Polo tanto, o informe conclúe que os gastos do aluguer da nave durante estes primeiros 18 meses do contrato son considerados como gasto obrigatorio para a empresa e polo tanto non poden ser descontados da cantidade adebedada. Procede polo tanto iniciar o desconto coa cantidade pagada pola empresa no aluguer da nave no mes de abril de 2004.

Terceiro.- *Conforme á documentación aportada pola empresa, procédese a cuantificar os descontos por períodos temporais, relacionando a documentación que xustifica os pagos realmente efectuados pola mercantil cos contratos de aluguer referidos no punto primeiro desta análise.*

Período UN de desconto: abril do 2004.

3.503,63 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando na páxina 19 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, factura nº 003 de Agro-Granxa polo aluguer da Nave a nome da UTE CONTENUR OTTO, por un importe neto sen IVE de 3.503,63 €. Tanto o receptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer referenciado co epígrafe (i) do punto primeiro deste análise.

Período DOUS de desconto: maio do 2004

3.503,63 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando na páxina 20 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, factura nº 007 de Agro-Granxa polo aluguer da Nave a nome da UTE CONTENUR OTTO, por un importe neto sen IVE de 3.503,63 €. Tanto o receptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer referenciado co epígrafe (i) do punto primeiro desta análise.

Período TRES de desconto: xuño a decembro do 2004

33.656,70 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando como documento número un do escrito de data 13/05/2020, a declaración baixo xuramento do representante da empresa Contenur S.L. segundo poder que tamén achega. A declaración fai referencia a que o gasto realmente soportado polo aluguer da nave para ese período de tempo ascendeu a 33.656,70€ sen IVE, e foi aboado á titular do contrato de arrendamento. Tanto o receptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise que indica un custe mensual de 4.808,10 euros mensuais sen IVE.

Período CATRO de desconto: xaneiro a decembro do 2005

58.841,56 € sen IVE



Concello de Vigo

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 21 e 22 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 58.841,56. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer e o incremento do IPC de aplicación.

Período CINCO de desconto: xaneiro a decembro do 2006

61.016,19 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando como documento número dous do escrito de data 13/05/2020, a declaración baixo xuramento do representante da empresa Contenur S.L. segundo poder que tamén achega. A declaración fai referencia a que o gasto realmente soportado polo aluguer da nave para ese período de tempo ascendeu a 61.016,19€ sen IVE, e foi aboado á titular do contrato de arrendamento. Tanto o perceptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, co incremento de IPC de aplicación.

Período SEIS de desconto: xaneiro a decembro do 2007

62.889,62 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 25 e 26 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 62.889,62 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer e o incremento do IPC de aplicación.

Período SETE de desconto: xaneiro a decembro do 2008

65.091,91 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando o 27/05/2020 as facturas de números correlativos do 44 ao 55 do ano 2008, da titular do contrato polo aluguer da Nave a nome da UTE CONTENUR OTTO, por un importe neto sen IVE de 5.294,61 € de xaneiro a maio, e de 5.516,98 € de xuño a decembro. Todas as facturas importan un total de 65.091,91€. Tanto o perceptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer identificado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, co incremento do IPC de aplicación.

Período OITO de desconto: xaneiro a xullo do 2009

38.618,86 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 29 a 31 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 38.618,86 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual para o período indicado, indicado no contrato de aluguer máis o incremento do IPC de aplicación.

Período NOVE de desconto: agosto a decembro do 2009

27.584,90 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando como documento número tres do escrito de data 13/05/2020, as facturas de números correlativos do 8 ao 12 do ano 2009, da titular do contrato referenciado co epígrafe (ii), polo aluguer da Nave a nome de CONTENUR S.L., por un importe neto sen IVE de 5.516,98 €/mes de agosto a decembro. O total das facturas importa 27.584,90 € para o período. Tanto o perceptor como o importe son coherentes co contrato de aluguer identificado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, co incremento do IPC de aplicación. Cabe suññar neste punto que en data 01/06/2009, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, autorizou a transmisión por parte de OTTO INDUSTRIAL E MEDIO AMBIENTE S.A. a súa parte na U.T.E á empresa CONTENUR, polo que esta xa foi a única prestadora do servizo e polo tanto a que asumiu os compromisos da U.T.E. como o aluguer ao que nos referimos nesta análise.

Período DEZ de desconto: xaneiro a decembro do 2010

66.783,08 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 34 a 36 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 66.783,08 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer máis o incremento do IPC de aplicación.

Período ONCE de desconto: xaneiro a decembro do 2011

50.309,90 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 37 a 39 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do



Concello de Vigo

ingreso que é a mesma titular do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 50.309,90 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer máis o incremento do IPC de aplicación.

Período DOCE de desconto: xaneiro a decembro do 2012

40.349,60 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 40 a 42 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular dos contratos de aluguer referenciados cos epígrafes (ii), (iii) e (iv) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 40.349,60 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer, tendo en conta que o contrato (ii) ven dunha aplicación base de 4.808,10 euros e os dous últimos (iii) e (iv) rondan un importe sen iva de uns 3.140,00 €/mes.

Período TRECE de desconto: xaneiro a decembro do 2013

37.402,68 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 43 a 45 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular dos contratos de aluguer referenciados cos epígrafes (iv) e (v) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 37.402,68 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer.

Período CATORCE de desconto: xaneiro a decembro do 2014

37.402,68 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 46 a 48 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular dos contratos de aluguer referenciados cos epígrafes (v) e (vi) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 37.402,68 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer.

Período QUINCE de desconto: xaneiro a xullo do 2015

21.649,53 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 49 a 51 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 296 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta de persoas non residentes en España. O documento identifica á persoa perceptora do ingreso que é a mesma titular dos contratos de aluguer referenciados cos epígrafes (vii) e (viii) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 21.649,53 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer para o período referido.

Período DEZASEIS de desconto: agosto a decembro do 2015

13.500,00 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 52 a 54 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 180 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta para o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). O documento identifica ás persoas perceptoras do ingreso que son as mesmas titulares do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ix) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 14.721,38 €. Dita cifra é superior ao indicado no contrato referido, que na cláusula 4.2 estipula para o primeiro ano do contrato unha renda mensual de 2.700 €. Neste caso, para cinco mensuralidades do ano 2015 obtense un importe a descontar de 13.500 € sen IVE, que é a cifra que se considerará para os cálculos neste informe, inferior á xustificación aportada pola empresa.

Período DEZASETE de desconto: xaneiro a decembro do 2016

33.000,00 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 55 a 58 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 180 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta para o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). O documento identifica ás persoas perceptoras do ingreso que son as mesmas titulares do contrato de aluguer referenciado co epígrafe (ix) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 33.000,00 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer para o período referido.

Período DEZAOITO de desconto: xaneiro a decembro do 2017

33.852,00 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando nas páxinas 59 a 62 da documentación aportada xunto co escrito de alegacións de data 05/07/2019, o modelo 180 da Axencia tributaria española correspondente ao resumo anual de retencións/ingresos a conta para o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). O documento identifica ás persoas perceptoras do ingreso que son as mesmas titulares do contrato de aluguer



Concello de Vigo

referenciado co epígrafe (ix) do punto primeiro desta análise, e a cantidade ingresada de 33.852,00 €. Dita cifra atopase en concordancia co importe mensual do aluguer máis o incremento do IPC de aplicación.

Período DEZANOVE de desconto: xaneiro a marzo do 2018

8.526,00 € sen IVE

Xustifica o gasto presentando como documento número catro do escrito de data 13/05/2020, as facturas de números correlativos do 1 ao 3 do ano 2018, de cada un dos tres titulares (unha factura por cada un deles coa mesma numeración) do contrato referenciado co epígrafe (ix), polo aluguer da Nave a nome de CONTENUR S.L., por un importe neto sen IVE de 2.842,00 €/mes de xaneiro a marzo. O total das facturas importa 8.526,00€ para o período. Tanto os perceptores como o importe son coherentes co contrato de aluguer identificado co epígrafe (ix) do punto primeiro desta análise, co incremento do IPC de aplicación.

Resumindo o anterior, os gastos xustificadas pola empresa son:

PERÍODO	DATAS	IMPORTE SEN IVE
0	outubro de 2002 a mazo de 2004 (período obrigatorio)	0,00
1	abril do 2004	3.503,63
2	maio do 2004	3.503,63
3	xuño a decembro do 2004	33.656,70
4	xaneiro a decembro do 2005	58.841,56
5	xaneiro a decembro do 2006	61.016,19
6	xaneiro a decembro do 2007	62.889,62
7	xaneiro a decembro do 2008	65.091,91
8	xaneiro a xullo do 2009	38.618,86
9	agosto a decembro do 2009	27.584,90
10	xaneiro a decembro do 2010	66.783,08
11	xaneiro a decembro do 2011	50.309,90
12	xaneiro a decembro do 2012	40.349,60
13	xaneiro a decembro do 2013	37.402,68

PERÍODO	DATAS	IMPORTE SEN IVE
14	xaneiro a decembro do 2014	37.402,68
15	xaneiro a xullo do 2015	21.649,53
16	agosto a decembro do 2015	13.500,00
17	xaneiro a decembro do 2016	33.000,00
18	xaneiro a decembro do 2017	33.852,00
19	xaneiro a marzo do 2018	8.526,00
TOTAL SEN IVE	Outubro 2002 a marzo 2018	697.482,47

Cuarto.- Sobre a cantidade adebedada pola empresa CONTENUR S.L. ao concello de Vigo polo concept da non adquisición do terreo e non construción da nave industrial, ocasionados polo acordo da Xunta de Goberno Local de 30/04/2004.

Como quedou dito nos antecedentes deste informe, o importe aboado polo Concello de Vigo antes de impostos foi de 1.893.403,45€. Este importe procede da imputación dos custes da amortización da instalación incluídos na oferta do adxudicatario, aplicándolle os gastos xerais e o beneficio industrial tamén da oferta (16%).

Os gastos soportados pola empresa no mesmo período ascenden a 697.482,47€, calculados conforme ao indicado neste informe. Este gasto trasladado á oferta quedaría incluído dentro do epígrafe "total de explotación do servizo", ao que logo se lle aplicaríase o 16% de gastos xerais e beneficio industrial para calcular o importe da execución por contrata.

$$697.482,47\text{€} \times 1,16 = 809.079,67 \text{ €}$$

Deste xeito, os gastos soportados pola empresa no mesmo período e trasladados á súa oferta ascenden a 809.079,67 €, a deducir do importe aboado polo Concello de Vigo 1.893.403,45€, do que resulta **un total a liquidar de: 1.084.323,78€** antes de impostos, a favor do Concello de Vigo.

Quinto.- Sobre a repercusión do IVE.

Este importe así calculado nos puntos terceiro e cuarto da análise non inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Ao longo de todo o tempo do contrato, a empresa facturou ao concello de Vigo, e este pagou, importes que incluían o imposto regulamentario en cada momento. Conforme aos antecedentes deste informe, a cantidade aboada polo concello de Vigo en concepto de IVE pola amortización máis o financiamento da adquisición do terreo e construción da nave non realizados foi de 155.078,21€.



Concello de Vigo

Así mesmo, a empresa pagou os importes referidos aos arrendatarios tamén co correspondente imposto. Dado que non se dispón de documentación suficiente, non se pode coñecer a cifra exacta aboada pola empresa. En todo caso, a empresa compensou este IVE durante a vixencia do contrato e polo tanto para ela non supuxo un gasto nin tampouco un beneficio. Porén o concello como cliente finalista non compensou o IVE que soportou como gasto, polo que procede incluílo no importe que a empresa debe devolver.

A empresa pola súa banda debe regularizar este IVE que agora devolve coa Axencia Tributaria española, nos exercicios económicos correspondentes e polos procedementos que sexan de aplicación.

Ao non dispor da documentación detallada das mensualidades aboadas pola empresa, non se pode facer unha cuantificación dos importes pagados por ela en concepto de IVE mes a mes. Hai que ter en conta que o imposto na taxa reducida que é a aplicable a este procedemento, sufriu modificacións ao longo do contrato, pasando do 7% ao inicio do mesmo, incrementándose logo ao 8% para rematar ao 10%.

Sexto.- *Importe resultante final.*

Polo anterior procédese a prorratear as cantidades totais para obter a cifra final que debe liquidar a empresa :

$(1.893.403,45-809.079,67) \times (2.048.481,66 / 1.893.403,45) = \mathbf{1.173.134,75 \text{ €}}$

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- As cantidades a compensar por gastos de alugamento, consignadas no informe do xefe do Servizo de Limpeza que vai transcrito, pódense considerar acreditadas, de acordo cos criterios de valoración da proba establecidos na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro de Axuizamento Civil, a que se remite o artigo 77 LPACAP.

SEGUNDA.- Canto aos xuros da cantidade adebedada procede estimar a alegación formulada pola interesada, pois é certo que as cantidades percibidas por esta, en concepto de amortización máis financiamento pola adquisición do terreo e a construción da nave industrial que non se puido realizar durante a vixencia do contrato, non constitúe un pago indebido nin é resultado dun procedemento de revisión de oficio do que resulte a invalidez dun pago a que se refire o artigo 77 LGP, senón que constitúe o resultado do axuste, en forma de compensación, ordenado polo acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2004, arriba referido, no que non figura referencia algunha a xuros de mora, e no que se fai constar que: «Como o cambio afectará á composición do canon, porque aumentan os gastos de alugamento e diminúen os financeiros sen que se poida determinar a contía destes, o axuste do mesmo deberase facer cando se realice a operación da compra dos terreos e o concesionario deberá continuar en réxime de alugamento nas súas actuais instalacións».

Como queira que a adquisición dos terreos e a construción da nave non se puido realizar pola anulación do PXOM 2008/2009 e a imposibilidade de aprobar os instrumentos de planeamento, xestión e execución do ámbito no que había de emprazarse a edificación pactada, o axuste efectúase agora, en forma de liquidación do contrato.

TERCEIRA.- Canto á alegación relativa á devolución do aval constituído no seu día en garantía do cumprimento das obrigas do contrato a que se refire o presente acordo, cómpre reiterar aquí a contestación dada no expediente municipal incoado a propósito desta específica pretensión: se a execución da garantía so pode ter lugar polo incumprimento culpable do debedor principal —no presente caso de Contenur, S.L.— das obrigas garantizadas por ela, a obriga de prestar a garantía se extingue —e procede a súa devolución— ao mesmo tempo que a do debedor principal (artigo 1.847 do Código Civil). A obriga do debedor principal —Contenur, S.L.— se extingue, tal e como dispón o artigo 44 do TRLCAP/2000, unha vez que venza o prazo de garantía e se teña cumprido satisfactoriamente o contrato, sen que resulten responsabilidades do contratista das que deba responder as mesmas.

Como queira que a solicitante reconece a súa obriga de devolver as cantidades percibidas por esta en concepto de amortización polo prezo de adquisición dos terreos e a construción da nave, coas minoracións que procedan, e que esta obriga de devolución de cantidades é unha obriga derivada do contrato, de cuxo cumprimento responde tamén a garantía, de conformidade co artigo 43 TRLCAP/2000, resulta que ata que o contratista cumpra esta obriga de devolución de cantidades non procederá a devolución da garantía.

Daquela, satisfeito pola interesada o importe da cantidade que se declare como adebedada por esta a favor do concello de Vigo, como consecuencia da compensación practicada, procederá a devolución do aval constituído en garantía do cumprimento das obrigas do contrato a que se refire o presente acordo.

CUARTA.- É competente para resolver o presente expediente a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda 4 LCSP).

Por todo o exposto, os asinantes do presente informe propoñen á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Liquidar a obriga de Contenur España, S.L. de devolución ao concello de Vigo das cantidades satisfeitas por este á primeira, en concepto de amortización e financiamento pola adquisición do terreo e a construción da nave industrial, prevista como obriga da adxudicataria no contrato de instalación, limpeza, mantemento e reparación de colectores, adxudicado a dita mercantil pola Administración municipal en data 29 de xullo de 2002, que non puido ser realizada durante a vixencia do contrato, determinando como cantidade a devolver ao concello de Vigo por parte de Contenur España, S.L. a cantidade de **un millón, cento setenta e tres mil, cento trinta e catro, con setenta e cinco euros (1.173.134,75 €)**.



Concello de Vigo

Segundo.- Considerar liquidado o devandito contrato coa devolución ao concello de Vigo da devandita cantidade.

Terceiro.- Devolta que sexa a mesma ao concello de Vigo, procédase á devolución da garantía constituída para responder do cumprimento das obrigas do contrato; operación CVD 200200038943.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(604).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14674/306.

Dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado polo técnico de administración xeral, o xefe dd Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Con data 17.02.2020, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emitiu, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, informe xustificativo sobre a necesidade de iniciar procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias no Concello de Vigo.

I.2. Con data 17.02.2020, a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude da delegación de competencias do alcalde nos concelleiros delegados de Área de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOBPO 01/08/2020), resolveu “Iniciar o procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias no termo municipal de Vigo” (exp. nº 14674/306).

I.3. En sesión ordinaria do 27.02.2020, A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, adoptou acordo coa seguinte parte dispositiva:

“(…)

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia e dar publicidade deste a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

(…)”.

I.4. Segundo resulta da certificación expedida o 29.06.2020 pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, de orde e co visto e prace da Alcaldía, durante o prazo sinalado no Anuncio deste Concello, publicado na Web do Concello de Vigo en data 28-02-2020, para a consulta pública previa, e presentación de alegacións e suxestións á “Ordenanza específica de Praias. EXPTE. 14674-306”, que rematou o día 12 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes suxestións:

1. J. M. P.(Doc. 200045778).
2. C. R. L. P. (ECOLOXISTAS EN ACCION VIGO) Doc. 200066337).
3. L. G. O. (Doc. 200101575).
4. A. M. P. C. (Doc. 200101998).
5. J. A. M. C. (Doc. 200104850).
6. F. A. L. R. (Doc 200105620).
7. F. A. L. R. (Doc 200105631).
8. F. A. L. R. (Doc 200105647).
9. NOFUMADORES ORG (Doc. 200105896).

I.5. Con data 07.07.2020, o equipo técnico-xurídico da oficina de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe relativo á proposta de Ordenanza reguladora do uso e desfrute dos areas do Concello de Vigo.

I.6. Con data 09.07.2020, Doc. nº 200122962, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido pola Directora Adxunta do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no que da traslado, no eido das súas competencias, dunha serie de consideracións á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo.

I.7. Con data 20.07.2020, Doc. nº 200130752, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) no que se manifesta a conformidade do devandito organismo á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC).
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (LEG).
- Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.
- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



Concello de Vigo

- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

III. INFORME

III.1. É intención do Concello de Vigo aprobar, en exercicio da súa potestade regulamentaria e con base nas competencias que ostenta en materia de salubridade pública e, especificamente, de acordo co estipulado no Art. 115 da LC, unha Ordenanza que regule o uso e disfrute dos areas do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

En efecto, o citado Art. 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

III.2. Os elementos fundamentais desta nova ordenanza poden sintetizarse nos seguintes:

III.2.1. Xustificación:

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areas do municipio e os riscos que elo pode entrañar, xustifican a promulgación desta Ordenanza habida conta da necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade nos mesmos. Configurase como necesario para o Concello de Vigo, o conxugar dunha parte a seguridade e de outra a protección da salubridade dos areas, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenrolo turístico de calidade.

En definitiva, a Ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e disfrute dos areas do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

III.2.2. Obxecto e ámbito de aplicación:

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e disfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

As súas determinacións serán de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de Costas e/ou que teña a consideración de areal, así como aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras Administracións Públicas na materia.

Nos areais do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

III.2.3. Contido e alcance:

Formalmente, a Ordenanza consta dunha exposición de motivos e a súa parte dispositiva estrutúrase en 12 Títulos, 8 Capítulos e un total de 39 artigos, e unha parte final integrada por unha disposición derogatoria e unha disposición final. Complétase con un Anexo no que se inclúen os areais comprendidos no término municipal, así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia.

Regúlanse no texto, no seu Título I, unha serie de disposicións xerais que conteñen o ámbito de aplicación e as definicións dos elementos obxecto de ordenación. O Título II contén as normas xerais aplicables ao uso e desfrute dos areais. O Título III está adicado ás normas de carácter hixiénico sanitario e calidade da auga, abarcando cuestións relativas á limpeza dos areais, residuos, presenza de animais, etc. O Título IV está adicado ás normas xerais aplicables aos emprazamentos de obras, actividades e instalacións. O Título V, adicado á Vixilancia, Salvamento, Socorrismo e Asistencia Sanitaria de Primeiros Auxilios en determinados areais do municipio, determina as funcións mínimas do persoal de salvamento contratado polo Concello, e paralelamente as obrigas dos bañistas para facilitar o seu traballo. O Título VI recolle as normas xerais aplicables á circulación de vehículos nos areais. O Título VII adicase ás acampadas nos areais. O Título VIII contén as normas aplicables á pesca recreativa nos areais, xa sexa costeira ou submarina. O Título IX, adicado ás actividades náuticas, abarca cuestións relativas á navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais, así como á ocupación do espazo público con aparellos de navegación. O Título X contén as normas aplicables ás actividades deportivas, culturais e xogos na area. O Título XI adicase a venda ambulante e outras actividades lucrativas. O Título XII, derradeiro, ao longo de catro capítulos explicita o réxime sancionador aplicable ás infraccións ao disposto na presente Ordenanza. Neste Título faise un recoñecemento expreso da normativa aplicable na actualidade, incorporando en canto ás contías das sancións económicas e á clasificación das infraccións as previsións do Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó da Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación da Ordenanza.

III.2.4. Garantía de cumprimento:

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.



Concello de Vigo

As infraccións á Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

III.3. Para a redacción do proxecto de Ordenanza de Vigo tivéronse en conta, entre outras, as ordenanzas municipais de Málaga, Alicante, Benidorm, Algeciras, Tarifa, Donostia-San Sebastián e Oleiros.

III.4. Coa intención de propiciar a participación activa e a colaboración dos servizos técnicos municipais, remitiuse a proposta do proxecto de Ordenanza a distintos servizos técnicos e xurídicos municipais e ás concellerías implicadas, a fin de que estudasen o texto do proxecto e formularsen as observacións que estimasen oportunas. Igualmente, e có mesmo obxecto, remitiuse a proposta do proxecto de Ordenanza ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) e ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

III.5. Ademais, por aplicación do disposto no artigo 133 da LACAP, en sesión ordinaria do 27.02.2020, a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, acordou abrir o trámite de consulta pública previsto na norma citada, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o considerasen puidesen facer chegar as súas opinións e consideracións sobre o texto da proposta de proxecto de Ordenanza.

III.6. Rematado o trámite de consulta pública, recibíronse escritos de observacións e suxestións por parte de J. M. P. (Doc. 200045778), C. R. L. P. (ECOLOXISTAS EN ACCION VIGO) (Doc. 200066337), L. G. O. (Doc. 200101575), A. M. P. C. (Doc. 200101998), J. A. M. C. (Doc. 200104850), F. A. L. R. (Doc 200105620; Doc 200105631; Doc 200105647), NOFUMADORES ORG (Doc. 200105896).

Asemade, con data 09.07.2020, Doc. nº 200122962, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido pola Directora Adxunta do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no que da traslado, no eido das súas competencias, dunha serie de consideracións á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e disfrute dos areais do termo municipal de Vigo.

III.7. Todos e cada un deles foron obxecto de valoración técnica detallada, motivando nalgúns casos a reconsideración, total ou parcial, de determinados preceptos e contidos da proposta inicial de Ordenanza. Noutros casos, as modificacións introducidas no texto inicial realizáronse de oficio coa intención de completar e mellorar aquela regulamentación.

III.8. Dado o carácter preliminar e preparatorio da fase procedimental na que nos atopamos, non procede entrar agora na análise pormenorizada de cada un dos escritos; análise que se realizará con ocasión do estudo das alegacións que, de ser o caso, se formulen ó texto da Ordenanza inicialmente aprobada.

IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materia de protección da salubridade pública (Art. 25.2.j] LRBRL e Art. 80.2.h] LALGA).

O artigo 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

IV.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

IV.3. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

IV.4. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

IV.5. De acordo co artigo 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

1. Aprobación inicial polo Pleno.
2. Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
3. Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
4. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.6. O Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016, refírese ao “procedemento regulamentario”, dedicando o seu Capítulo I ao “procedemento regulamentario común”, contemplando un prazo concreto para a presentación de emendas polos grupos municipais, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

IV.7. Entrada en vigor: Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integra-



Concello de Vigo

mente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

V. PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

VII. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ao Pleno da Corporación Municipal, por proposta da Xunta de Goberno Local e previa aprobación do proxecto pola mesma, a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no apartado V do precedente informe.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

A simultaneidade das competencias existentes na protección do patrimonio costeiro e a gran presión dos usos aos que se somete, non pode facer perder de vista aos concellos a perspectiva de conseguir, como prioritario en todas as actividades, a protección da salubridade e seguridade dos usuarios de este ben público, sendo polo tanto obrigación das Entidades Locais garantir as mesmas, así como a protección do medio ambiente, con independencia de cal sexa o eixo de interacción de todos os factores que participan no escenario do dominio público litoral.

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areais do municipio e os riscos que elo pode entrañar, fundamentan a necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade nos mesmos. Configurase como necesario para o Concello de Vigo, o conxugar dunha parte a seguridade e de outra a protección da salubridade dos areais, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenvolvemento turístico de calidade. En consecuencia, tamén se inclúe todo o relativo a servizos, instalacións, limpeza, conservación do medio, zonas de baño e demais materias que incidan na prevención e a seguridade.

En definitiva, esta Ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e disfrute dos areais do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

II.

O noso ordenamento constitucional recoñece no seu artigo 45 o dereito da cidadanía a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Así mesmo, corresponde aos poderes públicos o velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 4.1, letra a), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos municipios, as provincias e as illas na súa calidade de Administracións Territoriais a Potestade Regulamentaria como facultade para producir as normas necesarias para regular a vida cidadá. A tal efecto, o exercicio da Autonomía Local implica a capacidade de aprobar normas xerais no eido das súas competencias e no marco da Lei. Igualmente, a devandita Lei recoñece que os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado que teñen dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, tendo plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, no ámbito das súas respectivas competencias.

O artigo 25.2, letra j), do mencionado texto legal outorga aos concellos, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias para garantir a protección da salubridade pública.



Concello de Vigo

Haberá de estar igualmente ao establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

A principal lei sectorial neste ámbito é a Lei 22/1988, de 28 de xuño, de Costas. De acordo co disposto no seu artigo 3.1, letra b), as praias constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, en consonancia co disposto no artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da citada Lei de Costas atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

Dentro da normativa sectorial igualmente hai que ter en conta o Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.

Nos areas do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia será tamén de aplicación o Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Neste marco de principios e atribucións, a franxa litoral defínese como un recurso natural, particularmente atractivo e moi utilizado, especialmente en diversas épocas do ano. Ao soportar unha elevada presión de uso, demanda unha especial atención e ordenación institucional por ser un espazo fráxil proclive a desequilibrios produto da acción humana.

Dito recoñecemento do valor territorial debe ir acompañado dunha garantía de seguridade e protección da salubridade no uso e desfrute deste espazo. A protección dos riscos para a saúde non é un obstáculo ao auxe turístico e de desenrolo senón unha necesidade demandada polo cidadá e un valor engadido á oferta de calidade do noso patrimonio litoral.

Na súa virtude, o Concello de Vigo elaborou unha Ordenanza reguladora do uso e desfrute dos areas do litoral municipal como instrumento de concienciación, convivencia e xestión eficaz do dominio público costeiro no ámbito de competencia municipal, que permita a compatibilidade dos dereitos e deberes dos usuarios da zona costeira coa protección do noso espazo natural.

Todo isto ven a xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo a obrigaón das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

TITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de Costas e/ou que teña a consideración de areal, así como aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras Administracións Públicas na materia.

Os areais comprendidos no término municipal,- así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia - son os que figuran no Anexo desta Ordenanza.

Nos areais do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

Artigo 3. Exercicio de competencias municipais

As competencias previstas nesta Ordenanza serán exercidas polos órganos municipais que sexan competentes conforme ás normas vixentes que regulen en cada momento as atribucións de ditos órganos.

En situacións de emerxencia estas serán xestionadas segundo o disposto na Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia e resto de lexislación relativa a Protección Civil.

Para o desenrolo de ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 4. Supostos non regulados

Nos supostos non regulados na presente Ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puideran estar comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación, seranlle aplicadas por analoxía as normas que garden similitude co caso mencionado.

Artigo 5. Cumprimento da ordenanza.

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na presente Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade



Concello de Vigo

prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na presente Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

CAPÍTULO II. DEFINICIÓNS E SINALIZACIÓN PREVENTIVA

Artigo 6. Definicións

A efectos da presente Ordenanza, enténdese como:

- a) Areas: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpes, bermas e dunas, incluíndo, estas últimas, ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e defensa da costa.
 - b) Dunas: depósitos sedimentarios constituídos por montículos de area, teñan ou non vexetación, que se alimenten da area transportada pola acción do mar, do vento mariño ou por outras causas.
 - c) Augas de baño: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.
 - d) Zonas de augas de baño: Área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada ao efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.
 - e) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.
 - f) Tempada de baño: e o período de tempo no que se pode prever, cunha alta frecuencia, a afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. A efectos da presente ordenanza, considerase como o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.
- O Concello de Vigo poderá variar dito período en función das circunstancias climatolóxicas.
- g) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
 - h) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
 - i) Animal de compañía: Todo aquel, que sendo doméstico ou silvestre, tanto autóctono como alóctono é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa algunha sobre el.
 - l) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución algunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.
 - m) Órgano xestor de praias (OXP): órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a Concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual, sendo membros deste as concellerías, departamentos e servizos implicados na

xestión, mantemento, conservación e protección dos areais municipais e a súa contorna, no ámbito das competencias municipais.

Artigo 7. Sinalización preventiva

1. Como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: Apto para o baño.
- Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
- Vermella: Prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. En todo caso as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente e de xeito claro o perigo a previr.

3. A través de todos os medios posibles de comunicación, divulgarase a información precisa para o adecuado desfrute dos areais. Na súa virtude, os elementos de sinalización (paneis, carteis, etc.) deberán conter, na medida do posible, a seguinte información básica:

- a) Nome do Municipio.
- b) Nome do areal, cala ou porción da costa.
- c) Ubicación física e características do areal ou cala na que se atope (Lonxitude, límites, localización), determinando expresamente disposición ou non dun Servizo de Vixilancia e salvamento. Cando o areal teña servizo de vixilancia, incluíranse os horarios de cumprimento e prestación de dito servizo, conforme ao previsto no correspondente contrato de prestación do servizo público de socorrismo e salvamento en determinados areais do Concello de Vigo.
- d) Un pequeno plano dos diferentes servizos dos que dispón o areal ou cala particularizando a situación de pasarelas para discapacitados, teléfonos, duchas, aseos, etc.
- e) Aclaracións sobre os diferentes indicadores de perigo que se atopen nos areais: bandeiras, sinais, sinais acústicas, etc.
- f) Accesos ao areal: peonil, para vehículos ou para embarcacións.
- g) Accesos para discapacitados, con especial descrición dos accesos para os vehículos de emerxencia.
- h) Número de teléfono de emerxencias.
- i) Lugar onde se atopan os postos de socorro mais cercanos.
- l) Aquelas prohibicións xerais e/ou específicas que interese resaltar.
- m) Tipo de uso do areal.
- n) Clasificación vixente das augas de baño, así como calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse do mesmo, mediante unha sinal ou símbolo sinxelo e claro.



Concello de Vigo

- ñ) Calidade das augas de baño durante a tempada, baseada nos resultados da inspección visual do areal e da auga e nos resultados analíticos dos parámetros obrigatorios.
- o) Sempre que se prohiba o baño ou se recomende absterse deste, unha advertencia na que se informe ao público interesado indicando os motivos.
- p) Unha indicación de fontes para obter información máis completa.
- q) Calquera outra información que veña determinada pola normativa vixente.

4. Os elementos de sinalización deberán cumprir as prescricións contidas na lexislación de costas, no planeamento urbanístico, así como as contidas no Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia respecto dos areas do término municipal que estean incluídos no citado Parque, estando supeditada a súa instalación á autorización do órgano competente deste.

TITULO II. NORMAS XERAIS: USOS E DESFRUTE DOS AREAIS

Artigo 8. Utilización do dominio público marítimo terrestre.

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre, será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como estar, pasear, bañarse, e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades se realicen de acordo co disposto nas Leis e Regulamentos e na presente Ordenanza, sen prexuízo do establecido na Lei de Costas e o seu Regulamento sobre as reservas demaniais.
2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.
3. As instalacións que se autoricen nos areas serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso sen que en ningún caso poda desnaturalizarse o uso público dos areas.
4. Unicamente poderase permitir a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na Lei de Costas e o seu Regulamento.
5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente Ordenanza, deberá dispoñer da preceptiva autorización polo órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.
6. A práctica de nudismo integral está delimitada a aqueles areas que de xeito tradicional recollen esta práctica, limitándose exclusivamente á superficie de area. Nos accesos e infraestruturas asociadas a estes espazos non está permitido.

Artigo 9. Dereitos e deberes dos usuarios

1. Os usuarios da zona de dominio público e a súa zona de protección teñen o dereito ao mantemento e á mellora dos niveis de medio ambiente e de calidade de vida esixibles de acordo co ordenamento vixente e coa presente Ordenanza.

2. Todos os usuarios teñen a obriga de utilizar correctamente o espazo público regulado nesta Ordenanza, así como as instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar en calquera caso o dereito que tamén teñen os outros usuarios a usalo e disfrutalo

3. Os usuarios teñen o dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.

4. O Concello, a través do servizo 010 e demais formas legalmente previstas, atenderá as reclamacións ou suxestións dos usuarios, e posteriormente exercerá as accións que en cada caso correspondan.

5. De forma xenérica, os usuarios teñen o deber de cumprir as normas contempladas na presente Ordenanza, debendo adoitar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a agua de baño e demais instalacións ao servizo das praias.

6. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade á cidadanía que visite os areas non lle está permitido:

a) O emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer. Exceptúanse desta prohibición os casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, que poderán ser autorizados pola autoridade competente, previa petición fundada.

b) Facer lume nos areas e contorna inmediata; tanto na area, zonas de rochas ou zonas verdes, a excepción das actividades autorizables polo órgano competente en materia de seguridade e sempre que estean vinculadas a unha festa con tradición popular.

c) O emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable no areal e contorna.

d) Calquera outro artefacto, con características diferentes ao punto c e que permita cociñar no areal e contorna.

e) O uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa, no areal e contorna.

f) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.

g) Calquera acción ou elemento que limite, diminúa ou dificulte; o acceso dos/as usuarios/as, a labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía local, Protección civil ou calquera outra autoridade.

h) O emprego de elementos ou artefactos con capacidade de moverse pola acción do vento e desprazarse pola area, independentemente da súa finalidade e características.

7. Respecto aos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública, a súa utilización polos usuarios será acorde ao fin para o cal están destinados.

TÍTULO III. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO E CALIDADE DA AUGA

CAPITULO I. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO

Artigo 10. Limpeza dos areas



Concello de Vigo

1. No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica atribúe a administración municipal, corresponde ao Concello de Vigo a limpeza e mantemento das praias do termo municipal.

2. A limpeza realizarase do xeito que sexa mais adecuado ás características de cada unha das praias, coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo, realizando as seguintes actividades:

a) Retirada das praias de todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos na mesma.

b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.

c) Retirada de algas, no caso de que iso sexa necesario. Atendendo a criterios técnicos e en aras da conservación das comunidades naturais e procesos ecolóxicos, poderanse establecer restricións temporais á retirada das arribazóns da beira dos areais.

d) Naquelas zonas onde existan sistemas dunares en calquera estadio de conservación protexidas mediante un peche, deberá respectarse unha distancia de protección suficiente na limpeza mecánica.

e) Na limpeza de zonas contiguas aos areais (tales como paseos ou infraestruturas similares) non se poderá baldear cara aos areais, debendo ademais, de forma progresiva, utilizarse formas de limpeza que sexan o máis sustentables posible.

No caso de retirar acumulacións de area esta deberá ser depositada na liña de marea, libre de residuos antrópicos.

3. Co fin de facilitar a limpeza das praias non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

4. Nos areais do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia nas tarefas de limpeza rexeran as normas do Plan reitor de uso e xestión (PRUX).

Artigo 11. Residuos

1. Nos areais será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.

2. Queda prohibido aos usuarios dos areais arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar como papeis, cabichas, restos de comida, latas, botellas, cascas de froitos secos, etc., así como deixar abandonados nesta mobles, carriños, caixas, embalaxes, etc. debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3. Os residuos depositaranse nas correspondentes papeleiras e contedores que ao efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

4. Para o uso correcto de ditos contedores deberán seguirse as seguintes normas:

a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, entullos, madeiras, efectos, etc., así como tampouco para animais mortos.

b) No se depositarán neles materiais en combustión.

- c) Os residuos depositaranse no interior do contedor, evitando o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu arredor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito no contedor máis próximo.
- d) Unha vez depositados os residuos deberá pechase a tapa do contedor.
- e) Os residuos orgánicos, antes de ser depositados no contedor, deberán de introducirse nunha bolsa perfectamente pechada.

5. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia os visitantes deberán levar consigo os seus residuos ao non existir no mesmo papeleiras nin contedores de residuos a disposición do público xeral.

6. Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á limpeza desta coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso depositando os restos nos contedores habilitados para isto. Os titulares destes servizos deberán dispor de contedores de recollida selectiva.

7. Calquera evento que estea debidamente autorizado deberá manter (dende a preparación ata a finalización) as condicións de hixiene e limpeza do espazo, fomentado a disposición e distribución de colectores acordados á separación selectiva de residuos que directa ou indirectamente poda xerar a actividade. Sen prexuízo doutros requirimentos de limpeza ou de hixiene vinculados á autorización correspondente.

8. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan necesarias, poderanse facer traballos de limpeza e mantemento das embarcacións de pesca tradicionais varadas no areal e acceso dos areas que na actualidade conservan esta actividade; areas do Portiño, A Buraca, A Fontaiña, A Calzoa, O Cocho, Ríos pilón e Ríos rampla e O Mende. Durante a realización destes é obrigatorio establecer as medidas precisas para evitar a caída de restos ou outros residuos afíns sobre a area e contorna. Todos os residuos xerados deberán ser depositados nos colectores adecuados e, en caso de ser tóxicos e perigosos, nun punto limpo ou xestor autorizado.

9. Quen vulnere ditas prohibicións, a requirimento verbal dos Axentes da autoridade, deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Artigo 12. Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia. O Concello fomentará, onde non os houbera con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.
- b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- c) Limpar na area da praia ou na agua do mar os aveños de cociñar ou os recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.
- d) Dar ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral, ao servizo dos areas, un uso diferente ao que lle é propio como xogar, lavado e hixiene de animais, limpar os aveños de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou champú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 13. Presencia de animais



Concello de Vigo

1. A permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais rexerá polo establecido na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, quedando terminantemente prohibido a presenza doutros animais nos areais durante todo o ano.
2. Con carácter excepcional, e previa autorización das Administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas sempre que teñan un carácter tradicional ou sexan de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio.
3. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen. Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia considerándose que estes son os que adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos, teñan concluído o seu adestramento e adquirido así as aptitudes necesarias para o acompañamento, conducción e auxilio de persoas con diversidade funcional, debendo estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre Cans de Asistencia para Persoas con Discapacidades.
- 4.- A presenza de animais nos areais do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia rexerá polo disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 14. Dos areais saudables sen fume e cabichas

1. Co obxectivo de incentivar hábitos e contornas saudables, así como sensibilizar á poboación sobre a importancia de non deixar residuos nos espazos naturais, o órgano competente do Concello de Vigo poderá declarar determinados areais do municipio como espazos libres de fume.
2. Nos mencionados espazos o Concello poderá implementar as políticas que considere oportunas co obxecto de:
 - a) Manter ditos areais libres do fume do tabaco.
 - b) Fomentar a realización de campañas de educación e sensibilización ambiental, a prevención do tabaquismo e a protección do medio ambiente.

CAPITULO II. DA CALIDADE DA AUGA

Artigo 15. Información ao cidadá

1. Con carácter preceptivo e en relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño ou a disposición normativa que a substitúa no caso da derogación correspondente.
2. Con carácter xeral:
 - a) Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes. Neste senso, o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas de baño.
 - b) O Concello fará público os informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño, incluíndoos nos elementos de sinalización recollidos no apartado terceiro do artigo 7, na web municipal, así como a través de calquera outro medio alternativo de comunicación que se considere oportuno.

Asemade, esta información tamén estará dispoñible a través do Servizo de salvamento e socorrismo.

3. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoitar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Vigo:

a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.

b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así veña establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia, mantendo esta ata que non se comunique a desaparición do risco sanitario por dita autoridade sanitaria autonómica.

c) Adoitará as medidas necesarias para a clausura de zonas de baño, cando así veña acordada pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia.

Ditas medidas manteranse ata que sexa comunicado o acordo de reapertura da zona de baño por dita autoridade sanitaria autonómica.

TÍTULO IV. DOS EMPRAZAMENTOS DE OBRAS, ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Artigo 16. Normas xerais

1. A realización de obras, emprazamento e exercicio de actividades así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei de Costas e no seu Regulamento de desenrolo, así como na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

2. É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta Ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta Ordenanza.

3. No que respecta ás concesións, autorizacións, licenzas e demais títulos habilitantes municipais, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento.

4.- Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta Ordenanza deberán responder aos requisitos técnicos de homologación de acordo á súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

5.- Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc.

6.- Queda prohibido deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

7- Será obrigación do titular ou concesionario ter as instalacións e elementos necesarios nas debidas condicións de hixiene e seguridade. Para esa finalidade, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida selectiva e evacuación dos residuos xerados.

TÍTULO V. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO MUNICIPIO



Concello de Vigo

CAPÍTULO I.- DA VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO

Artigo 17. Servizo público de salvamento.

1. En función das necesidades dos areais, o Concello dotará a estes dun servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
2. O servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios estará formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección.
3. No servizo de salvamento e socorrismo colaborarán os efectivos de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros, así como aquelas outras entidades contratadas para actividades específicas.
4. As funcións e actividades que desenrolen as entidades contratadas para fins específicos relacionados coa asistencia e salvamento rexeranse polos correspondentes pregos de condicións que rexan o contrato administrativo, sendo estas funcións e actividades como mínimo as seguintes:
 - a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna ambiental dentro do horario estipulado nos pregos de condicións.
 - b) Ser cordial, amable e respectuoso cos bañistas.
 - c) Garantir a primeira atención sanitaria.
 - c) A procura de persoas desaparecidas.
 - d) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.
 - e) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.
 - f) Informar aos usuarios das embarcacións con motor e aos que practiquen deportes náuticos das prohibicións ou limitacións da súa práctica.
 - g) Colaborar nas labores de información a fin de manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que podan presentar perigo para os bañistas.
 - h) Colaborar e asistir, nas zonas habilitadas e cos medios humanos e materiais dispoñibles, no baño das persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco aos efectos de adoptar, no seu caso, as medidas pertinentes.
 - i) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
 - l) Poñer en coñecemento da Policía Local ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente Ordenanza aos efectos da emisión do correspondente parte de denuncia en orde a incoación do procedemento sancionador correspondente.
 - m) En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa ou prexudicial para os usuarios.

Artigo 18. Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo

1. De conformidade coa normativa de vixente aplicación, todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

2. Durante o seu exercicio profesional, o persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo contratado durante a tempada de baño deberá ir uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable polos usuarios da praia, e levará o equipamento que sexa preciso de conformidade co establecido nos pregos de condicións que rexen o contrato.

3. Os socorristas acuáticos permanecerán na súa área de responsabilidade durante a quenda establecida, non podendo exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Artigo 19. Postos de primeiros auxilios

As características da instalación e equipamento dos Postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria, podendo contar con vehículos de loxística e apoio.

CAPÍTULO II.- DA SEGURIDADE

Artigo 20. Das obrigas dos bañistas e usuarios das praias

1. O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso, recomendase non afastarse en mais de 50 metros da beira do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de Salvamento e Socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

4. Os usuarios do servizo de baño asistido deberán asumir as condicións e normas de uso do servizo, así como as recomendacións que podan realizar en todo momento os socorristas, voluntarios ou monitores encargados do servizo.

As persoas con grande dependencia deberán acudir acompañadas dunha persoa adulta.

5. Habida conta de que o baño colectivo pode implicar riscos que deben valorar con carácter previo os servizos de Salvamento e Socorrismo, no suposto do baño dun conxunto amplo de persoas que formen unha excursión –sexan os seus integrantes menores de idade ou non-deberase poñer dita circunstancia en coñecemento de ditos servizos.

6. Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella. Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixará de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo da emisión do parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

7. De xeito xenérico, prohíbese o baño e o mergullo nos canais balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.



Concello de Vigo

8. Queda prohibido lanzarse a auga do mar desde as zonas superiores dos acantilados, rocas, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas, zonas sinalizadas onde este prohibido o baño ou o acceso sexa restrinxido, zonas de fondos pouco profundos e, en xeral, calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoñan un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios. As persoas que incumpran a presente prohibición o farán baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da imposición da sanción correspondente por parte da Administración municipal previa instrución do oportuno expediente sancionador.

9. No caso da existencia de rachas de vento, a fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de Salvamento e Socorrismo, poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, paraventos, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto en chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados causando perigo para o resto de usuarios da praia.

TÍTULO VI. CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NOS AREAIS

Artigo 21. Norma xeral e exencións

1. Queda prohibido en toda a extensión da praia o estacionamento e a circulación non autorizada de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal.

2. Exímense de devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional, así como aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, talles como motos, tractores e máquinas limpapraias. Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, debendo retirarse unha vez terminado a actuación que motivou o seu acceso á praia ou zona de baño.

TÍTULO VII. ACAMPADAS NOS AREAIS

Artigo 22. Acampada e campamentos nos areais

1. Para unha mellor utilización e disfrute dos areais, só serán permitidos parasois totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras ou mesas de complemento.

2. Queda prohibido deixar instalado calquera obxecto, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, coa finalidade de ter reservado un lugar no areal.

3. Entendese como acampada a instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos polos laterais e vehículos ou remolques habitables.

4. Asimilase a acampar o feito de instalarse para durmir nos areais.

5. Queda prohibida durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e as acampadas de calquera duración de tempo nos areais.

6. Os empregados municipais ou a policía local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade. O infractor deberá facer efectiva a sanción, se é o caso, con anterioridade á retirada dos utensilios das dependencias municipais.

7. Calquera tipo de ocupación do areal, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente.

TÍTULO VIII. DA PESCA RECREATIVA

Artigo 23. Pesca recreativa costeira

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohíbese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns excepto entre as 22:00 e as 08:00 horas, ambas inclusive, co obxecto de evitar os danos que os aparellos utilizados podan causar ao resto dos usuarios.

2. Calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido quedará supeditada á ausencia de usuarios no areal. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.

3. Nos concursos de pesca desde a costa que contén con autorización dos organismos e administracións competentes, o Concello ditará as ordes oportunas para que a actividade se realice sen prexuízo de outros usos que se dean nos areais.

4. Queda prohibida a manipulación ou abandono nos areais de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca nos canais balizados de lanzamento e varada de embarcacións.

Artigo 24. Pesca recreativa submarina

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohíbese a pesca submarina.

2. Fora da zona de baño a pesca submarina poderase exercer exclusivamente con arpóns manuais ou impulsados por medios mecánicos.

3. Na práctica da pesca submarina, cada mergullador deberá marcar a súa posición mediante unha boia de sinalización claramente visible.

4. Queda prohibida a entrada e saída ao mar desde a praia aos pescadores submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou de outros instrumentos de pesca submarina que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca submarina exercida entre a posta e a saída do sol.

6. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.



Concello de Vigo

7. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia a pesca recreativa rexerá polo disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 25. Actividades de extracción

Quedan prohibidas as actividades de extracción de poliquetos, bivalvos, etc., durante todo o ano, salvo que se conte coa autorización da Consellería competente en materia de pesca.

TÍTULO IX. ACTIVIDADES NÁUTICAS

Artigo 26. Navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais

1. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán cumprir as normas establecidas polo órgano competente na materia, incluíndo as embarcacións de salvamento, rescate e policía, así como calquera outra embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

2. Nas zonas de baño, debidamente balizadas, queda prohibida a navegación deportiva e de recreo, e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela.

3. A prohibición anterior non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. Ditas embarcacións non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa. Nestes tramos, as embarcacións no poderán navegar a unha velocidade superior a tres nós, debendo adoptar todas as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

5. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, o Concello poderá establecer zonas de lanzamento ou zonas náuticas, sinalándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou a vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. O Concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela exclusivamente.

6. Queda prohibido tirar calquera tipo de residuo desde as embarcacións ao mar.

7. Na navegación e fondeo nas augas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia estarase ao disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 27. Ocupación do espazo público con aparellos de navegación.

1. Queda prohibida a ocupación do dominio público marítimo terrestre sen autorización, así como o abandono de obxectos, aparellos ou elementos como embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, motos náuticas, hamacas, remos e similares.

2. No caso de incumprir dita prohibición, a autoridade competente actuará segundo o seguinte procedemento:

- a) Levantarse acta descritiva da situación, característica do aparello, obxecto, elemento e titularidade. No caso de embarcacións matriculadas comunicarase a Capitanía Marítima.
- b) Requirirase ao infractor e/ou titular para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que no caso de incumprimento, o requirimento mesmo servirá de orden de execución da retirada inmediata, unha vez transcorridas 24 horas. En tal caso a retirada e depósito en dependencias municipais a realizará de forma subsidiaria o Concello, repercutindo os custes ocasionados ao infractor.
- c) No caso de ser imposible o requirimento, pese a ter identificado ao infractor, por non localización deste, procederase de forma cautelar á retirada, facendo constar na acta tal circunstancia.
- d) No caso de non existir medio identificador da titularidade do obxecto, aparello ou elemento, procederase a reflectir na acta tales extremos e a Administración municipal ou seus axentes da autoridade quedarán facultados para proceder á retirada cautelar dos obxectos, aparellos ou elementos antes enunciados, e o seu depósito nun recinto municipal.
- e) En todos os casos nos que non este presente o infractor ou titular no momento de procederse polo servizo municipal á retirada, procederase á publicación na forma que legalmente corresponda para o seu coñecemento.
- f) Os obxectos, aparellos ou elementos retirados poderán ser devoltos ao infractor unha vez que se acredite como lexítimo propietario e, no seu caso, teña abonado os custes ocasionados pola súa retirada.

TÍTULO X. DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTIVA NA ZONA DE BAÑO

Artigo 28. Actividades deportivas, culturais e xogos na area

1. O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso.
2. O desenrolo de actividades ou xogos (pelota, palas, volei praia, etc.) tanto na area coma na agua, poderanse realizar única e exclusivamente se non supoñen unha molestia para o resto dos usuarios ou se a dimensión do areal así o permite.

Nos areas con vexetación dunar delimitada débese gardar unha distancia con respecto ao peche de 10 m onde non se poderá realizar xogos ou actividades que a podan afectar.
3. Os usuarios poderán realizar actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que o Concello habilite para a práctica de diversos deportes, xogos infantís e xuvenís, etc.
4. As actividades de carácter deportivo, lúdico ou cultural organizadas, sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas, deberán situarse nas zonas que, polo tipo de actividade e areal, se considere tecnicamente máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade poderá ser delimitado previa autorización.
5. Está prohibida calquera tipo de publicidade mediante, carteis, vehículos, lonas, altofalantes, audiovisuais ou calquera outro medio análogo coa mesma finalidade salvo autorización expresa da autoridade competente.
6. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia estarase tamén ao disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.



Concello de Vigo

TÍTULO XI. DA VENDA AMBULANTE E OUTRAS ACTIVIDADES LUCRATIVAS

Artigo 29. Normas xerais.

1. Na venda ambulante estarase ao disposto na correspondente ordenanza municipal para o exercicio da venda fora do establecemento comercial e demais normativa sectorial de aplicación.
2. Queda prohibida a venda ambulante nos areais de calquera tipo de produto, en especial aqueles como bebidas e produtos alimenticios en xeral, cuxa normativa así o establece.
3. A prohibición anterior non terá efecto se o vendedor dispón da correspondente autorización administrativa, que deberá especificar o tipo de produto a vender, o lugar ou lugares precisos onde debe exercerse a venda, e as datas e horario en que poderá levarse a cabo.
4. Queda prohibida a realización de figuras de area que supoñan a ocupación de espazo público salvo que esta dispoña da correspondente autorización administrativa.
5. Con carácter xeral queda terminantemente prohibida a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nos areais do término municipal de Vigo sen a preceptiva autorización administrativa que corresponda por razón da materia.

TITULO XII. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS

Artigo 30. Tipificación de infraccións

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas pola presente Ordenanza como incumprimento de deberes, prohibicións, limitacións ou obrigas contidas nesta.

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Non depositar os residuos nos contedores, facéndoo directamente na area ou no mar.
- b) Tirar calquera tipo de residuo á area ou a auga, como: cabichas, restos de comidas e de froitos secos, papeis, latas, etc.
- c) O acceso con mobiliario ou elementos distintos aos específicos de uso cotiá nos areais.
- d) Abandonar nos areais restos da pesca como cebos, anzois, e demais aparellos.
- e) A estancia e baño dos usuarios/as naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- f) Non seguir as indicacións ou a sinalizacións de seguridade emanadas da autoridade competente.
- g) O uso indebido da agua das duchas, lavapes ou aseos así como asearse no mar ou no areal utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- h) Actividades e xogos de pelota, palas de praia, papaventos, discos voadores, etc., cando resulten molestos para os usuarios/as do areal.
- i) Non respectar os 10 metros de distancia con respecto a fronte dunar para a realización de calquera práctica deportiva.
- l) Non respectar os períodos e horarios establecidos para a pesca recreativa .
- m) O emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer salvo autorización expresa da autoridade competente.
- n) A evacuación fisiolóxica no mar ou nos areais.

ñ) A realización de explotación económica advertida unha soa vez de calquera natureza en calquera punto das praias ou zonas anexas con independencia da súa titularidade, entendendo por explotación económica calquera actividade pola que se perciba un prezo, con independencia da personalidade do infractor, que pode ser persoa física ou entidade xurídica con ou sen ánimo de lucro. Encádrase dentro deste tipo ou aluguer ou cesión de elementos de surf, "bodyboard", longboard, paddle surf ou similares, así como a prestación de ensinanzas destas prácticas deportivas por escolas que non contén con licenza municipal e autorización do órgano competente en materia de costas.

o) Todas as demais condutas contrarias ao preceptuado nesta Ordenanza que non teñan a cualificación de graves ou moi graves.

2. Constitúen infraccións graves:

a) A reincidencia na comisión de infraccións leves no prazo dun ano.

b) Impedir ou obstaculizar as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento desta Ordenanza así como non prestar colaboración á Administración Municipal ou aos seus axentes.

c) Realizar labores de repostaxe ou mantemento de maquinaria na area.

d) Depositar nos contedores materiais en combustión, escombros, madeiras, animais mortos, etc., así como verter líquidos nos mesmos.

e) O atraque e desatraque, varada ou permanencia de embarcacións, táboas de paddle surf, windsurf, kitesurf, motos náuticas, etc., fora das zonas sinalizadas e destinadas a tal fin.

f) A entrada e saída ao mar desde o areal de quen realiza pesca submarina co fusil cargado ou outro instrumento que atente á seguridade das persoas así como a súa manipulación no areal.

g) Abandonar no areal calquera tipo de elementos voluminosos tales como neveiras, cadeiras, parasois, etc.

h) Bañarse coa bandeira vermella izada.

i) Facer un uso indebido ou deteriorar as duchas, lavapes, aseos, contedores ou calquera mobiliario instalado no areal.

l) A falta de limpeza e hixiene no areal ou calquera conduta que comporte unha alteración medioambiental que afecte á integridade física de terceiras persoas ou a seguridade e salubridade pública.

m) Tirar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante, así como sobrantes de obras.

n) Facer barbacoas e prender fogueiras ou calquera outra fonte de calor nos areais sen autorización da Administración.

ñ) Utilización de bombonas de gas ou calquera líquido inflamable.

o) O uso de bengalas e materiais pirotécnicos, salvo emerxencias.

p) A acampada, instalar tendas de campaña, estruturas de lona ou similares.

q) A pesca con cana ou outros instrumentos destinados á pesca fora do horario permitido.

r) A práctica coas táboas deslizadoras pola beira da praia ou similares, fora das zonas habilitadas para tal fin e dentro da zona de baño.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a) A reincidencia na comisión de infraccións graves no prazo dun ano.

b) A publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, segundo establece a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, salvo autorización expresa do órgano competente.



Concello de Vigo

- c) A circulación de embarcacións, táboas de surf, paddle surf, kite surf, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
- d) O vertido e depósito de materias que podan producir contaminación e risco de accidentes.
- e) A celebración de actos públicos ou competicións deportivas organizadas nos areais sen a autorización preceptiva do órgano competente.
- f) Circular e estacionar vehículos no areal sen autorización expresa.
- g) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento nos areais do servizo públicos, en especial ao de limpeza dos areais e ao de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
- h) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización, así como impedir o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapes, aseos, etc.

CAPITULO II. SANCIÓN S

Artigo 31. Apercibimento

1. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, co fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigaón debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou no seu caso, se remita parte de denuncia á Administración competente.
2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará os anteriores no labor de informar do que establece a presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta e apercibindo ao posible infractor das responsabilidades que da súa conduta lle poden derivar.
3. Os bañistas quedan obrigados a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar os axentes da autoridade ou os membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 32. Sancións

1. As sancións pola infracción da presente Ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora que se adopte polos órganos competentes.
2. As infraccións tipificadas nesta Ordenanza, en defecto de normativa sectorial específica, serán sancionadas con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 141):
 - a) Infraccións leves: multas ata 750,00 €
 - b) Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €
 - c) Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €

Artigo 33. Graduación das sancións

Para a graduación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impor e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A graduación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia, por cometer no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

Artigo 34. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 35. Responsabilidade

Aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou aquelas que ordenen dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir dita orden.
2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta Ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se realice a infracción.
4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, exixirase a responsabilidade do pai, nai o titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, sobre o pago da sanción pecuniaria correspondente, así como da reparación dos danos.
- 5 Serán responsables os titulares das licencias ou autorizacións cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido nas mesmas, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas en la presente Ordenanza.



Concello de Vigo

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa existencia ao infractor da reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causadas, que será determinada e exixida polo órgano a que corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 36. Potestade sancionadora e órganos competentes.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

CAPÍTULO III. MEDIDAS PROVISORIAS

Artigo 37. Medidas provisionarias.

1. Iniciado o procedemento, o órgano administrativo competente para resolver poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, as medidas provisionarias que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisionaria dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionarias que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas provisionarias deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no mencionado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

3. Non se poderán adoptar medidas provisionarias que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

4. As medidas provisionarias poderán ser retiradas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando produza efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO

Artigo 38. Réxime xurídico.

Os procedementos administrativos sancionadores se tramitaran de acordo co estipulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ou as disposicións normativas que as substitúan no caso da derogación correspondente.

Artigo 39. Caducidade do procedemento sancionador

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta Ordenanza deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO

N.º	NOME DO AREAL	CATEGORÍA	TRAMO	PARROQUIA
1	A SUACASA	Natural	Único	Teis
2	O MENDE	Natural	Único	Teis
3	RÍOS RAMPA	Urbana	Único	Teis
4	RÍOS PILÓN	Urbana	Único	Teis
5	ETEA	Urbana	Único	Teis
6	A PUNTA	Urbana	Único	Teis
7	TEMOEIRAS	Urbana	Único	Teis
8	O AREÍÑO	Urbana	Único	Teis



Concello de Vigo

9	O FARO	Natural	Único	Teis
10	A LAGOA	Urbana	Único	Teis
11	A FÁBRICA	Urbana	Único	Teis
12	A MANGUIÑA	Urbana	Único	Teis
13	O ADRO	Urbana	Único	Bouzas
14	FONTOURA	Urbana	Único	Alcabre
15	O CARRIL	Urbana	Único	Alcabre
16	SANTA BAIA	Urbana	Único	Alcabre
17	O COCHO	Urbana	Único	Alcabre
18	A MOURISCA	Natural	Único	Alcabre
19	FONTES	Natural	Único	Alcabre
20	TOMBO DO GATO	Urbana	Único	Alcabre
21	A ESPEDRIGADA	Urbana	Único	Alcabre
22	O COCHO DAS DORNAS	Urbana*	Único	Alcabre
23	A ARGAZADA	Urbana*	Único	Alcabre
24	SAMIL	Urbana*	Único	Navia
25	A FOZ	Urbana*	Único	Navia/Coruxo
26	A CALZOA	Urbana	Único	Coruxo
27	O FECHIÑO	Urbana	Único	Coruxo
28	A FONTAÍÑA	Urbana	Único	Coruxo
29	O BALUARTE	Natural	Único	Coruxo
30	O VAO	Natural	Único	Coruxo
31	A AREA GRANDE TORALLA	Urbana	Único	Coruxo

32	A AREA PEQUENA TORALLA	Urbana		Coruxo
33	O SERRAL	Natural	Único	Oia
34	CANIDO	Urbana	Único	Oia
35	XUNQUEIRO	Urbana	Único	Oia
36	A SOBREIRA	Urbana	Único	Oia
37	A BURACA	Urbana	Único	Oia
38	A FURNA	Natural	Único	Oia
39	O APIO	Natural	Único	Oia
40	CANTO DE AREA	Natural	Único	Oia
41	NOVIA	Natural	Único	Oia
42	O FORTIÑÓN	Natural	Tramo 1	Oia
42	O FORTIÑÓN	Urbana	Tramo 2	Saiáns
43	O PORTIÑO	Urbana	Único	Saiáns
44	OS SEIXOS	Natural	Único	Saiáns
45	SAN MARTIÑO	Natural	Único	Illas Cíes
46	NOSA SEÑORA	Natural	Único	Illas Cíes
47	OS BOLOS	Natural	Único	Illas Cíes
48	AS RODAS	Natural	Único	Illas Cíes
49	O ALMACÉN	Natural	Único	Illas Cíes
50	A AREA PEQUENA	Natural	Único	Illas Cíes
51	A AREA GRANDE DO MUXIEIRO	Natural	Único	Illas Cíes
52	AREA DE FREIXEIROS	Natural	Único	Illas Cíes



Concello de Vigo

53	FIGUEIRAS	Natural	Único	Illas Cíes
54	AREA DO MEDIO	Natural	Único	Illas Cíes
55	A CANTAREIRA	Natural	Único	Illas Cíes
56	AS MARGARIDAS	Natural	Único	Illas Cíes

13(605).- DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS. EXPTE. 12330/446.

A Xunta de Goberno Local retira este expediente da orde do día.

14(606).- BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 36035/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/07/2020, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 06/07/2020, a Concellería-delegada da Área de Organización Municipal procedeu á incoación de expediente administrativo nos termos seguintes:

“Considerando as necesidades de persoal diplomado en traballo social, debido en gran parte a coxuntura socioeconómica xenerada pola COVID 19, que permita dar cobertura a carga de traballo existente e manifestada en numerosas ocasións polo Servizo de Benestar Social, e dado que a lista de reserva actual no dispón de candidatos en condicións de ser nomeados;

*En cumprimento do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos termos do contemplado no artigo 165 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROFRJEL; e ao abeiro das competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostento por delegación da Excm. Alcaldía, pola presente dispoño **incoar expediente administrativo para a xeneración dunha bolsa de emprego na categoría de Diplomados/as en Traballo social, subgrupo A2 de titulación**, nos termos do contemplado no marco legal vixente, dispoñendo que a referida convocatoria publicárase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na web municipal www.vigo.org e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para público e xeral coñecemento.”*

II.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



Concello de Vigo

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e actualizacións subseguintes.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houbese, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Diplomado/a en Traballo Social, subgrupo A2: Estar en posesión do título académico oficial de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP 07/06/2017), e modificacións puntais aprobadas con posterioridade.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.
- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- ***a) El personal de elección o de designación política.***
- ***b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- ***c) El personal eventual.***
- ***d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.



Concello de Vigo

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Asimesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Diplomados/as en Traballo Social, subgrupo A2 de titulación, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación de Bolsa de Emprego de Diplomados/as en traballo social, subgrupo A2, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.

Terceiro.- Habilitar expresamente á Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e

senalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excm. Alcaldía e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019.

Carto.- Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación:

-Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

-Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL (SUBGRUPO A2)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Diplomado/a en Traballo Social.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 3 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".



Concello de Vigo

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos de carácter procedimental e administrativo que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala. Durante o desenvolvemento desta proba as/os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos.

Non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios nin de dispositivos dixitais. Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a vinte (10) puntos; é necesario para superalo obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se

terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirase á Excm. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental").

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986.22.52.26 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.



Concello de Vigo

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe

xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios/as serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo ou de outras Administracións Públicas, encadrados/as no subgrupo A2 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a de carreira adscrito/a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das



Concello de Vigo

causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, os asesores/as que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexerán polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 -acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva (expediente administrativo nº 28.442/220)- cuxo apartado IV establece que:

“IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*

- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.”

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

T E M A R I O



Concello de Vigo

A) TEMARIO XERAL

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.- A Unión Europea: orixe, institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: Composición e atribucións.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 5.- Organización municipal. Competencias.

Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 7.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 8.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e formas de contrato.

Tema 10.- Procedemento de adxudicación dos contratos do sector público.

Tema 11.- Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso administrativo.

Tema 12.- Principios orzamentarios na Lei reguladora de facendas locais.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 1.- Historia e evolución do sistema de protección social en España. Estratificación, clases sociais e a súa evolución. Consecuencias sociais. Pobreza e desigualdade.

Tema 2.- Política Social e Estado de Benestar: tipoloxías de política social, modelos do Estado de Benestar e prantexamentos actuais. Servizos Sociais nos modelos actuais de benestar social.

Tema 3.- A Política Social no marco da Unión Europea: Sistema de servizos sociais nos países da UE e comparación cos servizos sociais de España. Concepto, eixes e medidas financiadas polo Fondo Social Europeo.

Tema 4.- Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 5.- Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia: Disposicións xerais. Estructura do Sistema Galego de Servizos Sociais. Catalogo de Servizos Sociais. Atribución de competencias. Calidade no Sistema Galego de Servizos Sociais.

Tema 6.- Os Servizos Sociais Comunitarios: normativa reguladora, características, funcións e programas. Servizos sociais especializados: normativa reguladora, características e funcións. Continuidade dos niveis de actuación social. Coordinación entre os dous niveis

Tema 7.- Historia Social Única. Normativa e disposicións xerais. Acceso e uso da información contida na Hª Social. Réxime sancionador.

Tema 8.- Fundamentos, principios e funcións básicas do traballo social. O traballo social no conxunto das ciencias sociais. Código Deontolóxico. Bioética.

Tema 9.- Plantexamentos metodolóxicos actuais do traballo social. Modelos máis usados no traballo social. Modelo sistémico

Tema 10.- Programación e planificación en traballo social.

Tema 11.- A avaliación dos programas e proxectos sociais no marco da atención social comunitaria. Obxectivos, métodos, técnicas e indicadores .

Tema 12.- Os sistemas de información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.

Tema 13.- Técnicas e instrumentos para a intervención en traballo social. Técnicas aplicábeis no nivel individualizado, grupal e comunitario.

Tema 14.- A investigación social cuantitativa e cualitativa. Técnicas e aplicacións en traballo social.

Tema 15.- As necesidades sociais: concepto, características e tipoloxía. Evolución e situación actual.

Tema 16.- A Seguridade Social en España. Principais características. Dimensión, financiación, problemas actuais e liñas de reforma.

Tema 17.- Prestacións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Requisitos e importes.

Tema 18.- Políticas públicas de emprego. O emprego como factor social de inclusión. Protección por desemprego. Prestacións no nivel contributivo e asistencial Réxime das prestacións. Emprego Social protexido. Empresas de inserción.

Tema 19.- Políticas de igualdade entre homes e mulleres. Normativa reguladora estatal,



Concello de Vigo

autonómica e local. Estratexias contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Tema 20.- Mulleres en situación de dificultade social. Programas, servizos e recursos no ámbito autonómico e local. Protocolo de actuación en situacións de violencia de xénero.

Tema 21.- Dependencia e Sistema Público de Servizos Sociais.A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Obxecto, finalidade, órganos do Sistema, catálogo de prestacións e servizos e niveis de protección.

Tema 22.- A atención á dependencia na CC.AA galega. Normativa pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia .Catálogo de prestacións e servizos para a dependencia na comunidade autónoma. Tema 23.- As persoas maiores. Concepto e características. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas actuacións e recursos autonómicos e municipais do Concello de Vigo para o avellentamento activo e prevención da dependencia.

Tema 24.- O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo.

Tema 25.- Marco normativo en materia de infancia e familia. Da Declaración de Dereitos Humanos ata hoxe. Evolución e cambios na sociedade.

Tema 26.- A familia e os menores:A familia como espazo de intervención social Aspectos psicosociais da infancia. Intervencións en situacións de desprotección infantil. Mediación familiar. Recursos autonómicos. Programa socioeducativo de apoio ás familias do Concello de Vigo.

Tema 27.- As persoas sen fogar. Características. Factores físicos, psicolóxicos e sociais Situación en Galicia Programas de atención ás persoas sen fogar a nivel autonómico e local. Coordinación de recursos.

Tema 28.-Adolescencia e xuventude, aspectos psicolóxicos e sociais. Actuación do traballador social. Programas e servizos a nivel autonómico e local na atención da a adolescencia e á xuventude .

Tema 29.-A intervención dos servizos sociais en situacións de urxencia e emerxencia social.

Tema 30.- A vivenda como factor de inclusión social. Situación actual, desafuzamentos e as súas consecuencias a nivel familiar e social. Políticas Públicas de vivenda, recursos estatais, autonómicos e locais neste eido.

Tema 31.- Adiccións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional.Novas adiccións Estratexia nacional sobre drogas. Plan de trastornos adictivos de Galicia. Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo. Programas municipais cara á prevención.

Tema 32.-Alcoholismo. Aspectos etiolóxicos e clínicos. .Evaluación, diagnóstico e

tratamento. O traballo social nos programas de prevención e seguimento do alcoholismo. Programas autonómicos.

Tema 33.- Discapacidade: concepto e evolución .Marco xurídico. Persoas con discapacidade física, intelectual, sensorial e por enfermidade mental. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais.

Tema 34.- A intervención con persoas con discapacidade. Recoñecemento de grao. Prestacións .Recursos e programas de atención autonómicos e locais. Emprego e persoas con discapacidade.

Tema 35.-Procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas e ingresos involuntarios. Marco xurídico.Protocolos de procedemento na comunidade autónoma de Galicia

Tema 36.-Políticas de integración e intervención social coa poboación inmigrante e refuxiada. Marco xurídico e distribución competencial interadministrativa Aspectos sociodemográficos dos movementos migratorios. Servizos e recursos específicos do concello de Vigo.

Tema 37.- A promoción da iniciativa social. As organizacións non gubernamentais e o seu papel na acción social.. O voluntariado social. Concepto. Función do voluntariado no Sistema de Servizos Sociais.

Tema 38.- Estratexias de loita contra a pobreza, desigualdade e exclusión social. Pobreza enerxética Renda de integración social de Galicia. Concepto, características e requisitos. Programas de intervención social. Itinerarios de incorporación socio laboral.

Tema 39.- Programa de traballo social de zona. Información orientación e valoración. Método e intervención en traballo social Niveis de intervención e técnicas e instrumentos utilizados

Tema 40.- Organización dos Servizos Sociais Comunitarios básicos e específicos no Concello de Vigo. Programas, servizos e prestacións.

Tema 41.- Traballo social comunitario. Definición de comunidade, e variables a ter en conta para coñecela. Concepto de traballo social comunitario e obxectivos. Traballo en rede Aplicación aos servizos sociais comunitarios.

Tema 42.- Modelos de desenvolvemento dunha comunidade. Fases de cada un deles e elementos diferenciadores. Técnicas grupais utilizadas no traballo social comunitario.

Tema 43.- Traballo social de grupo: Definición, obxectivos e finalidades do grupo. Criterios organizativos para os grupos. Procesos e fenómenos do grupo. Función do/a traballador/a social no grupo.

Tema 44.- A entrevista individual/familiar aplicada ao traballo social. A entrevista no contexto da atención social primaria e a atención social especializada.

Tema 45.- A Historia social como soporte documental na intervención social individual e familiar do/a traballador/a social. Estrutura e contidos fundamentais.



Concello de Vigo

Tema 46.- O informe social como instrumento técnico do/a traballador/a social. Concepto, estrutura e contidos fundamentais.

Tema 47.- O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. Traballo social e outras profesións relacionadas coa atención social: educador/a social, psicólogo/a, pedagogo/a, terapeutas ocupacionais, mediadores/as sociais, avogados/as nos servizos sociais Técnicas de preparación e desenvolvemento de reunións. Tema 48-Calidade nos Servizos Públicos: As cartas de servizos como instrumentos de calidade no ámbito dos Servizos Sociais autonómicos e locais.

15(607).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA ARRANXOS DE CUBERTA E MELLORAS NO EDIFICIO DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. EXPTE. 2746/341.

Visto o informe xurídico do 21/07/2020 e informe de fiscalización do 24/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2020, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 30 de abril de 2020 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento 200053108 / W429509-9453) a FUNDACIÓN MARCO ten presentado unha solicitude de subvención do Concello de Vigo, para arranxos da cuberta e melloras no edificio MARCO. A solicitude asinada polo Director da Fundación, D. Miguel Fernández-Cid Enríquez, inclúe que se realicen pagamentos anticipados sobre a subvención que se conceda. Na mesma data, a Fundación presentou un proxecto complementario (documento 200053131 /W429514-7999)

Con datas 7 e 11 de maio a Fundación Marco achega nova documentación referida á súa solicitude de subvención (docs num 200055157 / W430331-9680 e num 200056032 / W430708-9062, respectivamente)

Con data 20 de maio a Fundación Marco achega o proxecto de obra asinado polos arquitectos redactores e o recibo de ter aboado o seguro (docs num 200059702 /W432517-6883 e num 200059824 / W432594-9622, respectivamente)

O presuposto do Concello de Vigo para o exercicio económico 2020 inclúe a aplicación orzamentaria 3330.780.00.03 "Arranxos da cuberta e melloras no edificio do MARCO", cunha dotación inicial de 50.000 €, que posteriormente foi ampliada ata 120.000 € mediante o correspondente expediente de modificación de crédito (2697/341).

Con data 25.05.2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte do servizo de Museos se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 120.000 € con cargo á citada aplicación orzamentaria.

ANTECEDENTES.-

1.- Fundación Marco e Concello de Vigo.

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

2.- Concesión administrativa á Fundación MARCO do local municipal do núm. 54 da rúa do Príncipe.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 2 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local (expte 19795/240) acordou:

1º.- Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexerá a cesión administrativa de uso privativo do local municipal no núm. 54 da rúa Príncipe, consonte o texto que figura no anexo I do acordo da Xunta de Goberno local de data 15/07/2016.

2º Outorgar á Fundación MARCO a concesión administrativa do uso privativo do local municipal no núm. 54 da rúa do Príncipe, dacordo co anterior prego aprobado”.

Con data 20 de febreiro de 2017 asinouse o contrato de cesión. O período da cesión é de 10 anos e a responsable da concesión é a Xefa do Servizo das Áreas da Tenencia de Alcaldía (Cláusula I.3.)

As condicións administrativas que rexen a concesión, respecto ás obras no edificio do MARCO, entre outras, establecen o seguinte:

-Cláusula X.1.b). Manter ao seu cargo, en perfecto estado de conservación e limpeza o edificio, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ao efecto, previa autorización do Concello de Vigo, e cumprindo as disposicións hixiénico-sanitarias e de seguridade durante, o período de cesión.



Concello de Vigo

-Cláusula X.2.c) Efectuar, ao seu cargo, obras de mellora, e reforma nos inmobles e instacións, que fagan aconsellables para a mellor funcionalidade e aproveitamento do edificio, e redunde no beneficio da súa actividade. No suposto de querer executar as obras citadas, deberá presentar unha memoria explicativa e planos descriptivos da obra a realizar, que deberá ser autorizada polo Concello.

-Cláusula XI.a) O concello ostentará a facultade de control das actividades e no seu caso obras que se efectúen no inmovible, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza e isto sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.

3. Informes de supervisión de proxecto e de autorización das obras.

Con data 26 de maio solicitouse á Oficina de Supervisión de proxecto, ITO e Asis. Municipal, informe de supervisión do proxecto presentado pola Fundación Marco, sobre aprobación expresa do proxecto por órgano de goberno do Concello de Vigo, sobre trámite de licencia e de autorización por parte da responsable da concesión do uso do edificio.

O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, ITO e Asis. Municipal, con data 15 de xuño de 2020, subscribe informe que conclue:

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

O “proxecto básico e de execución para as obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo” supervisado e que consta no expediente é o que está datado o 12 de xuño de 2020 e subscrito polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

Con data 22 de xuño de 2020 a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial subscribe informe que conclue:

Conforme co exposto, tendo en conta que o uso proposto é axeitado á ordenanza 13 de aplicación, non existe inconveniente en acceder á solicitude da Fundación MARCO de autorización de obras de conservación no edificio municipal da rúa Príncipe 54, co obxecto de mellorar a súa funcionalidade e cumprir coa normativa vixente, tal como se sinalase na memoria do proxecto presentado, unha vez que consta informado favorablemente éste polo xefe da oficina municipal de supervisión de proxectos no que conclue que o uso proposto está adecuado ás ordenanzas e que as obras se adecúan á normativa actual, sendo obras tendentes ao mantemento do edificio existente.

Competencia. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local autorizar as obras proxectadas, consonte ao previsto na normativa patrimonial e de réxime local.

PROGRAMA E ORZAMENTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN:

A Fundación Marco presentou o 07-05-2020 unha memoria co informe de necesidade e o presuposto das actuacións que promoverá e que son obxecto da subvención que solicita. No edificio prodúcense filtracións de auga pola choivas, dende hai anos, que afectan de forma significativa aos espazos expositivos (patios e salas) e outras dependencias do centro; incrementándose a incidencia co paso do tempo. A actuación prevista, ademais de resolver a prexudicial incidencia directa das augas no edificio e nos bens, melloraría as condicións ambientais das obras, permitiría a redución do consumo eléctrico, evitaría danos patrimoniais a terceiros.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 121.287,16 € (cento vinteun mil douscentos oitenta e sete euros, con dazaseis céntimos), desglosado en diversos conceptos. Con data 1-07-2020 requiríuse á Fundación Marco para completar e detallar o presuposto respecto dos proxectos citados no seu documento inicial, de acordo co requerido no informe xurídico da Secretaria da Administración Local, desa mesma data.

Con data 09-07-2020 o director da Fundación Marco presenta unha emenda aos presuposto de gastos que tiña presentado e queda redactado da seguinte forma::

-Redacción de proxecto e preparación de documentación anexa: 0 euros
-Dirección de obra, que inclúe: Revisión e control das certificacións da empresa construtora. Redacción de informes de seguimento do avance das obras. Informe final de obra, elaboración do Certificado Final de Obra: 0 euros

-Coordinación de Seguridade e saúde:
Designación dun Coordinador de Seguridade e Saúde na fase de proxecto: 0 euros.
Estimación da designación dun Coordinador de Seguridade e Saúde na fase de execución: 1.400 €

- Obra de arranxo e cubertas e melloras de edificio: 119.887,16 euros
1 REPARACIÓNS CUBERTA ZINC: 18.825,18
2 REPARACIÓNS LUCERNARIOS: 37.393,96
3 REPARACIÓNS ACABADOS INT./EXT.: 9.329,52
4 CARPINTERIA E VIDRERIA 13.549,29
5 XESTIÓN DE RESIDUOS: 696,77
6 CONTROL DE CALIDADE 2.130,46
7 SEGURIDADE E SAÚDE: 1.335,57
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL: 83.260,75
13,00% Gastos xerais: 10.823,90
6,00% Beneficio industrial: 4.995,65
SUMA DE G.X. E B.I.:15.819,55
21,00% I.V.E.:20.806,86
TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA 119.887,16
TOTAL PRESUPOSTO XERAL 119.887,16
Total: 121.287,16 €

-Importe total dos gastos: **121.287,16 €**

Financiamento da actuación.-



Concello de Vigo

A Fundación Marco ten previsto o seguinte financiamento da súa actuación:

-Subvención solicitada ao Concello de Vigo: 120.000 euros (99%)

-Fondos propios da Fundación Marco: 1.287,16 euros (1%)

-Importe total do financiamento: **121.287,16 €**

A Fundación Marco declara que para ese proxecto non se teñen solicitado outras axudas ou subvencións.

ANTICIPOS.-

A Fundación MARCO, co obxecto de garantir a súa liquidez e facilitar os seus movementos de tesourería para a realización das obras, considera que se lle asignen anticipos a conta de acordo con seguinte calendario: 1. Primeiro anticipo de 60.000 € despois do acordo de concesión da XGL e co inicio das obras. 2. Segundo anticipo de 30.000 € despois de ter xustificado o gasto do primeiro anticipo. 3. Terceiro anticipo de 15.000 € despois de ter xustificado o gasto do segundo anticipo. 4. Cuarto pagamento e liquidación da subvención. Solicitar o importe restante de 15.000 € despois de ter xustificada a execución da totalidade do proxecto aprobado.

As bases 38.7 de execución do orzamento do Concello de Vigo establece:

En supostos excepcionais, tras a motivación que o xustifique, polo organo competente poderanse outorgar subvencións con xustificación diferida ata o limite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta a presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade. A segunda entrega e liquidación da mesma, esta condicionada a xustificación total do gasto, tendo en conta a aplicación a finalidade prevista como gasto elixible e a presentación da documentación xustificativa.

Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles o 50% da contía concedida pendente de xustificar.

Á vista da solicitude da Fundación MARCO, tendo en conta as súas necesidades de liquidez durante a execución da obra compriría establecer un plan de pagamentos anticipados de acordo co establecido na citada base e co detalle establecido nas obrigas da entidade beneficiaria.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Fundación MARCO, tense presentado nas datas xa indicadas a seguinte documentación relativa ao expediente de subvención:

- Solicitude de subvención asinada polo Director da Fundación, incluíndo solicitude de pagamentos anticipados sobre a subvención que se conceda.
- Declaración de conformidade de non suspensión de prazos (DA 3º RD 463/2020)
- DNI do representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos vixentes da Fundación Marco e capacidade do representante legal
- Memoria e orzamento da intervención a promover pola Fundación MARCO no edificio
- Proxecto básico e de execución para obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (abril 2020), promovidas pola Fundación MARCO, redactado polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás. Asinado con data 20 de maio de 2020. (Modificado polos redactores con data

12 de xuño, que consta no expediente e supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos)

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo (dispoñible no servizo)
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria (dispoñible no Concello)
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas solicitadas e concedidas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade FUNDACIÓN MARCO, para a realización de obras de arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da Fundación MARCO, en calidade de promotora das obras de arranxos da cuberta e melloras no edificio, a contratación das obras e dos demais elementos necesarios para a actuación no edificio de acordo co establecido na Lei 9/2017, de novembro, de Contratos do Sector Público.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a citada intervención. Non resulta posible a convocatoria pública da subvención de obras de arranxos na cuberta e melloras no edificio MARCO, xa que non as podería promover ningunha outra entidade diferente á Fundación MARCO, ao ter esta a facultade de desenvolver nese edificio a súa actividade e á vez ter a obriga de realizar o seu mantemento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-



Concello de Vigo

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO ten como obxecto financiar a realización de obras de arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), que figuran na aplicación orzamentaria 3330.780.00.03 "Arranxos da cuberta e melloras no edificio do MARCO".

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

a) Aprobar o "proxecto básico e de execución para as obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo" presentado pola Fundación MARCO, CIF: G36909885, redactado polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, revisado e asinado con data do 12 de xuño de 2020; de acordo co establecido nos seguintes informes favorables:

- O do xefe da Oficina de Supervisión de proxecto, ITO e Asis. Municipal de data 15 de xuño de 2020 que conclue:

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

- O da Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, de data 22 de xuño de 2020 que conclue:

Conforme co exposto, tendo en conta que o uso proposto é axeitado á ordenanza 13 de aplicación, non existe inconveniente en acceder á solicitude da Fundación MARCO de autorización de obras de conservación no edificio municipal da rúa Príncipe 54, co obxecto de mellorar a súa funcionalidade e cumprir coa normativa vixente, tal como se sinalase na memoria do proxecto presentado, unha vez que consta informado favorablemente éste polo xefe da oficina municipal de supervisión de proxectos no que conclue que o uso proposto está adecuado ás ordenanzas e que as obras se adecuan á normativa actual, sendo obras tendentes ao mantemento do edificio existente.

b) Autorizar a realización das obras de conservación no edificio municipal da rúa Príncipe 54, de acordo co citado proxecto básico e de execución.

SEGUNDO.- *Aprobar a concesión directa dunha subvención á FUNDACIÓN MARCO, CIF: G36909885 por importe de 120.000 € (cento vinte mil euros), para o financiamento da realización de obras promovidas por esta entidade para arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3330.780.00.03 "Arranxos da cuberta e melloras no edificio do MARCO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo. O pagamento da subvención poderá realizarse a través de pagamentos anticipados, de acordo co establecido na Base 38.7 de execucións do presuposto do Concello de Vigo e co detalle establecido nas obrigas da entidade beneficiaria.*

TERCEIRO.- *As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:*

OBRIGAS XERAIS DA FUNDACIÓN MARCO

- 1.- Executar as obras de arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54) de acordo co "proxecto básico e de execución para obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo", promovido e presentado pola Fundación Marco, subscrito polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, actualizado con data 12 de xuño de 2020.
- 2.- Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- 3.- Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- 4.- Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- 5.- Realizar as contratacións necesarias para a execución das obras de acordo cos procedementos e requisitos previstos na Lei 9/2017, de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 6.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 7.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- 8.- Comunicar á Concellería de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da



Concello de Vigo

autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

9.- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

10.- A concesión da subvención á Fundación MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

11.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións previstas, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actuación subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia); caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento da intervención subvencionada; para o que o Concello de Vigo designará ao persoal técnico (arquitecto/s) para realizar as comprobacións e inspeccións necesarias da execución das obras e emitir o informe final de aceptación das obras (con independencia da dirección facultativa das obras designada pola Fundación Marco como entidade promotora das obras).

2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (120.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias; e de acordo coas solicitudes de pagamentos anticipados da Fundación MARCO e condicións establecidas neste acordo.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

1.- O centro xestor da subvención á Fundación MARCO é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do Servizo de Museos, a quen comunicará os posibles cambios no desenvolvemento das obras, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

2.- O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas

circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

3.- Para o seguimento do execución do proxecto de obra subvencionado e dos requisitos normativos derivados dela, designaranse ao persoal técnico (arquitecto/s) para realizar as comprobacións e inspeccións necesarias durante a execución das obras o informe final, comprobación material das obras (verificación da realización da actividade subvencionada para investimentos; diferenza, se fose o caso, entre pagamentos realizados e a comprobación material) e a comprobación de valores (verificación de que o gasto subvencionado é menor que o valor de mercado, importe da diferenza, se fose o caso, entre os pagamentos e a comprobación material. (Base 38.9 de execución do presuposto)

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

A Fundación MARCO poderá solicitar pagamentos anticipados da subvención concedida, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais e dar cobertura ás súas necesidades de liquidez durante a execución das obras de acordo co seguinte plan de pagamentos anticipados:

Primeiro anticipo con xustificación diferida.- A Fundación Marco podería solicitar un primeiro anticipo de ata o 50% do importe concedido (máximo de 60.000 €), despois do acordo de concesión da XGL e co inicio das obras.

Segundo anticipo con xustificación diferida.- A Fundación Marco podería solicitar outro anticipo do 50% do importe pendente (máximo de 30.000 €) despois de ter achegado os documentos xustificativos do gasto e pagamentos do primeiro anticipo.

Terceiro anticipo con xustificación diferida.- A Fundación Marco podería solicitar outro anticipo do 50% do importe pendente (máximo de 15.000 €) despois de ter achegado os documentos xustificativos do gasto e pagamentos do segundo anticipo.

Cuarto pagamento e liquidación da xustificación da subvención.- A Fundación Marco poderá solicitar o importe restante (máximo de 15.000 €) despois de ter achegado os documentos xustificativos do gasto e pagamentos, ter presentado a liquidación da totalidade subvención ter cumpridas as condicións do acordo de concesión e de terse verificado a execución da obra polo arquitecto designado polo Concello de Vigo

O CONCELLO xestionará o pagamento á Fundación MARCO polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

GASTOS SUBVENCIÓNABLES:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados para a execución das obras de arranxos de cubertas e melloras no edificio que respondan directa e indubidablemente á natureza das obras subvencionadas, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto (como por exemplo: os honorarios profesionais correspondentes á redacción do proxecto, a dirección de obra e execución, a coordinación de seguridade, os actos previos ó proxecto como, no seu caso, a realización de estudos necesarios, etc).

En todo caso NON serán gastos subvencionables:



Concello de Vigo

Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.

Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.

Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.

Os intereses debedores das contas bancarias.

Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.

Os gastos de procedementos xudiciais.

Os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- A Fundación MARCO, beneficiaria da subvención, terá de prazo ata o 10 de novembro de 2020 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

2.1- Copia simple da licenza de obras, ou título habilitante para a realización da actuación (neste caso sería o acordo de autorización das obras pola XGL), ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

2.2.- **Certificado final de obra** asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.

2.3.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade, para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos (avaliación das obras obxecto de subvención, xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos). A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e

aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Registro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A **documentación da conta xustificativa conformada** incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos (con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe) por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), coa Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a Fundación MARCO como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003



Concello de Vigo

LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

2.4.- Outra documentación:

Relación asinada de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.

Declaración responsable

2.5.- A Fundación MARCO, coa xustificación da subvención, achegará a acreditación de ter realizado o procedemento de contratación das obras e dos outros gastos xustificadas, de acordo co establecido na LCSP.

2.6.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; para o que se requirirán informes do persoal técnico (arquitectos) que foran designados para a realización das inspeccións necesarias durante a execución das obras e o informe final de execución material das obras.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Museos emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada. Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das obras subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.-Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura; e de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPDP), así como, os dereitos dos interesados (art. 12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(608).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN”. EXPTE. 4198/443.

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/07/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de

Control Orzamentario, o xefe do servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02.03.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" a prol da empresa Soltec Ingenieros S.L (B36881415).

II.- A empresa Soltec Ingenieros S.L. presenta borrador do proxecto "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN", redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 08.04.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 09.04.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Marín, desde a intersección coa rúa Tomás Paredes hasta a intersección coa Avda. Castela. Consisten as obras a executar as que se enumeran a continuación:

- Fresado dos primeiros 5 cm de firme existente e reposición con M.B.C. en capa de rodadura AC 16 Surf 50/70. Así como o saneo do firme nas zonas máis afectadas.
- Creación de paso elevado previo a intersección da rúa Marín coa rúa do Rocío e nas interseccións peonís coa vía ciclista.
- Resanteo de todos aqueles pozos e arquetas a nivel da calzada.
- Sinalización horizontal (Marcas viais segundo MOPU 8.2-IC).

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (UN) 1 mes.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 28.05.2019 informe, indicando o seguinte:

"Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



Concello de Vigo

2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €) e data da sinatura dixital de 21 de maio de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(609).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez